



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de xuño de 2025

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de xuño de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(437).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 13 de xuño de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(438).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS. EXPTE. 18891/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/06/2025, asinado pola titular da Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1. Contencioso

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación económico-administrativa, interposta fronte á desestimación presunta por silencio administrativo, de solicitude de rectificación de autoliquidación en concepto de IIVTNU.

Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento Abreviado	Contía	Sentenza		Expedientes administrativos
			Núm.	Data	
17859/111	317/2024	818,99 €	12	17/01/2025	5968/550 39561/514
17953/111	330/2024	610,61 €	30	24/01/2025	5976/550 42138/514

As sentenzas, que son firmes, inadmiten os recursos da parte demandante e a condenan en custas co límite de 100 euros máis IVE.

As resolucións comparten a apreciación do TEAC de que a demandante non presentou reclamación de rectificación da autoliquidación . Ao non constar esas reclamacións inadmitíronse os recursos polo que non se podía considerar un silencio administrativo.

Contra as resolucións expresas do TEAC nin solicitou ampliación dos recursos nin desistiu dos procedementos, polo que se confirma en identico sentido que o do órgano municipal a procedencia da inadmisión destes recursos.

O TEAC e a Dirección de Ingresos deben coñecer o resolto.

2. Contencioso.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empresa



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación económico-administrativa, interposta fronte á desestimación presunta por silencio administrativo, de solicitude de rectificación de autoliquidación en concepto de IIVTNU.

Ref. Asesoría Xu-rídica	Procedemento Abreviado	Decreto		Expedientes administrativos
		Núm.	Data	
18068/111	351/2024	19	25/02/2025	5988/550 42177/514
17881/111	330/2024	20	25/02/2025	5977/550 42105/514
18078/111	358/2024	21	25/02/2025	5958/550 42138/514
18061/111	345/2024	22	26/02/2025	39561/514
17863/111	348/2024	23	26/02/2025	5964/550 42177/514
18006/111	324/2024	24	26/02/2025	5978/550 42138/514
17852/111	315/2024	25	27/02/2025	5991/550 42105/514

Os Decretos, firmes, acordan alzar a suspensión acordada nestes procesos, e ter por desistido ao Banco Santander nestes procesos sen imposición de custas.

O TEAC e a Dirección de Ingresos deben coñecer do resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 17609/111

Sentenza nº 66 do 18 de marzo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 228/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de imposición de multa coercitiva de 300 €

Expte(s): 22451/310

Contía: 300,00 €

Esta sentenza, firme, ditouse logo de que o Auto de 13 de febreiro de 2025 estimase o recurso de reposición interposto contra o anterior Auto de 9 de decembro de 2024 que resolveu a desistencia da actora, e retrotraese as actuacións ao instante seguinte do ditado do decreto de incoación do procedemento para a súa prosecución.

A sentenza, como xa advertía o Auto de 13 de febreiro de 2025, inadmite o recurso por incorrer na causa prevista no artigo 69.c) da LXC-A, por non ser posible a interposición do recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa do recurso de reposición ou ata que se produza a súa desestimación por silencio, e impón as custas á recorrente co límite máximo de 100 euros.

Darase traslado destas resolucións ao servizo municipal de Medio Ambiente para o seu coñecemento.

4.- Contencioso. Expediente nº 17688/111

Sentenza nº 254 do 19 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 248/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 15/07/2024 confirmatoria doutra ditada en expediente sancionador

Expte(s): 321846/280

Contía: 1.000,00 €

Sentenza, firme, desestimatoria do RCA presentado contra unha sanción de 1.000 euros e detracción de 6 puntos, por condución con resultado positivo na proba de estupefacientes ou substancias análogas.

Son dous os eixos principais sobre os que se articula a acción: uno se refire ás circunstancias nas que se produciu a denuncia, concretamente ao feito alegado consistente en que o recorrente non conducía nese momento, e outro referido á impugnación da cadea de custodia da mostra de saliva extraída.

O xulgador recolle que prevalece o manifestado pola Policía Local, mais cando o demandante non presenta proba algunha para desvirtuala, e o expediente administrativo amosa a corrección do proceso de obtención, custodia, traslado e exame, con plena correspondencia dos datos identificadores da mostra obtida, polo que o motivo impugnatorio non compromete en absoluto a validez da actuación impugnada.

Sen prexuízo do antedito, a sentenza recolle unha advertencia sobre este tipo de procedementos a ter en conta pola Administración demandada: "...no se puede someter a los conductores a la práctica de pruebas alcohométricas o de detección de sustancias psicotrópicas en el organismo, de manera prospectiva, o con fundamento en meras sospechas, más o menos infundadas, porque semejante actuación policial, sin duda de carácter invasivo, puede, debe realizarse exclusivamente cuando reglamentariamente se prevé establecido, pero nunca de manera indiscriminada, o desde el pensamiento de a ver qué sale... Si no concurren los presupuestos que legitiman para la realización de este tipo de diligencias, no pueden realizarse, ni apereibir a ningún conductor de que, en caso de su resistencia, será denunciado en esos térmi-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

nos. La Administración, los agentes de la autoridad, no están facultados para la práctica de las pruebas de detección de presencia de sustancias tóxicas en el organismo de cualquier conductor, de manera indiscriminada o aleatoria, o peor aun, bajo el paraguas de la mera sospecha de que el sujeto sea, o posea apariencia de habitual consumidor de estupefacientes".

A sentenza desestima o RCA con expresa imposición de custas ao demandante por importe de 200 euros.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Seguridade e á Recadación Executiva para o seu coñecemento.

5.- Contencioso. Expediente nº 17836/111

Sentenza nº 19 do 30 de xaneiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 275/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación económico-administrativa presentada o 09/09/2023 ante o TEA (recurso de Reposición contra embargo-dilixencia nº 504863)

Expte(s): 5892/550; 323722/280; 372262/700

Contía: 257,96 €

Sentenza desestimatoria firme do RCA interposto contra resolución do TEAL, que desestima a REA interposta contra o embargo efectuado ao demandante por importe de 257,96 euros, en concepto de multa de tráfico máis xuros. Foi rectificadada mediante Auto do 6 de febreiro de 2025.

O xulgador de instancia confirma con esta sentenza o defendido polo Concello: as notificacións relativas ao procedemento sancionador e ao procedemento recadatorio foron correctamente efectuadas. O Concello resulta obrigado a notificar no enderezo que consta nos rexistros da DXT e o demandante incumpriu a súa obriga de comunicar calquera modificación que se produza respecto a estes. En relación á prescripción, o cómputo do prazo se interrompe pola notificación efectuada da denuncia.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas, e contra a mesma non cabe interpoñer recurso.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Recadación Executiva e ao TEA para o seu coñecemento.

6.- Contencioso. Expediente nº 17980/111

Sentenza nº 51 do 31 de xaneiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 309/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo ditada o 26/08/2024
Expte(s): 388525/700, 324171/280
Contía: Indeterminada

Esta sentenza estima parcialmente o recurso interposto polo demandante, sobre inadmisión a trámite da solicitude de revisión de oficio de varios expedientes sancionadores, declarando nulas outras resolucións. Sentenza que é firme por contía.

Estímase parcialmente o recurso ao acreditarse, segundo a sentenza, que só nalgúns dos expedientes se omitiu a notificación. Son obxecto de pronunciamento outros tres expedientes, nos que non consta a notificación practicada, de modo que se lle causou indefensión ao demandante.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

7.- Contencioso. Expediente nº 18290/111

Sentenza nº 83 do 8 de abril de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 17/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do 15/11/2024 ditada pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade do Concello de Vigo no expediente administrativo
Expte(s): 326163/280, 397755/700
Contía: 900,00 €

A sentenza, que é firme, desestima o recurso interposto contra a resolución da Concelleira de Seguridade de 15/11/2024, que confirma a sanción imposta de 900 euros pola infracción moi grave de non identificación do condutor por non apreciar ningún incumprimento na actuación administrativa. Impón as custas ao recorrente co límite máximo de 200 euros.

Deben coñecer o resolto os servizos de Seguridade e de Recadación Executiva.

8.- Contencioso. Expediente nº 18553/111

Sentenza nº 98 do 29 de abril de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 107/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Materia de Seguridade e R. Executiva - Expediente sancionador.
Expte(s): 328669/280
Contía: 100,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

A sentenza firme, sen imposición de custas, desestima o recurso fronte á resolución sancionadora en materia de tráfico imposta con motivo da infracción grave: non obedecer un sinal de prohibición ou restrición (parada e estacionamento, incluídas motos na beirarrúa).

A sentenza destaca que na denuncia de tráfico non figura a expresión do precepto legal ou da norma infrinxida, e que sería aconsellable que se corrixa esta práctica, de xeito que na denuncia se reflita a infracción cometida con expresión do precepto legal que conteña a definición da antixuridicidade típica que se sanciona.

Pero a impugnación da actora se fundamenta nun aspecto de carácter formal relativo a un contido da denuncia, que non compromete a súa validez: a acción denunciada non foi discutida, quedou acreditada sobradamente polas fotografías incluídas no expediente. Non existiu quebranto dos principios da potestade sancionadora nin dos principios de seguridade xurídica, legalidade, tipicidade ou culpabilidade.

Deben coñecer o resolto os servizos de Seguridade e Mobilidade e o de Recadación Executiva.

9.- Contencioso. Expediente nº 18321/111

Sentenza nº 101 do 8 de abril de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 21/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TEA

Expte(s): 326492/280, 399045/700, 5911/550

Contía: 300,00 €

Sentenza firme que estima o RCA interposto contra o acordo do TEA que desestima a reclamación económico-administrativa formulada fronte á resolución do recurso de reposición presentado contra a providencia recadatoria dunha multa de tráfico por importe de 300 euros, por exceso de velocidade.

Fronte a dita sanción sinala a recorrente na súa demanda que non tivo coñecemento do requirimento de identificación do condutor ata que se ditou a providencia de constrinximento para o pago da cantidade de 300 euros, pola sanción de falta de identificación; que as notificacións dirixíronse a unha dirección incorrecta, pois xa comunicara un ano antes á DXT o cambio de domicilio, así como tamén variara o seu empadramento e por iso foron devoltas, aínda que constando como “ausente”. Insiste en que a publicación do requirimento de identificación por edictos realizouse incorrectamente, xerándolle indefensión.

O Concello de Vigo alegou que procedemento tramitouse na forma legal establecida e que a notificación por edictos realizouse correctamente, previo intento de notifica-

ción á dirección que figuraba como domicilio do condutor no rexistro de condutores como domicilio a efectos de notificacións, pois a solicitude da recorrente limitábase ao cambio do domicilio fiscal do vehículo, pero non ao domicilio a efectos de notificacións que constaba na DXT.

A xulgadora recolle na sentenza que ante a petición da recorrente, a DXT debeu de modificar tamén o domicilio da recorrente que constaba nos rexistros, ou polo menos, consultarlle se tamén quería cambiar o domicilio que constaba a efectos de notificacións, non podendo sufrir a recorrente as consecuencias negativas derivadas da devandita inactividade da DXT cando ela cumpriu debidamente coa súa deber de comunicar o cambio de domicilio. Recolle tamén que ante a imposibilidade de notificar no enderezo indicado pola DXT, o Concello debería terlle notificado no enderezo do padrón municipal.

A sentenza anula todas as resolucións indicadas pola recorrente relativa ao procedemento recadatorio e condena ao Concello á devolución da cantidade recadada, así como ao pagamento das custas procesuais por importe de 100 euros mais IVE.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Recadación Executiva e ao TEA para o seu coñecemento e efectos.

10.- Contencioso. Expediente nº 17674/111

Sentenza nº 251 do 19 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 246/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos por vehículo ao caerlle unha árbore

Expte(s): 7092/243

Contía: 3.603,43 €

Sentenza desestimatoria do RCA presentado fronte á desestimación presunta da RPA presentada ante o Concello de Vigo na que reclamaba unha indemnización de 3.229,69 euros, mailos xuros devengados dende a presentación de dita reclamación (interesado) maila suma de 373,74 euros (aseguradora) polos danos padecidos no seu vehículo ao caerlle unha árbore.

O Concello opúxose con remisión ás prevencións do RD 300/2004, de 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do seguro de riscos extraordinarios (art. 2.1.e), xa que o día dos feitos existiron fortes ventos, do mesmo xeito que constatou a empresa adxudicataria do contrato de mantemento de zonas verdes municipal mediante informe expreso ao que se refire a sentenza.

O xulgador entende que unha reclamación deste tipo non pode prosperar xa que non existe relación de causalidade entre un funcionamento anormal/normal da Adminis-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

tracción e o resultado lesivo. Non resulta probada que a caída da árbore se producira por un mal mantemento municipal de dita árbore, polo que o RCA é desestimado, sen expresa imposición de custas.

Esta sentenza foi rectificada mediante Auto do 30 de xaneiro de 2025, no relativo á referencia que se fai na mesma sobre o alegato municipal a unha forza maior que non se producira no acto da vista. Polo que a sentenza foi rectificada neste extremo, manténdose nos mesmos termos o seu pronunciamento desestimatorio.

Contra esta sentenza non cabe recurso de apelación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

11.- Contencioso. Expediente nº 17983/111

Auto nº 8 do 23 de xaneiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 320/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de RPA polos danos ocasionados a vehículo ao ser golpeado con un contedor de lixo cando se atopaba estacionado

Expte(s): 7367/243

A resolución que se comunica, firme, remata o procedemento por satisfacción extra-procesual do demandante.

O expediente remitido para axuizamento recolle a tramitación dunha responsabilidade patrimonial da Administración polos danos causados nun vehículo por un contedor de lixo.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 17949/111

Sentenza nº 47 do 31 de xaneiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 298/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos por vehículo ao colisionar contra un banco ornamental

Expte(s): 7403/243

Contía: 1.396,33 euros

Sentenza firme que estima parcialmente o RCA presentado polas recorrentes (titular do vehículo e aseguradora) contra a desestimación, por silencio, da RPA presentada

ante o Concello, na que reclaman unha indemnización de 1.396,33 euros, en concepto de danos padecidos no seu vehículo ao ter colisionado cun banco ornamental sito no cruce das rúas María Auxiliadora e Ronda de Don Bosco.

A parte demandante alegou a falta de visibilidade de dito banco, sito na zona de manobra, debido á súa baixa altura e material e color idénticos aos do solo.

O Concello de Vigo contestou á demanda expoñendo que non existe nexo causal entre o dano do vehículo e o funcionamento da Administración xa que ningunha norma infrinxiu o Concello ao colocar o banco no devandito lugar, pois había espazo suficiente para manobrar sen golpealo, e os danos producíronse como consecuencia da falta de dilixencia da condutora.

A xulgadora comparte as conclusións da parte actora recollendo a sentenza que as condicións nas que se colocou o banco non foron as axeitadas para garantir a seguridade da vía, e que a perigosidade do banco é confirmada polo parte da Policía Local da mesma data, existindo así nexo de causalidade entre a actuación municipal e o dano padecido pola parte demandante.

A estimación do recurso é parcial, en relación á cantidade reclamada, recoñecendo a sentenza que dita responsabilidade vaise mitigar nun 50% considerándose a concorrencia de culpa na conductora, xa que non conduciu con toda a dilixencia e prudencia, xa que de facelo ben, e manobrase correctamente dentro do espazo existente sen acercarse ao espazo reservado á beirarrúa, non se houbesen producido os danos. Consecuentemente limita a cantidade a indemnizar en 698,17 euros.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas, e condena ao Concello de Vigo ao pagamento de 698,17 euros incrementada co Índice de Garantía de Competitividade dende a data de presentación da reclamación na vía administrativa, a repartir nun 50% a cada recorrente, correspondendo 70 euros á condutora do vehículo e 628,17 euros á aseguradora.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 18362/111

Auto nº 47 do 3 de abril de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 33/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: RPA - Silencio administrativo.

Expte(s): 7457/243



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

O Auto, ao terse satisfeito a pretensión indemnizatoria por responsabilidade patrimonial na vía administrativa, declara rematado o procedemento por satisfacción extra-procesual.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

14.- Contencioso. Expediente nº 16938/111

Sentenza nº 100 do 8 de abril de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 42/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de recurso de reposición formulado contra resolución do 07/12/2022 desestimatoria de reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dun accidente de circulación ocorrido no túnel das Avenidas

Expte(s): 6336/243

Contía: 35.382,67 €

Sentenza firme pola que se desestima o RCA presentado polo recorrente contra a desestimación, por silencio, do recurso de reposición presentado fronte á resolución municipal de data 07/12/2022, desestimatoria da reclamación indemnizatoria formulada ante o Concello de Vigo polas lesións e danos derivados dun accidente de circulación acaecido o 21/09/2020, no túnel das Avenidas de Vigo, coa súa motocicleta, e na que solicitaba ao Concello unha indemnización de 35.382,67 euros; máis xuros e custas.

Alega o recorrente na súa demanda, en síntese, que cando conducía a súa motocicleta, no referido lugar e data, perdeu o control do vehículo, saíndose da vía e chocando contra o bordillo da calzada e a parede do túnel, como consecuencia da existencia de substancias deslizantes na calzada (aceite ou similar). Alega que o accidente se produciu polo mal estado de conservación e mantemento da vía ao atoparse impregnada dunha mancha de substancia oleosa, probablemente un aceite de peixe derramado por algún camiión, sen sinalizar. Impútalle a culpa do sinistro á Administración demandada, por non manter a calzada en adecuadas condicións de seguridade e mantemento.

O Concello de Vigo e as codemandadas FCC Medio Ambiente SAU e Allianz sinalaron na súa alegación de contestación, en resumo, que o actor non demostrou a existencia de nexo causal entre o sinistro e o funcionamento da Administración municipal. A mancha de gasóil ou aceite produciuse en todo caso por un terceiro, e nun momento inmediatamente anterior ao do accidente. A estrada achábase correctamente vixiada e conservada, limpándose semanalmente, o que constitúe unha periodicidade adecuada tal e como establece o prego regulador do contrato. Non se pro-

duciron máis accidentes pola mesma causa na devandita data, nin avisos previos para a limpeza da calzada.

A xulgadora recolle na sentenza que respecto do concreto suposto das reclamacións indemnizadoras derivadas de accidentes de tráfico causados por existencia de substancias deslizantes na calzada, a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estableceu un criterio restritivo sobre casos idénticos a este concluíndo que a responsabilidade do sinistro é imputable, en primeiro termo, ao terceiro que verteu a substancia e a Administración só será responsable se unha vez detectada a mancha non procede á súa inmediata sinalización ou limpeza, trasladándosele ao recorrente a carga de acreditar que aquela incumpriu a súa deber de vixilancia e conservación da estrada, atendendo á natureza urbana ou non do via-rio, así como ao lapso de tempo que transcorra entre a vertedura de a substancia ou fallo do pavimento e a súa detección, sinalización e limpeza. Da valoración conxunta da proba practicada (expediente, informes municipais e da contratista do servizo de limpeza, declaración dos operarios de FCC e da xefatura do servizo de limpeza, declaración de testemuñas que presenciaron o accidente) conclúese tamén que non se probou a existencia de nexo causal entre o accidente en cuestión e o funcionamento da Administración demandada.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución á xefatura do servizo de Limpeza do Concello de Vigo e ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

15.- Contencioso. Expediente nº 17504/111

Sentenza nº 134 do 28 de marzo de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7180/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Apelación do auto nº 45/2024 de 10/06/2024 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 316/2023 (expediente nº 16423/111)

Obxecto do recurso de orixe: Acordos da XGL do Concello de Vigo do 21/07/2023 de resolución dos recursos interpostos no procedemento de contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023

Expte(s): 9713/335

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, resolve desestimando o recurso das dúas sociedades recorrentes por mor da inadmisión do recurso contencioso-administrativo dunha delas contra os acordos municipais relativos á tramitación dun procedemento de contratación dun patrocinio publicitario.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

A sentenza delimita claramente que o tipo de procedemento foi o de patrocinio publicitario, e a relación xurídica co Concello de Vigo, unicamente de Sweet Nocturna e non de Live Nation, quen pretendía que se lle recoñecese a lexitimación. Tampouco foi a destinataria dos acordos municipais.

Non se presentou como licitadora nin tampouco como competidora de Sweet Nocturna -que resultou excluída do procedemento-, negando calquera dereito ou expectativa a Live Nation.

Os servizos de Contratación e Festas deben coñecer do resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 17764/111

Sentenza nº 93 do 22 de abril de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 267/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 08/07/2024, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 04/06/2024 que acordou a baixa na Escola Municipal de Artes e Oficios.

Expte(s): 1657/613

Contía: Indeterminada

Sentenza desestimatoria do RCA interposto por unha antiga alumna da EMAO, contra a resolución municipal de baixa da escola.

Os motivos da baixa acordada pola dirección do centro foi o comportamento da alumna.

A demandante alega indefensión ante a ausencia de trámite de audiencia no procedemento tramitado e ausencia de motivación da resolución adoptada.

Ao acto da vista foron a declarar a xefatura de Estudos, a profesora, e dous alumnas compañeiras da demandante, que constataron os feitos informados no seu día polos responsables municipais. A defensa municipal baseouse nestas declaracións así como na posibilidade de defensa da actora nos momentos no que foi chamada polo centro para que cesara no seu comportamento, e co recurso de reposición presentado contra dita resolución tivo posibilidade de defensa.

A sentenza recolle que "Con el escenario que resulta acreditado a partir de la prueba practicada, lo que es de extrañar es que la actuación impugnada, baja de la recurrente, no se hubiese acordado antes y se hubiese aguantado casi hasta el final del curso. Acierta plenamente la resolución del recurso de reposición al resumir la motivación de la decisión combatida" e recolle tamén que, en relación á motivación "la resolución cumple la exigencia del art. 35.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del

Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (en adelante, LPAC), desde el momento en que expresa la causa que motiva la baja de la alumna" e que " la razón material la conoce sobradamente porque así lo pone de manifiesto la prueba existente, la testifical practicada en el juicio, los informes del personal integrante de la EMAO que obran en el expediente administrativo". Por último que "no hay vicio invalidante porque no hubo indefensión material".

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas, e contra a mesma cabe interpoñer recurso de apelación.

Darase traslado desta resolución á xefatura do servizo de Educación e á dirección da EMAO, para o seu coñecemento.

17.- Contencioso. Expediente nº 17293/111

Decreto nº 32 do 12 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 138/2024

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Acordos da XGL do Concello de Vigo de datas 15/03/2024, 22/03/2024 e 20/10/2023 (Aprobación, corrección de erros e aprobación criterios xerais, convocatoria e bases reitoras do concurso específico de traslados dos postos de traballo dos subgrupos A1 e A2)

Expte(s): 41702/220

Esta resolución, firme, acorda a desistencia do demandante, declarando o remate do procedemento e o seu arquivo.

A parte demandante é o sindicato CCOO, e os actos impugnados, todos eles relacionados coa aprobación dos criterios xerais, convocatoria e bases do concurso específico dos postos de traballo A1 e A2.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 17694/111

Sentenza nº 104 do 19 de febreiro de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 389/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Apelación da sentenza nº 147/2024 de 02/09/2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 54/2024 (expediente 16985/111)

Obxecto do recurso de orixe: Acordo da XGL do 26/01/2024 que desestima o recurso de alzada formulado contra acordos do órgano de selección e resolución da reclamación previa presentada ao primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Mestre de Pintura

Expte(s): 41031/220, 43160/220



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Contía: Indeterminada

A sentenza firme ditada pola Sala do TSXG desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza ditada na instancia, con relación ao procedemento selectivo da praza de mestre de pintura.

A Sala confirma a correcta valoración da proba e a actuación do órgano de selección en canto á valoración dos exercicios do proceso de selección. A este respecto, a aplicación dos criterios das bases foi coherente coas mesmas, e a valoración das persoas integrantes do órgano, motivada.

Tamén tivo resposta o recurso e os escritos presentados pola demandante na vía administrativa. A Sala tamén se pronuncia sobre a gravación efectuada sen autorización por parte da demandante, sinalando que non se axusta á normativa en materia de protección de datos, e reprochando que se pretendese aportar como unha proba válida.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 16065/111

Decreto do 17 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Execución definitiva: 43/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)

Contía: Indeterminada

Esta resolución, firme, acorda ter por desistido ao demandante da solicitude de execución da sentenza estimatoria e archivar o procedemento.

O executante pertence ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento. O obxecto do recurso era o importe da hora de traballo en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios, e consta aportado ao Xulgado con carácter previo á desistencia, un informe de valoración por importe de 4.342,07 euros máis 988,02 euros de xuros en favor do executante.

A área de Recursos Humanos e Formación e o SPEIS deben coñecer do resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 16084/111

Sentenzas nº 139/2025 e nº 163/2025 de 3 de marzo de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recursos de apelación: 395/2024, 406/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Apelación de autos ditados polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo na Execución Definitiva nº 50/2023

Obxecto do recurso de orixe: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de cantidades por horas extraordinarias

Contía: Indeterminada

A sentenza 139/2025, firme, desestima o recurso de apelación contra o auto de 31/07/2023 aclarado polo auto de 2/10/2023 ditado no procedemento de Execución Provisional 50/2023 do PO 233/2020 do XCA 2 de Vigo, sen imposición de custas.

A sala recorda que xa en outros supostos resolveu similares alegacións e concluíu que a formula que debe aplicarse é a contida na regra 3ª da D.T.6ª coa introdución da corrección relativa á inclusión das pagas extraordinarias.

En canto ao alcance da execución debe acotarse ao período comprendido dende novembro de 2015 ata agosto 2020, sen prexuízo de que o executante poida na execución definitiva solicitar as horas de reforzo realizadas polo executante fora dese período.

A sentenza 163/2025, firme, desestima o recurso de apelación contra o auto de 23/11/2023 aclarado por auto de 1/02/2024 tamén ditados no procedemento de Execución Provisional 50/2023 do XCA 2 de Vigo, en relación coa nova alegación solicitando que no caso de manterse a aplicación da fórmula, se utilice como base cálculo os días efectivamente traballados no mes de que se trate e non os 30 días do mes.

Esta sentenza tampouco efectúa condena en custas dadas as incidencias que se sucederon no curso da execución provisional examinada e as serias dúbidas que a determinación do cálculo comportaba.

Debe coñecer o resolto a área de Recursos Humanos e Formación.

21.- Contencioso. Expediente nº 16732/111

Providencia do 12 de marzo de 2025

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de casación: 6479/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Sentenza nº 339/2024 de 07/05/2024 do TSXG, Sala C-A, Sec. 1ª, ditada en Recurso de apelación nº 81/2024 contra Auto de 16/11/2023 ditado polo XC-A nº de Vigo na Execución Provisional nº 48/2023 (expediente 16071/111)

Obxecto do recurso de orixe: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de cantidades por horas extraordinarias

Contía: Indeterminada

A Providencia ditada pola Sala do TS acorda a inadmisión con carácter firme -pola súa irrecurribilidade-, do recurso de casación promovido polo demandante, funcionario do SPEIS no marco do procedemento de execución provisional da sentenza dita polo órgano de instancia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Rexéitase o recurso porque non se formula cuestión algunha necesitada de interpretación por parte do Tribunal Supremo, entendendo como algo casuístico o exposto polo recorrente, sendo as cuestións que se someten a consideración extremos xa resoltos por instancias inferiores.

Confirma por tanto a resolución ditada polo TSXG que pola súa vez valida o Auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo.

Impóñenselle ao recorrente as custas nun importe limitado de 1.000 euros.

22.- Contencioso. Expediente nº 17158/111

Sentenza nº 216 do 26 de marzo de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 236/2024

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Apelación de sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 363/2023 (expte. 16709/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución do Concello de Vigo 28/09/2023 desestimatoria da compensación económica das vacacións non disfrutadas correspondentes aos anos 2021 e 2022

Expte(s): 40901/220

Contía: 4.458,76 €

A sentenza, firme, estima parcialmente o recurso de apelación interposto polo Concello contra a sentenza 65/24 de 27 de marzo de 2024 do XCA 1 de Vigo, nos seguintes termos:

- Revoca o pronunciamento relativo a que "en relación coas horas de reforzo o Concello deberá ditar nova resolución na que motive adecuadamente a decisión que adopte", toda vez que esta cuestión non constituíu o obxecto deste proceso (na resolución non se inclúe dita cuestión que se segue noutro expediente distinto).

- Declara como xa se fixera na resolución de instancia o dereito do demandante a que se lle abone a cantidade de 1.418,76 euros en concepto dos 14 días de vacacións devengadas e non disfrutadas correspondentes aos anos 2021, 2022, cos xuros establecidos na lei de xurisdición. Sen custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de RRHH e Formación.

23.- Contencioso. Expediente nº 17845/111

Sentenza nº 23 do 4 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 284/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación en concepto de indemnización derivada das lesións sufridas en acto de servizo como axente da Policía Local

Expte(s): 43294/220

Contía: 2.814,00 €

Sentenza (firme) pola que se estima o RCA presentado contra a desestimación por silencio da reclamación da demandante ao Concello, para que lle indemnizase polos danos e prexuízos materiais padecidos (lesións) en acto de servizo (Policía Local) e por insolvencia do responsable directo, condenado penalmente. Reclama a cantidade de 2.814 euros mailo xuro legal dende a reclamación ata o pago.

A sentenza recolle que "una reclamación como la que se ejercita debe ser atendida cuando una sentencia penal firme, como es el caso, establece que el agente policial ha sufrido menoscabo con ocasión del legítimo desempeño de sus funciones, por lo que tiene derecho a ser resarcido de los daños y perjuicios que se le hubieran causado. La legitimación pasiva de la demandada es de naturaleza subsidiaria, nace con la insolvencia del principal responsable, el reo al que la sentencia señaló como obligado a resarcir el daño."

No fallo da sentenza respecto ao reo, estableceuse na súa condena a indemnización de 2.814 euros, e obra nas actuacións o decreto de insolvencia do condenado.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas, e contra a mesma non cabe interpoñer recurso.

Darase traslado do resolto á Área de RRHH e ao servizo de Seguridade e Policía Local, para o seu coñecemento.

24.- Contencioso. Expediente nº 17837/111

Sentenza nº 242 do 18 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 278/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación das retribucións complementarias do posto de traballo desenvolvido no período de prácticas como policía.

Expte(s): 44645/220

Contía: Indeterminada

Sentenza pola que se estima o RCA interposto pola recorrente contra a resolución municipal denegatoria do pago dos complementos específico e de destino correspondentes ao período de prácticas como funcionaria en prácticas da Policía Local



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

entre o 24 de xuño de 2023 ao 24 de setembro de 2023, e ao período posesorio que se estende do 13 de decembro de 2023 ata o 17 de xaneiro de 2024, por un total de 6.919,94 euros.

Alega a recorrente que no seu período de prácticas realizou as mesmas funcións que as correspondentes ao posto de traballo dun/ha funcionario/a de carreira da Policía Local do grupo.

Fronte a isto o Concello de Vigo opúxose á demanda incidindo en que durante o referido período de prácticas a recorrente tivo que ser asistida e supervisada en todo momento por unha patrulla de dous compañeiros veteranos (funcionarios de carreira); que a demandante non podía levar a arma regulamentaria; así como que o uniforme tampouco era exactamente igual que o dos/as funcionarios/as de carreira; e que a recorrente percibiu neste tempo a remuneración correcta como funcionaria en prácticas (soldo base e pagas extraordinarias) conforme ao RD 456/1986, modificado por RD 213/2003.

A xulgadora toma como punto de partida a situación experimentada con las anteriores promocións de policía locais en prácticas no Concello de Vigo, e entende que si desenvolveron as mesmas funcións que os funcionarios de carreira. Fundamenta tamén o fallo en que da declaración do Xefe da Policía Local se desprende que non é suficiente para considerar que esta promoción se atopa nunha situación distinta ás promocións anteriores, xa que nas anteriores tampouco portaban arma e desenvolvían tamén actuacións de patrulla, na súa maioría, de xeito supervisado. Conclúe que neste tempo de prácticas "desarrollaban verdaderas funciones de trabajo" e que "la situación de estos agentes debe considerarse asimilable a los de las promociones anteriores, respecto de los cuales, el Concello de Vigo se encuentra en trámites de reconocerles las remuneraciones reclamadas en este procedimiento".

O Concello de Vigo cuestionou tamén a cantidade reclamada á vista do informe emitido polo servizo de RRHH, polo que a condena non determina unha cantidade concreta, senón que condena ao Concello de Vigo "a abonar al demandante la cantidad correspondiente a dichos complementos por los periodos indicados, más los intereses legales desde la fecha en que debió realizarse el pago".

Con expresa imposición de custas co límite de 150 euros + IVE.

Contra dita sentenza interpúxose recurso de apelación, que foi estimado (*ver apartado 25*).

Darase traslado desta resolución ao servizo de Recursos Humanos e Formación, á xefatura da Policía Local e do servizo de Seguridade, así como á Concelleira competente.

25. Contencioso.

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recursos de apelación
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Apelación de sentenzas ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Obxecto dos recursos de orixe: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación das retribucións complementarias do posto de traballo desenvolvido en período de prácticas como Policía Local.
Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Recurso apelación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento orixe	Expediente administrativo
17910/111	27/2025	224	02/04/2025	PA 204/2024	43938/220
17914/111	26/2025	232	02/04/2025	PA 205/2024	43911/220
17915/111	31/2025	250	09/04/2025	PA 211/2024	43923/220
17912/111	52/2025	264	23/04/2025	PA 210/2024	43907/220
18241/111	103/2025	289	30/04/2025	PA 278/2024	44645/220

Sentenzas do TSXG polas que se estiman as apelacións do Concello de Vigo contra as sentenzas do XCA núm. 1 de Vigo pola que se recoñecía o abono dos complementos específico e de destino correspondentes a funcionarios de carreira durante o período de prácticas do 24 de xuño de 2023 ao 24 de setembro de 2023, así como ao período posesorio que se estende do 13 de decembro de 2023 ata o 18 de xaneiro de 2024.

As sentenzas aceptan os motivos de apelación municipais, recollendo que durante o período a que se refiren as reclamacións, os funcionarios completaron a súa formación e facilitouse a aprendizaxe das labores dun policía local, pero sen asumir as responsabilidades nin ter que cumprir os deberes destes, e precisamente por iso non portaban a arma regulamentaria e vestían un uniforme diferente, polo que non se pode afirmar que nese tempo desempeñasen un posto de traballo. Igualmente quedou acreditada a diferenza co ocorrido en períodos anteriores, tal como se reflicte no informe de setembro de 2024 e o declarado polo xefe da Policía Local.

Por último as sentenzas conclúen que só corresponde aos funcionarios de carreira o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas, e que toda a proba practicada evidencia, pois, que os demandantes non desempeñaron un posto de traballo durante o período de prácticas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

As sentenzas non fan pronunciamento especial sobre as custas desta segunda instancia, e recollen que a revogación que se acorda debe de estenderse así mesmo ás custas de primeira instancia, respecto ás que tampouco se fará especial pronunciamento. Contra as mesmas cabe interpoñer recurso de casación.

Darase traslado destas resolucións á xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, á Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, así como á xefatura da Policía Local, para o seu coñecemento.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional social

1. Social.

TSX Galicia, Sala do Social

Recursos de suplicación

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Sentenzas ditadas por Xulgados do Social de Vigo

Obxecto dos recursos de orixe: Recoñecemento de dereito e cantidades correspondente ao incentivo á xubilación anticipada

Contía: 3.600,00 €

Ref. Asesoría Xurídica	Recurso suplicación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento orixe
16314/111	5817/2023	639	06/02/2025	PO 731/2022 XS-6 Vigo
16884/111	1687/2024	983	20/02/2025	PO 848/2022 XS-5 Vigo

Estas sentenzas son firmes, estimando os recursos de suplicación interpostos polos demandantes contra as sentenzas ditadas na instancia que desestimaron as súas demandas. Pretendían o recoñecemento do dereito ao abono do incentivo á xubilación recollido no convenio colectivo do Concello de Vigo.

As sentenzas citan outros precedentes da mesma Sala e o criterio relativo a que se está perante unha mellora social, e non unha retribución, polo que conclúen estimando o recurso.

Acóllese na súa literalidade o contido do convenio, sen considerar que vulnere norma legal algunha, e condenando ao abono de 3.600 € en concepto de incentivo á xubilación.

A área de RRHH e Formación do Concello de Vigo debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

2.- Social. Expediente nº 16807/111

Sentenza nº 70 do 25 de febreiro de 2025

Xulgado do Social nº 7 de Vigo

Ordinario: 987/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades por realizar funcións de superior categoría como Oficial de Instalacións Deportivas

Sentenza firme estimatoria da demanda interposta por un traballador municipal, persoal laboral-axudante de mantemento do servizo de Deportes, pola que reclama 754,80 euros mailos xuros por mora correspondentes, pola realización de funcións relativas a un posto de traballo de superior categoría-oficial de instalacións.

A demanda foi estimada por canto se recoñeceron os feitos no acto do xuízo e o adebedamento reclamado.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Deportes e á Área de Recursos Humanos e Formación para o seu coñecemento.

3.- Social. Expediente nº 16834/111

Sentenza nº 142 do 24 de marzo de 2025

Xulgado do Social nº 5 de Vigo

Ordinario: 996/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades en concepto de produtividade por realizar funcións que non corresponden coa súa categoría profesional.

Sentenza firme estimatoria da demanda dunha traballadora municipal, persoal laboral, oficial de instalacións, pola que reclama 872,61 euros en concepto de tarefas realizadas no período 01/12/2021 -30/11/2022 relativas a un posto de superior categoría-funcións administrativas.

O devengo de dita cantidade ven recoñecido por resolución expresa municipal de agosto de 2024, polo que o xulgador entende que debe estimarse a súa instancia xudicial, condenando ao Concello de Vigo ao abono desa prestación mailo 10% en cómputo anual por xuros de demora.

Sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Deportes e á xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación para o seu coñecemento e efectos.

4.- Social. Expediente nº 18391/111

Sentenza nº 165 do 21 de abril de 2025



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 109/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: En materia de contías (Axudante Mantemento IMD)

Expte(s): 45897/220, 44666/220, 44238/220

Sentenza (recorrida en suplicación) pola que se estima a demanda dunha traballadora municipal, axudante de mantemento de instalacións deportivas, pola que reclamaba do Concello 4.236,96 euros en concepto de produtividade, pola realización de funcións de superior categoría (oficial de instalacións), durante o ano 2024.

Alega a demandante que lle foron asignadas as funcións correspondentes ao posto de traballo de oficial, que efectivamente foron realizadas.

O xulgador estima a demanda ao entender que a realización de funcións deriva "del propio nombramiento, de los cuadrantes de servicio y de la testifical del superior que declaró que la demandante vino realizando dichas funciones desde que fue nombrada para ello e incluso durante años antes como resulta de otras sentencias de Juzgados de esta misma ciudad". A sentenza recolle que non cabe deducir os días nos que a traballadora non realizou as funcións de maneira efectiva (permisos e vacacións) porque "la retribución de estos días como las de fines de semana y festivos se genera precisamente por haber trabajado los demás días y si a alguien se le designa para un puesto y realiza sus funciones de forma regular, debe percibir las retribuciones de ese puesto tanto en los días laborables como en el resto".

Estímase a demanda e condénase ao Concello de Vigo ao abono á traballadora á cantidade de 4.236,96 euros, así como un xuro por mora do 10% anual. Sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución á xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación e do servizo de Deportes para o seu coñecemento.

5.- Social. Expediente nº 17567/111

Decreto nº 51 do 6 de febreiro de 2025

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 687/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereito e reclamación de cantidades.

O decreto acorda o arquivo do procedemento por mor da súa terminación ao desistir a actora da súa demanda.

Pretendíase o recoñecemento do dereito ao abono dunhas cantidades en concepto de nocturnidade e festividade naquelas situacións nas que a traballadora se atope en situación de incapacidade temporal, etc.

Trátase dunha cuestión xa resolta noutras ocasións polos diferentes Xulgados do Social con resultado sempre estimatorio en favor da persoa traballadora.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

6.- Social. Expediente nº 17708/111

Decreto nº 178 do 15 de abril de 2025
Xulgado do Social nº 4 de Vigo
Ordinario: 741/2024
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Reclamación de cantidades dos complementos de nocturnidade e festividade nos períodos de vacacións, permisos e IT.

Esta resolución acorda a desistencia do actor da demanda inicialmente presentada, e con ela, o arquivo do procedemento.
O actor é empregado público adscrito ao servizo de Deportes, e reclamaba unha cantidade en concepto de complemento de produtividade pola realización de horas festivas e nocturnas durante os períodos de vacacións, permisos, etc.

A área de RRHH e Formación e o servizo de Deportes deben coñecer do resolto.

7.- Social.

Xulgado do Social nº 3 de Vigo
Ordinarios
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: En materia de recoñecemento de dereito e cantidades

Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento Ordinario	Núm. Decreto	Data Decreto
17295/111	443/2024	68	14/02/2025
17304/111	436/2024	70	14/02/2025

O decreto que se comunica acorda a terminación do procedemento por desistencia do demandante da súa acción, e o arquivo do mesmo.

Na demanda se dirixía contra Correo Inteligente Postal S.L. e Servicios de Colaboración Integral S.L.U., ademais doutras entidades.

A área de Recursos Humanos e Formación debe coñecer do resolto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

C) Resolucións ditadas na orde xurisdiccional civil

1.- Civil. Expediente nº 14839/111

Sentenza nº 180 do 1 de abril de 2025

Xulgado de Primeira Instancia nº 10 de Vigo

Ordinario: 1055/2021

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Declarativa de dominio de monte veciñal Gorxal

Esta sentenza desestima a demanda da Comunidade de Montes Veciñais de Cabral e impónlle as custas do procedemento á parte demandante.

Exércese unha acción declarativa de dominio con relación ao Monte Gorxal, por medio da cal se pretendía a declaración da titularidade do terreo. Da valoración da proba resulta que fundar a acción na documentación histórica non é admisible, posto que se trataba de propostas, non de documentos en firme, e existen discrepancias na superficie moi notables.

Con cita de pronunciamentos sobre esta materia doutros órganos, e especialmente do TSXG, conclúese tamén por parte do perito xudicial que non se acredita que a parcela sexa titularidade da comunidade de montes. Tampouco se proba aproveitamento, polo que non reúne as características propias dun monte veciñal.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades

públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(439).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO “CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL” (CIIES). EXPTE. 230850/301.

Visto o informe xurídico do 10/06/2025 e o informe de fiscalización do 11/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/06/2025, asinado polo xefe da Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto á xefatura de Área, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 08.09.2022 (Exp. n.º 230850/301), acordou:

“(...) 2. Adxudicar a CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q-28.660.01G) o procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301) coas seguintes condicións: a) O prezo total do contrato é de 3.084.324,52 euros, exento de IVE. b) Comprométese a achegar 2 medias xornadas laborais anuais, durante todo o período do contrato, sen custe adicional para o Concello, de titulados superiores ou diplomados a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro. c) Comprométese a aportar unha media xornada laboral anual de limpador/a durante o período do contrato, sen custe adicional para o Concello. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 07.10.2022, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 01.12.2022, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo *“e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato...”* (cláusula 7.3 PCAP).

I.4. Tramítase no expediente administrativo nº 230850/301 a primeira (1ª) prórroga deste contrato para o período 01.12.2025 – 30.11.2026 e consta nel (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude de data 29.04.2025 ordeando a incoación de procedemento administrativo para esta 1ª prórroga (trámite n.º 247).
- Comunicación ó contratista de preaviso da prórroga, efectuada e recibida en data 07.05.2025, dándolle tamén traslado da Resolución de inicio do procedemento para a autorización expresa da 1ª prórroga do contrato (trámites núms. 438 – 450).

- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «CRUZ ROJA ESPAÑOLA» (CIF Q-2866001G) o 07.10.2022 e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual (trámite n.º 343) .

II. NORMATIVA RELACIONADA

- a) CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- b) EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- c) LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- d) RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- e) RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- f) TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- g) LRBL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- h) TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- i) LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- j) L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- k) L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- l) RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- m) LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- n) LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- o) LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- p) ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- q) L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- r) L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- s) LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- t) L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.
- u) L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia.
- v) Orde do 25 de xaneiro de 2008, da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* da Xunta de Galicia, pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social.
- w) Decreto 254/2011 do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- x) Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

1. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LR-

SAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. PRIMEIRA (1ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO CIIES: XUSTIFICACIÓN: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Preceptúa o Art. 29.1 da LCSP que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «CRUZ ROJA ESPAÑOLA» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos a partir do 01.12.2022 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con me-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

dios propios como a necesidade de garantir a continuidade dos programas e servizos sociais que no CIIES estanse a prestar ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

III.2.7. Por outra banda, faise contar que está garantido durante toda a vixencia deste contrato (incluídas as prórrogas) o uso a favor do Concello de Vigo das instalacións da “Casa do Pescador” da rúa Marqués de Valterra nº 6, no que se ubica o Albergue municipal – CIIES, nos termos fixados polo Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola» na súa reunión do 21.04.2016, aceptados polo Concello (XGL do 06.05.2016), na que acordou ampliar o prazo de cesión ó Concello de Vigo do uso das instalacións e dependencias da “Casa do Pescador” por un periodo de seis (6) anos contado desde o 01.01.2017, prorrogable tacitamente por periodos iguais, de non mediar denuncia expresa de calquera das partes con, alomenos, tres (3) meses de antelación tanto a respecto do periodo inicial renovado como de calquera das súas prórrogas. Consta no Exp. nº 69737/301 o oficio do Comandante Naval e Presidente do Padroado da Fundación de data 22.04.2016 (Rexistro xeral do 25.04.2016; Doc. nº 160052070) polo que dá traslado a esta Administración de copia da acta daquela reunión e do certificado do acordo adoptado sobre este particular.

III.2.8. A primeira (1ª) prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 07.10.2022.

III.2.9. O gasto representado por esta primeira (1ª) prórroga, que é de 1.028.108,16 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.13 (“*PREST. SERV. CENTRO SERVICIOS SOCIAIS*”) dos orzamentos municipais; 85.675,68 € ó exercicio de 2025 (do 01.12.2025 ó 31.12.2025) e 942.432,48 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 30.11.2026). Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, a efectividade da contía prevista para o exercicio de 2026 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

III.2.10. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.11. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

IV. CONCLUSIONES

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 20.09.2022 polo Concello de Vigo coa entidade «CRUZ ROJA ESPAÑOLA», toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato (cláusula 4) e no Prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC).
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato de servizos formalizado para a execución de determinados programas e servizos no CIIES permanecerán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- e) Consta igualmente no expediente o preaviso realizado ó contratista con máis de dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2025 e ata o 30.11.2026, o contrato de servizos do “Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social” (CIIES) do Concello de Vigo adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 08.09.2022 á entidade «CRUZ ROJA ESPAÑOLA» (CIF Q-2866001G), formalizado en documento administrativo o 07.10.2022, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrogase nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2022.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 1.028.108,16 € que representa esta primeira (1ª) prórroga a favor de «CRUZ ROJA ESPAÑOLA», que poderá imputarse á aplicación nº 2310.227.99.13 (“PREST. SERV. CENTRO SERVICIOS SOCIAIS”) dos orzamentos municipais; correspondendo 85.675,68 € ó exercicio de 2025 (do 01.12.2025 ó 31.12.2025) e 942.432,48 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 30.11.2026). A efectividade da contía prevista para o exercicio de 2026 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(440).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS AO COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2025-2028). EXPTE. 280280/301.

Visto o informe xurídico do 27/03/2025 e o informe de fiscalización do 16/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/03/2025, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social e o xefe da Área de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando coa “Asociación Misión del Silencio”, entidade que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social “*Virgen de Lourdes*”.

I.3. Así as cousas, estímase conveniente a continuación desa colaboración, como mínimo, para os exercicios de 2025-2028, a fin de atender as necesidades das persoas usuarias derivadas polos servizos sociais municipais, garantir o normal funcionamento do comedor social “*Virgen de Lourdes*” e dotar ós servizos prestados pola “Asociación Misión del Silencio” da necesaria estabilidade que lle permita seguir atendendo ás necesidades básicas de alimentación das persoas e familias usuarias; especialmente as máis afectadas pola crise sanitaria e social derivada da actual pandemia.

I.4. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2025 existe consignación de crédito, por importe de 80.000€, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 – “*Convenio Misioneros del Silencio*”. As subvencións previstas para os exercicios posteriores

de 2026, 2027 e 2028 (outros 26.200€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.5. Faise constar que a contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1,50€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais.

I.6. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.7. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2025-2028), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

De calquera xeito, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que, de ser o caso, se consigne nos respectivos orzamentos de 2026, 2027 e 2028.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2025–2028)»; recurso complementario dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 320.000€, a razón de 80.000€/ano, con cargo no exercicio de 2025 á aplicación orzamentaria n.º 2310.489.00.14 – “*Convenio Misioneros del Silencio*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2026, 2027 e 2028) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2025–2028).

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D^a Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D^a M^a Guadalupe Egido Pérez, Presidenta da «Asociación Misión del Silencio», con DNI nº ***1524** e enderezo para os efectos de notificación na rúa Urzáiz nº 39 de Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 28.06.2024 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOPPO n.º 133, do 09.07.2024) e coa Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D^a M^a Guadalupe Egido Pérez, actuando en representación da «Asociación Misión del Silencio» (CIF R3600388G), segundo así resulta dos seus Estatutos e da demais documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira – Delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación Misión del Silencio» é unha institución privada relixiosa fundada en 1974 que conta na nosa cidade cun comedor social na rúa Urzáiz nº 39 (*“Comedor social Virgen de Lourdes”*), en funcionamento desde hai moitos anos. Dispón de 44 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia e atende nel a persoas e familias en situación de grave vulnerabilidade social.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que seguen a ter a necesidade de acudir a este tipo de recursos para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementarios dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

III.- En virtude deste Convenio, o *“Comedor social Virgen de Lourdes”* da «Asociación Misión del Silencio» seguirá a ser un dos dispositivos existentes na nosa cidade que contan



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

con subvención municipal para atender ás persoas derivadas polos servizos sociais do Concello, garantindo así o seu normal funcionamento.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2025, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Misión del Silencio» para a atención das persoas derivadas polos servizos sociais municipais ó comedor social “*Virgen de Lourdes*”, situado na rúa Urzáiz nº 39 de Vigo, contribuíndo ó seu normal funcionamento e dotando ós servizos prestados pola Asociación da necesaria estabilidade que lle permita seguir atendendo ás necesidades básicas de alimentación das persoas e familias usuarias.

SEGUNDA.- A «Asociación Misión del Silencio» comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

1º) Xestionar o funcionamento dun comedor social para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica.

2º) Atender no comedor social “*Virgen de Lourdes*” ás persoas derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello de Vigo.

3º) Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais incluíndo os datos de asistencia das persoas usuarias na plataforma informática administrada polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, cando estea operativa.

4º) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación Misión del Silencio» unha subvención para cada un dos catro exercicios (2025-2028) por importe máximo de 80.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 320.000€. O gasto correspondente a 2025 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 – “*Convenio Misioneros del Silencio*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2026-2028) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1,50€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- y) No ano 2025, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2026-2028, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a ac-

tividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

- z) O 50% restante, unha vez xustificandos os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. Para xustificar o gasto correspondente ós meses de outubro, novembro e decembro tomarase como referencia o do mes de setembro. De existir diferencias co gasto real executado, estas serán obxecto de reaxuste no primeiro trimestre da seguinte anualidade.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. A comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2025–2028), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Asociación Misión del Silencio» e dous/dúas técnicos/as municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- A «Asociación Misión del Silencio» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A «Asociación Misión del Silencio» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A

xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

Ademais, con periodicidade mínima trimestral, a «Asociación Misión del Silencio» remitirá á Concellería de Política Social unha relación completa das persoas usuarias derivadas polos servizos sociais municipais que foron atendidas no comedor social “*Virgen de Lourdes*”, que permita ir verificando durante a súa execución o cumprimento do acordado neste Convenio.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; RLC e RNT como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten aplicáronse á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán ós orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e

Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do Art. 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

5(441).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DA VENDA AMBULANTE NOS MERCADILLOS E OUTROS EVENTOS. EXPTE. 10815/106.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 11/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/05/2025, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado pola concelleira-delegada de Comercio, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Mediante resolución do día 20.01.2025 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto do servizo de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** do expediente asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 17.01.2025.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 20.01.2025.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** asinado polo enxeñeiro técnico en topografía e polo xefe da Área de Servizos Xerais os días 18 e 19.02.2025.
- **Declaración de neutralidade** dos redactores do prego de prescricións técnicas asinada o día 24.02.2025.
- **Documentos económicos de retención de crédito** asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 05.03.2025.
- **Memoria económica do contrato** asinada pola técnica de xestión, polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 16.04.2025.

S.ord. 20/06/2025

- **Memoria xustificativa** do contrato asinada pola técnica de xestión, polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais os días 19 e 20.05.2025.
- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 22.04.2025.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para contratación por procedemento aberto do servizo de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 20.05.2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22/06/2023, posterior corrección de data 28/06/2024, nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especias mediante resolución de data 20/01/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uníranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo, cun orzamento base de licitación máis IVE de SESENTA E UN MIL CENTO NOVENTA E OITO EUROS con DOUS CÉNTIMOS (61.198,02 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	Total (€)
2025	19.060,82 €
2026	30.553,60
2027	11.583,60 €
TOTAL	61.198,02 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo enxeñeiro técnico en topografía e polo xefe da Área de Servizos Xerais os días 18 e 19.02.2025, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 20.05.2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 19.060,82 € con cargo a aplicación orzamentaria 4313 2279900 “CONTROL DOS MERCADOS DE COIA, BOUZAS E OUTROS” e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 4313 2279900 “CONTROL DOS MERCADOS DE COIA, BOUZAS E OUTROS”, crédito por importe de 30.553,60 € e 11.583,60 € respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(442).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO UNDÉCIMO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 12349/307.

Visto o informe de fiscalización do 16/06/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 12/06/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do undécimo Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (12349-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do undécimo Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (12349-307)

ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Primeiro.- Con data do 22 de abril de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da DAS OBRAS DO XI PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado polo arquitecto Ignacio Hortas López e coa corrección de erro indicada no seu informe de data 2 de abril de 2025.

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 10 de abril de 2025.

3º.- Autorizar o gasto total de CENTO NOVENTA E SEIS MIL SETECENTOS TRINTA E SEIS EUROS E SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (196.736,79 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de TRINTA E CATRO MIL CENTO CORENTA E CATRO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (34.144,40 EUROS) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente (RC 12025000019647).

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 5 de xuño de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do undécimo Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (12349-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	99,20

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 3. Certificado positivo de débedas da ATRIGA xa que o que figura no certificado do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia é negativo.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, o día 5 de xuño de 2025, que presenta a documentación requirida o 6 de xuño de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da mercantil, os estatutos co obxecto social, o nomeamento do seu representante e a clasificación. Asemade, no certificado do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C - subgrupo 4 - categoría 2) presentan a mesma clasificación.
- Seguro de caución por un importe de 7.885,73 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería o Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 12 de xuño de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 28 de maio de 2025, e co acordo da Mesa de Contratación, de data 5 de xuño de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA o procedemento aberto para a contratación das obras do undécimo Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (12349-307) por un prezo total do contrato de 190.834,69 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.120,07 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(443).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS (LOTE 1). EXPTE. 16270/445.

Visto o informe de fiscalización do 13/06/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 12/06/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións (16270-445) (lote 1)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións (16270-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do “SERVIZO DE REPARACIÓN DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓN (LOTE 1: CAMIÓN E MAQUINARIA E LOTE 2: MOTOCICLETAS) “.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 19 de xuño de 2024 e conformado polo Xefe da Área de Servizos xerais en data 20 de xuño de 2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 8 de xullo de 2024

Cuarto- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CATROCENTOS MIL EUROS” (400.000,00 €), sendo a partida correspondente ao IVE de 69.421,49 €.

Por ter o financiamento carácter de gasto plurianual aplicarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución por anualidades:

		2024	2025	2026
LOTE Nº1	214.00.00	45.000,00 €	115.000,00 €	70.000,00 €
	221.11.00	10.000,00 €	25.000,00 €	15.000,00 €
LOTE Nº2	214.00.00	20.000,00 €	55.000,00 €	35.000,00 €
	221.11.00	2.000,00 €	5.000,00 €	3.000,00 €
	TOTAL	77.000,00 €	200.000,00 €	123.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 30 de setembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións (16270-445) na seguinte orde descendente:

Lote 1

	Licitador	Puntuación total
1	TALLERES GARCIA BARREIRO, SL	95,00

Lote 2

	Licitador	Puntuación total
1	ÁNGEL LEIRÓS MOTOS, SL	92,00

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TALLERES GARCIA BARREIRO, SL (Lote 1) e ÁNGEL LEIRÓS MOTOS, SL (Lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que, para ambos lotes, os licitadores deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I (FEC) do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, para o lote 1, TALLERES GARCÍA BARREIRO, SL, o día 1 de outubro de 2024, que presentan a documentación requirida o 9 de outubro de 2024, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de 13 de novembro de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, a Mesa acordou outorgar un prazo de 3 días naturais a TALLERES GARCÍA BARREIRO, SL (Lote

1) para que puidera emendar a documentación relativa á habilitación esixida neste procedemento.

Dentro do prazo concedido a licitadora presentou a documentación requirida da que a Mesa de contratación acorda por unanimidade dos/as membros presentes dar traslado ao servizo xestor para a emisión de informe sobre a mesma. Emitido o informe, en data 28 de novembro de 2024, en base ao mesmo, o Servizo de Contratación realizou consulta sobre situación da mercantil ao Concello de Gondomar, o 5 de decembro de 2024. En data 20 de decembro de 2024 recíbese a contestación do Concello de Gondomar do que se da conta aos/ás membros da mesa que acordan, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, solicitar informe ao servizo xestor.

En data 2 de xuño de 2025 emítase informe por parte do servizo xestor, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe da área de Servizos Xerais no que indican que, consultado o Servizo de Licenzas da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo e tendo en conta os anteriores informes emitidos polo propio servizo xestor, o Concello de Gondomar e a documentación presentada pola adxudicataria, conclúen o seguinte:

“Tras o exposto no informe este servizo entende:

- Que o Concello de Gondomar responsable do outorgamento da licenza de actividade en cumprimento da legalidade urbanística permite o mantemento do uso a teor do seu informe e polo tanto do mantemento de actividade, non exercendo ata data requirimentos de cumprimentos de normas sectoriais que coñezamos sobre seguridade e ornato entre outros e como así o interpreta o informe do xefe de servizo de licenzas da xerencia de urbanismo do Concello de Vigo, feito asemade importante de cara o mantemento da actividade durante a duración da totalidade do contrato de reparacións.*

- Que asemade e tras a nova solicitude do licitador e notificación a este servizo (W1283991-4036) ata data de hoxe o Concello de Gondomar non procedeu a emitir informe para garantir medidas adicionais no mantemento da actividade do taller segundo informa o contratista.*

Polo tanto este servizo se ratifica nas consideracións emitidas en anteriores informes sobre a profesionalidade e solvencia técnica do contratista coas licenzas de industria en vigor e tamén entende non existe impedimento a teor dos informes requiridos do mantemento da súa actividade durante a realización do contrato polo órgano responsable de outorgamento da licencia de actividade, segundo a normativa de aplicación.”

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (98.000,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (98.000,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Documentación xustificativa relativa á habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I (FEC) do PCAP.
- Xustificación do ingreso do importe da garantía definitiva (11.570,25 €), figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 12 de xuño de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TALLERES GARCÍA BARREIRO, SL (Lote 1), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TALLERES GARCÍA BARREIRO, SL (Lote 1), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 19 de setembro de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 27 de setembro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábel a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Adxudicar a TALLERES GARCÍA BARREIRO, SL o lote 1 do procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións (16270-445) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 280.000,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 48.595,04 € euros.*
- b) A porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios correspondentes ao capítulo nº 1 do Anexo II do PPTP de mantemento e reparación dos vehículos en talleres externos é do 0 % para o lote 1.*
- c) A porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios do capítulo nº 2 do Anexo II do PPTP de subministro de pezas de recambios é do 0 % para o lote 1.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(444).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 24760/333.

Visto o informe xurídico do 11/06/2025 e o informe de fiscalización do 16/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/05/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.-

1) A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13.04.2023, aprobou o “EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 22448/333” (trámite número 91 do expediente 22448-333).

2) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8.06.2023, acordou adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL, o procedemento aberto para a “CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

DEPORTIVA NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE.22448/333", por un importe total, IVE incluído, de 86.524,50 euros euros (trámite número 147 do expediente 22448-333).

3) Con data 12.07.2023, procédese á sinatura do contrato con CARLOS FERNÁNDEZ POL para a prestación da subministración obxecto da contratación a partir do 13.07.2023, cunha duración de dun ano, contemplándose dúas prórrogas de un ano de duración cada unha (trámite número 158 do expediente 22448-333).

4) A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7.06.2024. aprobou a primeira prórroga do contrato de SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL "CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS" polo período de un ano dende o 13 de xullo de 2024 ata o 12 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL co DNI: ***4500**, coa conseguinte aprobación do gasto de 86.524,50 €, para o período indicado, con cargo á partida 3410.2260902 "adquisición medallas e trofeos" do orzamento da Concellería de Deportes (trámite número 43 do expediente 23631-333).

5) Con data 7.05.2025, envíase á empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL co DNI: ***4500**, o aviso previo da segunda e última prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámite núm. 6 do expte núm. 24760-333). Consta acuse de recibo do 7.05.2025, da recepción da notificación enviada dende este Servizo de Deportes (trámite núm. 14 do expte núm. 24760-333). Ademais, o contratista achega escrito de conformidade coa dita prórroga (trámite número 16 do expediente 24760-333).

II.- Fundamentos de dereito.-

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que:

"O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das

modificacións que se podan introducir de conformidade coo establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei.

A prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o aviso previo se produza, alomenos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo, os contratos cuxa duración sexa inferior a dous meses.

En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes...". Neste contrato resulta que o prego de cláusulas administrativas, na cláusula 7, "Prazo de execución" recolle no apartado 3, "Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario,

sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.

III.- Desenvolvemento do contrato actual.-

A empresa que desenvolve a prestación da subministración CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: ***4500**, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os subministros de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto ás tarefas que se realizan en relación co desenvolvemento do programa municipal “Calendario de eventos deportivos² e outras funcións xerais e que se relacionan a continuación:

Entregar o material da mesma calidade e características que o ofertado e cumprindo cos mínimos definidos no anexo I deste prego.

Entregar o material nos lugares indicados polo servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Prestar un apoio técnico en relación a elección dos diversos elementos de Trofeos ou Medallas vinculados o obxecto deste contrato.

Descrición dos medios humanos e materiais: a empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo.

IV.- Prezo anual do contrato.-

A anualidade do contrato é de 86.524.50 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.016,65 €.

V.- Prezo para o período da prórroga.-

Tendo en conta que a primeira prórroga é por unha anualidade e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo do contrato para o período da SEGUNDA E ÚLTIMA PRÓRROGA, sería de 86.524,50 €, IVE incluído, para o período comprendido entre os días 13 de xullo do 2025 e 12 de xullo de 2026, ambos os dous incluídos, que terá a seguinte distribución por anualidades:

Ano 2025 (dende o día 13.07.2025 ata o 31.12.2025: 40.773,19 €.

Ano 2026 (dende o día 01.01.2026 ata o 12.07.2026: 45.751,31 €.

VI.- Financiamento do contrato.-

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260902 “Adquisición de medallas e trofeos”, do orzamento de gastos en vigor da Concellería de Deportes, que conta con crédito adecuado e suficiente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de subministración en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”.

Polo anteriormente exposto, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. Adic. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización favorable pola Intervención Xeral, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1.- Aprobar a segunda e última prórroga do “contrato de SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”” polo período de un ano dende o 13 de xullo de 2025 ata o 12 de xullo de 2026, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL co DNI: ***4500**.

2.- Aprobar o gasto de 86.524,50 € con IVE que representa esta segunda e última prórroga anual a favor de CARLOS FERNÁNDEZ POL, co DNI *4500**, con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260902 “adquisición de medallas e trofeos”,** do orzamento da Concellería de Deportes, que terá a seguinte distribución por anualidades:
Ano 2025 (dende o día 13.07.2025 ata o 31.12.2025: 40.773,19 €.
Ano 2026 (dende o día 01.01.2026 ata o 12.07.2026: 45.751,31 €.

3.- Notificar este acordo ao contratista, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(445).- CORRECCIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO 2025. EXPTE. 24743/333.

Visto o informe xurídico do 11/06/2025 e o informe de fiscalización do 17/06/2025, sométese a aprobación o informe proposta de data 18/06/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Emítase novo informe proposta no que se corrixe a parte resolutiva da proposta que queda tal como se detalla a continuación.

PRIMEIRO: Aprobar a corrección das bases 4ª e 6ª das reguladoras das axudas para deportistas de alto nivel da cidade de Vigo 2025.

SEGUNDO: Proceder á nova publicación das Bases reguladoras, o posterior inicio do prazo de presentación de solicitudes.

Atendendo á detección dun erro material nas bases da convocatoria específica de axudas para deportistas de alto nivel da cidade de Vigo 2025, procede modificar as bases tal como se detalla a continuación:

1.-

Base 4ª.d, onde di:

CUARTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Poderán participar na convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

d) Requisitos específicos:

1.-Nados a partir do 01.01.2007 (Incluído).

Debe dicir:

CUARTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Poderán participar na convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

d) Requisitos específicos:

1.- Nados antes do 01.01.2007.

2.-

Base 6ª.1, Onde dí:

SEXTA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AXUDA.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

-
- Consideracións específicas:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

- Categorias de competición Subvencionadas: Categoría absoluta e anteriores (Non son subvencionables categorías Master, Veteranos, etc e calquera categoría posterior á absoluta).
- **Nacemento dende 01.01.07 (Incluído)**

Debe dicir:

SEXTA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AXUDA.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

-
- Consideracións específicas:
 - Categorias de competición Subvencionadas: Categoría absoluta e anteriores (Non son subvencionables categorías Master, Veteranos, etc e calquera categoría posterior á absoluta).
 - **Nados antes do 01.01.2007.**

Polo exposto, procede a modificación da proposta atendendo as correccións detalladas:

INTRODUCCIÓN

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de axudas responden ó desexo de xerar sinerxías orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e que propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A procura dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.

- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendemento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións do máis alto nivel.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a financiar programas de adestramento e competición de deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, que no ano en curso estean recoñecidos como deportistas de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.

Concretamente o artigo 36 da Lei de Deportes de Galicia determina que o recoñecemento da condición de deportista de alto nivel poderá comportar a posibilidade de acceder aos seguintes beneficios, axudas económicas y becas académicas, e entre outras concesión de axudas económicas.

Con carácter previo ao outorgamento das axudas deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das mesmas nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Os vixentes orzamentos do Concello de Vigo consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento de proxectos de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

A normativa reguladora das bases e da convocatoria específica destas subvencións ven recollida na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; na lexislación básica do estado en materia de réxime local; nos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; nas Bases de execución do actual orzamento vixente do Concello de Vigo; na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como nas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

A proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a apoiar o tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo como reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación vinculados cos valores deportivos, a mellorar os recursos para a dinamización de proxectos deportivos na cidade de Vigo, a colaborar cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués, a colaborar co desenvolvemento de proxectos deportivos que garantan ós e ás xóvenes deportistas da cidade unha continuidade e futuro no seu entorno, a optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo, e a fomentar a actividade deportiva como vehículo e ferramenta vinculada coa vida sa.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a corrección das bases 4ª e 6ª das reguladoras das axudas para deportistas de alto nivel da cidade de Vigo 2025.

SEGUNDO: Proceder á nova publicación das Bases reguladoras, o posterior inicio do prazo de presentación de solicitudes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria e a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas económicas dirixidas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, coa finalidade de contribuír a financiar os gastos vinculados coas competicións e cos adestramentos necesarios para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva, en orde ó logro dun mais alto nivel nun futuro próximo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite". Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, e incompatibles coas axudas dinamizadas no programa de axudas da Fundación Vigo en deporte do ano 2025 para deportistas individuais.

CUARTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Poderán participar na convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da axuda das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.
- c) Entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.
- d) Requisitos específicos:
 1. Nados antes do 01.01.2007.
 2. Estar empadroado na cidade de Vigo, con vixencia mínima ininterrompida dende 01/01/2024, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
 3. Ter competido de xeito individual, parella, trío ou como guía de deporte adaptado na competición a baremar.
 4. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 5. Cumprir como mínimo un dos seguintes requisitos:
 - Estar recoñecido/a no ano 2024 ou 2025 como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

- Ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional ou internacional da modalidade en calquera momento do ano 2024 ou 2025, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 30 deportistas.
- No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación española da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.
- No caso de participar como “Guía” dunha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola autoridade federativa competente que acredite tal condición.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa, enténdese outorgado o consentimento para que o órgano administrativo competente consulte de forma electrónica ou por outros medios, a esta Administración Pública, outras Administracións ou Entes, os datos persoais necesarios para a resolución deste expediente/solicitud, en especial, os que acrediten os requisitos de empadramento, atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda e co Concello de Vigo.

QUINTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Deixar constancia da financiamento municipal coa inclusión da imaxe institucional en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitud, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitud.
- c) Someterse ás comprobacións que, de considerarse oportuno, puidera realizar a Concellería de deportes, así como calquera tipo de comprobación e control financeiro que puideran realizar os órganos de control competentes.
- d) Comunicar á Concellería de deportes a obtención doutras axudas para o mesmo fin.
- e) Proceder ó reintegro da axuda así como dos xuros de demora correspondente nos casos previstos no Art. 33 da Lei de subvencións de Galicia, e concretamente no caso de:
 - Obter a axuda falseando datos.
 - Obstruír a comprobación e control financeiro.
 - Incumprir as obrigas establecidas nas bases da convocatoria.

SEXTA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AXUDA.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

- O número máximo de competicións que se valorarán por deportista será de 3.
- A puntuación mínima esixida para ser beneficiario/a das axudas é de 10 puntos.
- Consideracións específicas:
 - Categorias de competición Subvencionadas: Categoría absoluta e anteriores (Non son subvencionables categorías Master, Veteranos, etc e calquera categoría posterior á absoluta).
 - Nados antes do 01.01.2007.
 - Os Campionatos de Europa e do Mundo, para ser tidos en consideración, deberán ter a

- designación oficial, o cal deberá ser acreditado pola autoridade federativa competente.
- No caso de que a competición da que se trate estea conformada por varias probas e teñan clasificación final, só se valorará o posto da clasificación final, e non a clasificación dunha única proba.
 - No caso de existir máis dunha final, terase en conta unicamente o resultado da final de maior nivel,
 - Participación mínima por proba para que a competición sexa tida en consideración:
 - Campionatos de Europa, Xogos Olímpicos/Paralímpicos, Campionatos do Mundo e Outras competicións internacionais: 15 participantes na proba e 5 países en categoría masculina, e 12 participantes e 4 países en categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8 participantes, sen terse en conta o número de países participantes.
 - Fase final de Campionatos de España: 12 participantes na proba en categoría masculina e 8 participantes na categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8.
 - Competicións de deporte adaptado:
 - Participación mínima esixida será de 5 deportistas.
 - Entre 5 e 8 deportistas participantes, aplicarase un factor de corrección, que multiplicará a puntuación obtida por 0,20.
 - A categoría de “Outras competicións Internacionais” engloba Copas do Mundo, Copas de Europa e Circuitos incluídos no calendario internacional como probas de alto nivel europeo ou mundial acreditado pola federación correspondente.
 - No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, só valorarase o resultado que outorgue unha maior puntuación.
 - No caso de solicitantes que participen como “Guías” en modalidades de deporte adaptado, a puntuación final obtida multiplicarase por 0,25.
 - Datas de inicio das competicións: Serán tidas en conta as competicións con data de inicio comprendida entre o 16 de xuño de 2024 e o 15 de xuño de 2025.
- Puntuacións:

	Outras compet. Intrais		Fase final Cto. España		Fase Final Cto. Europa		Fase final Cto. Mundo/XX.OO OU XXPP	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	10 puntos	5 puntos	30 puntos	15 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	75 puntos
5º a 8º Posto	5 puntos	3 puntos	15 puntos	8 puntos	50 puntos	25 puntos	75 puntos	50 puntos
Participación	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	15 puntos

SÉTIMA.- CONTÍA E LÍMITE INDIVIDUALIZADA DAS AXUDAS.

Establécense os seguintes límites máximos dos importes das axudas:

- a) Límites máximos segundo a orde de prelación:

ORDE SEGUNDO PUNTUACIÓNS OBTIDAS	IMPORTE
1ª a 7ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	2.500,00€
8ª a 17ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.250,00€
18ª a 29ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.000,00€
30ª a 45ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	500,00€

- b) Límites máximos dos importes en función das puntuacións obtidas:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

PUNTUACIÓNS	IMPORTE MÁXIMO
De 10 a 40 puntos	1.250,00€
Máis de 40 puntos	2.500€

- c) Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:
- 1º.- Mellor resultado nun campionato do mundo/Xogos Olímpicos ou Paralímpicos.
 - 2º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de Europa.
 - 3º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de España.
 - 4º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado en "Outras competicións internacionais".
 - 5º.- En caso de persistir o empate, o importe correspondente dividirase entre os deportistas empatados.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

O procedemento para a concesión destas axudas será en réxime de concorrència competitiva a través da correspondente convocatoria. Para estes efectos, ten consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das axudas realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nas presentes Bases reguladoras, e adxudicar proporcionalmente, dentro do límite do crédito dispoñible fixado na convocatoria, en aplicación dos citados criterios.

Para a adxudicación, o órgano Colexiado formulará, a través de órgano instrutor, proposta de concesión ao órgano concedente.

O importe total da convocatoria distribuirase entre as solicitudes admitidas no proceso segundo a distribución e límites máximos establecidos na cláusula 7ª e tendo en conta os criterios establecidos na cláusula 6ª.

NOVENA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas físicas poderán elixir o uso de medios electrónicos ou presenciais para a súa comunicación coa administración.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

As solicitudes de axudas achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas polo/a deportistas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Só admitirase unha solicitude por solicitante.

- Solicitude presencial: unha vez cuberto o formulario de solicitude dispoñible na Web do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal> o/a solicitante deberá

obrigatoriamente imprimir e asinar o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

- Solicitud telemática: seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o formulario de solicitude dispoñible na web <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>, terá que entrar no rexistro electrónico na sede electrónica do Concello de Vigo, onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitud) anexando a documentación requirida. Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

DÉCIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos da convocatoria.

2.- A instancia de solicitude será asinada polo/a solicitante, e presentarse no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

As solicitudes e documentación adxunta poderán presentarse no rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos q os que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nas oficinas de Correos na forma que regulamentariamente se estableza, nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, nas oficinas de asistencia en materia de rexistros e en calquera outro que establezan as disposicións vixentes, de conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.- Os/As solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

- Anexo I.2. Certificado das competicións asinado pola Federación Española ou Internacional correspondente.
- Anexo I.3. Declaración responsable.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante.
- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou do pasaporte (en caso de cidadáns de países da Unión Europea) ou da tarxeta de residente en vigor (en caso doutras nacionalidades).
- Copia da licenza Federativa da tempada subvencionada (2024/2025) ou do ano 2025.
- Documentación que acredite o cumprimento dun dos requisitos específicos establecidos na base 4ª:
 - Documento que acredite o recoñecemento como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo CSD do ano 2024 ou 2025.
 - Certificado da Federación de ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade en calquera momento do ano 2024 ou 2025, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 30 deportistas.
 - No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación nacional da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

- No caso de participar como “Guía” recoñecido pola autoridade competente dunha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola Federación Deportiva que corresponda.

Os/as interesados/as teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración actuante poderá consultar ou solicitar devanditos documentos salvo que o interesado opuxésese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento esixísese no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

DECIMO PRIMEIRA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nesta orde ou na citada normativa, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público. Os/As beneficiarios/as das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria. Exceptuarase de tal obriga naquelas situacións nas que por imposición federativa non sexa posible.

DECIMO TERCEIRA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ás persoas xurídicas solicitantes e polos medios previstos no art. 14 da LPAC ás persoas físicas no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede

electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

5.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- O prazo máximo para a resolución da convocatoria será de nove meses (art. 23.4 Lei subvencións de Galicia) a contar dende ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Cumprido o prazo de resolución sen que se haxa e notificado a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de concesión da subvención.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os/As beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO QUINTA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

DECIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

DÉCIMO SÉTIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. Perda do dereito ao cobro:

- a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da axuda o incumprimento por parte do/da beneficiario/a da mesma de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da axuda; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da axuda; a variación da finalidade da actuación; calquera incumprimento en materia de loita anti-dopaxe e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones.

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán

ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

En todo o que non estea previsto na presente bases será de aplicación a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2025, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, na data da sinatura dixital

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN INDIVIDUAL ALTO NIVEL 2025			
Apelidos e nome		DNI:	
Enderezo		Localidade:	CP:
Tlf. 1		Tlf.2	
E-Mail a efectos de notificación			
Entidade deportiva vinculada		CIF	
Modalidade:			

SOLICITA,

unha axuda vinculada coa convocatoria de axudas para potenciar programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.

2. Anexo I.2: Certificado federativo individual de competicións.

3. Anexo I.3: Declaración responsable.

4. Copia da licenza deportiva.

5. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria do/da solicitante

6. Acreditación documental do cumprimento dos requisitos específicos establecidos no apartado d.4 da base 4ª.

*Campo obrigatorio

O/A que abaixo asina declara que reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Sinatura do/a solicitante

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓNS DE ALTO NIVEL

A CUMPRIMENTAR POLA FEDERACIÓN (folla 1 de 2)

Apelidos e nome		DNI	
Secretario/a da Federación			
CERTIFICA QUE son certos os datos que a continuación se detallan:			

D/Dna.		DNI	
Nº Lic		Categoría	
Club		CIF CLUB	

Participou, entre o 16/06/2024 e o 15/06/2025 (Datas de comezo das competicións), nas competicións que a continuación se detallan segundo os datos que se especifican:

1. Posto Ranking Nacional ou internacional (De existir):

Mellor posto no Ranking nacional ou internacional no ano 2024 ou 2025	
Nº deportistas que integran o Ranking no ano 2024 ou 2025	

2. Datos competicións: **Obrigatorio cumprir todos os apartados.**

Nome oficial da competición 1:			
Modalidade:			
Data de inicio da competición:			
Tipo de competición	Xogos Olímpicos/Paralímpicos		
	Campionato do Mundo		
	Campionato de Europa		
	Copa do Mundo		

S.ord. 20/06/2025

	Copa de Europa	
	Fase Final Campeonato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Nº Probas da competición:		
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto Final acadado		
Nº participantes na proba/circuíto		
Nº Países participantes na proba		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	

Na data da sinatura dixital

Sinatura dixital do/a secretario/a da Federación

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – REXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio llexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante
O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓN DE ALTO NIVEL (CONTINUACIÓN)

Nome oficial da competición 2:			
Modalidade:			
Data de inicio da competición:			
Tipo de competición	Xogos Olímpicos/Paralímpicos		
	Campionato do Mundo		
	Campionato de Europa		
	Copa do Mundo		
	Copa de Europa		
	Fase Final Campeonato de España		
	Circuíto Internacional oficial		
	Nº Probas da competición:		
Categoría de participación	Absoluta		
	Outras categorías		
Posto Final acadado			
Nº participantes na proba/circuíto			
Nº Países participantes na proba			
Forma de participación	Individual		
	Parella		
	Trío		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Nome oficial da competición 3:		
Modalidade:		
Data de inicio da competición:		
Tipo de competición	Xogos Olímpicos/Paralímpicos	
	Campionato do Mundo	
	Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Nº Probas da competición:		
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto Final acadado		
Nº participantes na proba/circuíto		
Nº Países participantes na proba		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	

Na data da sinatura dixital

Sinatura dixital do/a secretario/a da Federación

--

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

NEXO I.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Apelidos e nome	DNI.
-----------------	------

Declara,

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐

Non solicitou nin se lle concederon outras axudas para estas mesmas actividades.

☐

Sí ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o programa obxecto da solicitude de subvención. Nese caso, detalla na táboa as axudas solicitadas e/ou concedidas:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a axuda	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

2. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
3. Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e que se autoriza ó Concello de Vigo a facer as verificacións necesarias.
5. Estar informado/a e autorizar a verificación dos datos incluídos na solicitude de subvención nas áreas e administracións competentes, incluídos os datos fiscais.
6. Estar ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituíndo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores que considere necesarias.
7. Comprometerse a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo no que perciba esta subvención e a comunicar cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas e entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais a partir da data desta declaración.

Sinatura do/a solicitante

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio llexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ADESTRAMENTO E PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL.

O obxecto destas bases ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos vinculados coas competicións e cos adestramentos necesarios para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva, en orde ó logro dun mais alto nivel nun futuro próximo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

de elite". Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. - REQUISITOS DAS/OS BENEFICIARIAS/OS.

Poderán solicitar esta subvención Deportistas de forma individual que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrência competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

1.- A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local. A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución notificarase electronicamente ás persoas xurídicas solicitantes e polos medios previstos no art. 14 da LPAC ás persoas físicas no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

NOVENA.- PAGO.

O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

ANEXO

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2025, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS/AS.

Deportistas de forma individual que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

10(446).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DA TAXA DE LIXO VIVENDA DO ANO 2025. EXPTE. 95567/513.

Dáse conta da Resolución de data 11/06/2025 do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 11 de xuño de 2025,

RESOLVO:

- 1. Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2025**, por un importe total de **16.557.883,84.- Euros, (DEZASEIS MILLÓNS, CINCOCEMOS CINCUENTA E SETE MIL, OITOCENTOS OITENTA E TRES, CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS)**, que consta de **145.066** inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D^a MARÍA CARMEN FERNÁNDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.
- 2. Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.
- 3. Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un/ha dos/a contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pagamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(447).- AUTORIZAR OS GASTOS DERIVADOS DOS DEREITOS DE AUTOR POLA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “VETUSTA MORLA + XOEL LÓPEZ” NO 2024 E POLOS CONCERTOS DE ENTROIDO 2025. EXPTE. 10429/335.

Visto o informe de fiscalización do 11/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/06/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre la materia (LPI)

ANTECEDENTES

Primeiro.- No Concello de Vigo, o servizo de Festas da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, é o que ten encomendado entre as súas funcións, os concertos musicais.

Segundo.- En data 22 de abril de 2025, a SGAE presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello, reclamando 26.241,58 € polos dereitos devengados pola actuación artística de “VETUSTA MORLA + XOEL LÓPEZ” no Auditorio de Castrelos o día 16 de agosto de 2024 e polos concertos celebrados na Porta do Sol dentro dos actos do ENTROIDO 2025, sendo “Fillas de Casandra” o 28 de febreiro de 2025 e “Grupo América” o 3 de marzo de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

-I-

Dos dereitos de autor

O artigo 17 do Real Decreto 1/1996, do 12 de abril, determina que corresponde ao autor o exercicio exclusivo dos dereitos de explotación da súa obra en calquera forma e, en especial, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, que non poderán ser realizadas sen a súa autorización, salvo nos casos previstos na presente Lei.

-II-

Da xestión dos dereitos de autor pola Sociedad General de Autores e Editores (SGAE)

A LPI lexitima as entidades de xestión autorizadas a xestionar os dereitos de autor dos artistas. O artigo 150 da LPI dispón que *“Las entidades de gestión, una vez autorizadas conforme a lo previsto en este título, estarán legitimadas en los términos que resulten de sus propios estatutos, para ejercer los derechos confiados a su gestión y hacerlos valer en toda clase de procedimientos administrativos o judiciales. Para acreditar dicha legitimación, la entidad de gestión únicamente deberá aportar al inicio del proceso copia de sus estatutos y certificación acreditativa de su autorización administrativa. El demandado solo podrá fundar su oposición en la falta de representación de la actora, la autorización del titular del derecho exclusivo o el pago de la remuneración correspondiente”*.

A SGAE é unha sociedade privada de ámbito nacional, autorizada polo Ministerio de cultura como entidade de xestión das previstas no artigo 147 e seguintes do TRLPI. A súa función principal é a xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual. Asemade, representa en España os dereitos de autores estranxeiros a través de convenios de representación recíproca firmados cos entidades de xestión colectivas estranxeiras.

A SGAE asinou un convenio coa Federación Española de Municipios y Provincias, en data 29 de outubro de 1996. No mesmo se fixan as tarifas a cobrar polos dereitos de autor dos espectáculos que celebren, así como bonificacións a aplicar aos municipios que se adhiran ao mesmo, como é o caso de Vigo. Esta bonificación é dun 25%.

Revisada a proposta de factura presentada advirtese que esta aplica as tarifas e bonificacións previstas no citado convenio.

O gasto podería imputarse á aplicación 3380.2260906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio. O uso destes créditos non afecta ao normal funcionamento do servizo.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), previa fiscalización da Intervención Xeral.

-IV-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Autorizar o gasto por importe de 26.241,58 euros en concepto dos dereitos de autor devengados pola actuación artística de “VETUSTA MORLA + XOEL LÓPEZ” no Auditorio de Castrelos o día 16 de agosto de 2024 e os concertos celebrados na Porta do Sol dentro dos actos do ENTROIDO 2025, sendo “Fillas de Casandra” o 28 de febreiro de 2025 e “Grupo América” o 3 de marzo de 2025. con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas en Vigo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

2º.- Aboar a SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES (ESG28029643) 26.241,58 euros previa a presentación da correspondente factura”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(448).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARTISTA “ALI CAMPBELL’S UB-40” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10431/335.

Visto o informe xurídico do 12/06/2025 e o informe de fiscalización do 13/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 29 de abril de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “ALI CAMPBELL’S UB-40” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 29 de abril de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2025”.
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025”, no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista ALI CAMPBELL’S UB-40.

- Memoria económica de data 29 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 2 de maio de 2025 (operación nº 12025000051104-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 6 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 6 de maio de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado, segundo informe do Servizo de Contratación de data 21 de maio de 2025, que D. Gary Howard é o representante de “UB40 Featuring Ali Campbell”, segundo consta en escrito de 26 de xaneiro de 2025 asinado por ambos, Gary Howard e Ali Campbell. Consta acreditado así mesmo que D.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Gary Howard, na súa cualidade de representante, cede os dereitos de exclusiva para a celebración do espectáculo de UB40 no auditorio de Castrelos o día 15 de agosto de 2025 a D. Carlos Goyarrola Ispizua en documento asinado en data 1 de abril de 2025. A súa vez, consta acreditado así mesmo, D. Carlos Goyarrola Ispizua cede os dereitos para esta actuación a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. (B27786045), en documento de data 1 de abril de 2025. A representación desta mercantil correspóndelle a D. Jesús Ignacio Teixeira Rodríguez, segundo consta en escritura pública de 26 de marzo de 2015, outorgada ante o notario D. Joaquín López Doval.

- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2ª LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “ALI CAMPBELL’S UB-40” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 6 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 291.368,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 240.800,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(449).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ÓPERA “LA TRAVIATA” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10432/335.

Visto o informe xurídico do 12/06/2025 e o informe de fiscalización do 13/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 30 de abril de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo da ópera “LA TRAVIATA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de abril de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2025".
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025”, no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da ÓPERA LA TRAVIATA.
- Memoria económica de data 30 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 2 de maio de 2025 (operación nº 12025000051180-RC).
 - Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 6 de maio de 2025.
 - Memoria xustificativa, de data 6 de maio de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
 - Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
 - Consta acreditado, segundo informe do Servizo de Contratación de data 21 de maio de 2025, que D. Pedro Moncloa Marco, en representación da Compañía de Artes Escénicas y Musicales L`OPERAMORE S.L., cede os dereitos para a actuación artística da ópera "LA TRAVIATA" o día 1 de agosto de 2025 en Castrelos a Producciones Teatrales Algoquín, S.L. (nombre comercial de Sketch Eventos), en documento de data 10 de febreiro de 2025. A súa vez, consta acreditado que D. Pedro Moncloa Marco é o administrador único de L`OPERAMORE S.L, en escritura de constitución da sociedade, outorgada ante o notario D. Tomás Pérez Ramos, en data 24 de maio de 2022, e que D. Miguel Ángel García Bernáldez ten o poder de representación de Producciones Teatrales Algoquín, S.L. , así consta en escritura pública de 9 de xuño de 2014 outorgada ante o notario D. José Luis Núñez Lagos Roglá.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUÍN, SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da

ópera “LA TRAVIATA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 6 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 59.229,50 euros, sendo o valor estimado do contrato de 48.950,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(450).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ARTISTA “INDIA MARTÍNEZ” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10433/335.

Visto o informe xurídico do 12/06/2025 e o informe de fiscalización do 13/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 30 de abril de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista "INDIA MARTÍNEZ" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de abril de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2025".
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025", no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista INDIA MARTINEZ.
- Memoria económica de data 30 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 2 de maio de 2025 (operación nº 12025000051105-RC).

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 6 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 6 de maio de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado, segundo informe do Servizo de Contratación de data 21 de maio de 2025, que D. Carlos Javier Escobosa Pérez, en calidade de administrador único de PIES COMPAÑÍA DISCOGRÁFICA, S.L e Dña. Jenifer Yesica Martínez Fernández (INDIA MARTÍNEZ), en escrito asinado dixitalmente por ambos o 3 de abril de 2024 manifestan que a citada mercantil é a representante da artista. PIES COMPAÑÍA DISCOGRÁFICA, S.L, cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto da artista no Auditorio de Castrelos de Vigo o día 16 de agosto de 2025 a Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U., en escrito de 17 de xaneiro de 2025. Constan tamén acreditados os poderes de representación de D. Carlos Javier Escobosa Pérez (escritura pública de 5 de novembro de 1998, outorgada ante o notario D. José Antonio Rivero Morales) e Dª Ana María Sanromán Rodríguez (escritura pública de 24 de maio de 2021, outorgada ante o notario D. Fernando Olmedo Castañeda) para actuar en nome para actuar en nome e representación de PIES COMPAÑÍA DISCOGRÁFICA, S.L, e ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, respectivamente
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “INDIA MARTÍNEZ” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 6 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 169.400,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 140.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(451).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARTISTA “JASON DERULO” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10440/335.

Visto o informe xurídico do 12/06/2025 e o informe de fiscalización do 13/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 12 de maio de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

contratación do espectáculo do artista "JASON DERULO" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 12 de maio de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2025".
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025", no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista "JASON DERULO".
- Memoria económica de data 12 de maio de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 14 de maio de 2025 (operación nº 12025000057027-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 14 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 14 de maio de 2025, relativa aos seguintes extremos:

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
 - Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 21 de maio de 2025, contrato de 25 de marzo de 2025 asinado entre NUKING UFFPOP, Ind. (empresa propiedade do artista, Jason Desrouleaux segundo consta en escrito de 17 de marzo de 2025 da FLORIDA PROFIT CORPORATION), o seu representante CREATIVE ARTISTS AGENCY, e BARCELONA EVENTS MUSICALS, SL., para a celebración do espectáculo no auditorio de Castrelos o día 8 agosto de 2025. A súa vez, D. Jordi Herreruela Salasesta, en nome e representación desta mercantil cede os dereitos para esta actuación a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., en documento de data 27 de marzo de 2025. Constan acreditados o poder de representación do sr. Herreruela para actuar en nome de BARCELONA EVENTS MUSICALS, SL. (escritura pública de 10 de xuño de 2024, outorgada ante o notario D. Rafael de Córdoba Benedicto), e o de D. Jesús Ignacio Teixeira Rodríguez para actuar en nome e representación de ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. (escritura pública de 26 de marzo de 2015, outorgada ante o notario D. Joaquín López Doval). Constan sendas declaracións responsables de ambos representantes en nome das citadas mercantís poñendo de manifesto un cambio de data do concerto por mor dunha reprogramación de datas debida a *“una serie de circunstancias logísticas imprevistas vinculadas a la disponibilidad y distribución del equipamiento técnico necesario — complicadas por la alta concentración de eventos durante el periodo estival—*“.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Consta no expediente contrato actualizado de 18 de abril de 2025 asinado entre NUKING UFFPOP, Ind. e BARCELONA EVENTS MUSICALS, SL. para a celebración do espectáculo no auditorio de Castrelos o día 3 agosto de 2025.

- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “JASON DERULO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 14 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 550.368,50 euros, sendo o valor estimado do contrato de 454.850,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(452).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ÓPERA “TURANDOT” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10444/335.

Visto o informe xurídico do 12/06/2025 e o informe de fiscalización do 13/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 26 de maio de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo da ópera “TURANDOT” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 26 de maio de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2025".
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025”, no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da ÓPERA TURANDOT.
- Memoria económica de data 26 de maio de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Retención de crédito de data 28 de maio de 2025 (operación nº 12025000067211-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 29 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 29 de maio de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 30 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado, segundo informe do Servizo de Contratación de data 30 de maio de 2025, que D. Nicolae Dohotaru, Director intendenete da Ópera Nacional de Moldavia “Maria Biesu”, en nome e representación desta, cede os dereitos en exclusividade á empresa Leonor Gago Artist Management, SL, para a representación da ópera Turandot de Giocomo Puccini, en escrito de 19 de maio de 2025. Acredítase a cesión da exclusividade por D^a. Leonor Gago Cueto, actuando en nome e representación da citada mercantil (o poder de representación consta na escritura pública de 23 de outubro de 2014 outorgada perante o notario D. Ernesto Martínez Lozano) a Centro Global Ardilia, SLU para a representación da citada ópera o día 9 de agosto de 2025 no Auditorio de Castrelos de Vigo, en escrito de 16 de abril de 2025. Consta así mesmo acreditado o poder de representación de D^a. María Mercedes Baltar Martínez de La Riva, para actuar en nome e representación de Centro Global Ardilia, SLU, en escritura pública de 10 de xaneiro de 2020, outorgado perante o notario D. Miguel Lucas Sánchez.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 30 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que CENTRO GLOBAL ARDILIA, SLU, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobación do expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da

ópera "TURANDOT" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 29 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 78.650,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 65.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(453).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2024-2025. EXPTE. 141/1061.

Visto o informe xurídico do 06/06/2025 e o informe de fiscalización do 16/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 4 de xuño de 2025 o Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu que se iniciase o expediente para a convocatoria das bases reguladoras das subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e actividades socioculturais- período 2024-2025, asinando con data 4 de xuño de 2025 o extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo **entre o 1 de novembro do ano 2024 ata o 31 de outubro do ano 2025.**

A concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para festas tradicionais, patronais, copatronais e gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 370.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio. No apartado 5º "Custes previsibles e fontes de financiamento" do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

PES (Plan Estratéxico de Subvencións) para o ano 2024-2026, a cantidade prevista para o ano 2025 é de 370.000 euros.

O ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar é dende o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro do presente ano 2025. As actividades realizadas no mes de novembro e decembro do ano 2025 incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal efecto redactáronse polo servizo de Festas Especiais a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS; e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

A concesión das subvencións para a **liña 1** realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos conceptos subvencionables 1.1), 1.2) , 1.3), 1.4) e 1.5) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas de especial interese 35.000 €; Festas patronais e copatronais en barrios e parroquias 18.000 €, 12.000 € ou 4.000 €, en función do orzamento e antigüidade da festa; Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 4.000 €, Festivais internacionais folclóricos 12.000 € ou 4.000 € en función do orzamento e antigüidade da festa e Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional doutras autonomías, 12.000 € ou 4.000 € en función do orzamento e antigüidade da festa.

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva para a **liña 2**.

Procederase en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) 1.4) e 1.5) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar correspondentes a liña 2 (programa 2.1 e 2.2) mediante a avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme ao establecido na base sétima – criterios de avaliación- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 370.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) 1.4) e 1.5)) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto a subvencionar será do 75% do importe do proxecto presentado (IVE incluído), e non excederá a cantidade de 3.000 €.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar os datos xustificativos a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Todas as festas tradicionais, patronais, copatronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren, deberán dar cumprimento á lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da Convocatoria, Bases e Extracto das Subvencións para Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen dende o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro do presente ano 2025. e con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei de Galicia 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención Xeral que procedan, coa conformidade da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

PROPOSTA

Primeiro.- Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen entre o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro do ano 2025 na cidade de Vigo.

Segundo.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 370.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ao abeiro da presente convocatoria."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2024-2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o paragrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

A presente convocatoria rexeráse pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2025, Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

II

A Concellería de Festas Especiais ten atribuída a competencia de *“o impulso, a tramitación e xestión das actuacións municipais relacionadas coas festas especiais, en particular, as relativas á celebración do Nadal, a Reconquista, Festa do Magosto, Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento das actividades socioculturais, Festa do Mexilón, Festa do Polbo e Festa da Sardiña”*.

A fin de dar cumprimento ás súas competencias, preténdese a **convocatoria anual de subvencións en concorrencia competitiva destinada a entidades sen ánimo de lucro para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais.**

III

O “Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o horizonte temporal 2024-2026”, como instrumento técnico interno de programación (aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08/03/2024, expte electrónico 277-143) contempla a seguinte liña:

ÁREA DE	PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS ESPECIAIS
Liña estratéxica: 4. FOMENTO DE ACTIVIDADES SOCIAIS	4.3. Actividades de alta participación de persoas. 4.6. Eventos de interese municipal. 4.7. Actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc
1º.- Obxectivos estratéxicos	- Fomento de acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, social e de espazos de convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo turístico e comercial. -Fomento da participación activa da cidadanía no desenvolvemento de accións que poidan ser consideradas de interese social e económico para a cidade coa conseguinte mellora da cidade de vida e cohesión social do municipio. -Fortalecemento do tecido asociativo que traballa no ámbito comercial, lúdico, socio-cultural. - Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que completen ou suplan aquelas de competencia municipal. - Enxalzamento gastronómico dos produtos da nosa zona.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

No seu apartado XI, dito plan establece que “o Concello de Vigo e os seus entes dependentes, concederán subvencións, nos termos da normativa vixente en materia de subvencións, mediante convocatoria pública en réxime de concorrència competitiva, ou excepcionalmente, a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamento que se atopen na situación que motiva a subvención”.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade, consonte coas seguintes,

BASES

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais da Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais durante o período comprendido entre o **1 de novembro do ano 2024 ata o 31 de outubro do ano 2025**, na cidade de Vigo.

Segunda.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables aquelas festas, programas e actividades organizadas por entidades xurídicas non empresariais e sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade.

O ámbito temporal dos programas de actividades e gastos a subvencionar será dende o **1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro do presente ano 2025**, ambos os dous incluídos. **As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2025 incorporaranse á convocatoria do vindeiro ano 2026.**

Non se admitirán programas que agrupen varias festas ou actividades diferentes.

A mesma festa, programa ou actividade soamente poderá ser obxecto dunha única liña de subvención.

DEFÍNENSE AS SEGUINTE LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

As entidades participantes tan só poderán optar a un máximo de DÚAS (2) subvencións dentro desta liña para festas diferentes.

1.1.- Festas de especial interese, patronais e/ou copatronais, da cidade que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.1.1 Festas celebradas **no ámbito urbano** cunha antigüidade de máis de **75 anos** e un presuposto superior a 60.000 € (IVE incluído).

1.2.- Festas tradicionais, patronais e copatronais, de barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.2.1..... Festas cunha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto superior a 60.000 € (IVE incluído).

1.2.2 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.2.3 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

1.3.- Festas gastronómicas de especial interese que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.3.1 Festas gastronómicas que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos.

1.4.- Festivais folclóricos internacionais que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.4.1 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.4.2 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

1.5.-Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.5.1 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.5.2 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

Todas as entidades solicitantes deberán estar rexistradas no Concello de Vigo e as actividades realizaranse dentro do termo municipal. No caso de interrupción temporal, teranse en conta unicamente as condicións de antigüidade anteriores á interrupción.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

As entidades participantes poderán optar a un máximo de DÚAS (2) subvencións para festas diferentes dentro desta liña.

2.1.-Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.

2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

Todas as entidades solicitantes deberán estar rexistradas no Concello de Vigo e as actividades realizaranse dentro do termo municipal. No caso de interrupción temporal, teranse en conta unicamente as condicións de antigüidade anteriores á interrupción.

Terceira.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A concesión das subvencións axustarase á aplicación orzamentaria do Servizo de Festas nº 3380.4890000 "Transf. a entidades e comisións de festas" por importe total de 370.000 euros.

Cuarta.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total da festa, programa ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xuño (Regulamento da Lei xeral de subvencións).

Quinta.- REQUISITOS-DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar subvención, as entidades non empresariais e sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

1.- As entidades que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, sen ánimo de lucro e que non desenvolvan actividade empresarial.

2.- Que a actividade se celebre dentro do termo municipal de Vigo

3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes coas establecidas nas presentes Bases.

4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acrediten a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

5.- As persoas ou entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiarias da subvención, das previstas no citado artigo para o que se esixirá ás entidades solicitantes unha declaración de non estar incursas nas devanditas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos nos que sobre as entidades beneficiarias das axudas económicas recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

6.- As entidades solicitantes deben atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias:

- Coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (ATRIGA).
- Coa Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado.
- Coa Seguridade Social.
- Co Concello de Vigo.

A entidade solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, pode autorizar á comisión avaliadora a comprobación dos datos acreditativos de tal extremo aos departamentos administrativos responsables. No caso de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás entidades solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

No caso de opoñerse a dita consulta (mediante indicación expresa no modelo de solicitude) deberán achegar ditos certificados debidamente actualizados e cunha vixencia inferior a seis meses.

Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- Entidades cuxo obxecto social sexa actividade empresarial.
- As entidades con ánimo de lucro.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Sexta.- FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACIÓN

6.1.- FORMA DE PRESENTACIÓN

- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.
- As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web e asinadas electrónicamente polo representante da entidade solicitante:
<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=cas>
- Todas as **solicitudes** deberán achegarse antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.
- Todas as **subsanacións** realizadas deberán achegarse antes do remate do prazo outorgado no requirimento remitido a tal efecto, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

6.2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será o establecido no anuncio que, como estrato desta convocatoria, se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das AAPP.

O cómputo de dito prazo realizarase consonte co establecido no art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) da LPAC en relación co previsto na

Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico.

6.3.- MODELO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes realizaranse mediante a presentación do modelos establecidos que se achegan nos anexos das presentes bases.

6.4.- DOCUMENTACIÓN

Todos os anexos deberán presentarse debidamente cubertos, asinados electronicamente polo representante legal da entidade solicitante e con indicación da data da sinatura.

A falta de sinatura electrónica dalgún Anexo supón a exclusión do procedemento.

6.4.1.- Liña de subvención 1

Documentación a presentar no momento da solicitude:

- 1.- Modelo de solicitude (ANEXO I).
- 2.- Declaración responsable da liña 1 (ANEXO I.1).
- 3.- Ficha resume de cada programa (ANEXO II).
- 4.- Orzamento de gastos e ingresos de cada programa (ANEXO III).
- 5.- Documento acreditativo da representación.
- 6.- Copia do CIF/NIF da entidade solicitante.
- 7.- Copia do NIF da persoa que representa á entidade solicitante.
- 8.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- 9.- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria.
- 10.- Documento acreditativo de que a entidade solicitante é unha entidade sen ánimo de lucro.
- 11.- Copia dos estatutos da entidade solicitante.
- 12.- Tal e como se indicou na base quinta, **no caso de a entidade solicitante se opoña expresamente** á consulta de débedas por esta administración, deberá achegar xunto á súa solicitude os certificacións de estar ao corrente coas débedas de:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

- Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite ao Concello de Vigo á obtención dos citados datos, poderá solicitarse ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

6.4.2.- Liña de subvención 2

Documentación a presentar no momento da solicitude:

- 1.- Modelo de solicitude (ANEXO I).
- 2.- Declaración responsable da liña 2 (ANEXO I.2).
- 3.- Ficha resume de cada programa (ANEXO II).
- 4.- Orzamento de gastos e ingresos de cada programa (ANEXO III).
- 5.- Documento acreditativo da representación.
- 6.- Copia do CIF/NIF da entidade solicitante.
- 7.- Copia do NIF da persoa que a representa á entidade solicitante.
- 8.- Copia dos estatutos da entidade solicitante.
- 9.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- 10.- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria.
- 11.- Documento acreditativo de que a entidade solicitante é unha entidade sen ánimo de lucro.
- 12.- Tal e como se indicou na base quinta, **no caso de a entidade solicitante se opoña expresamente** á consulta de débedas por esta administración, deberá achegar xunto á súa solicitude os certificacións de estar ao corrente coas débedas de:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria.
 - Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite ao Concello de Vigo á obtención dos citados datos, poderá solicitarse ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

13.- No caso de que a actividade a subvencionar consista en **publicacións periódicas** de carácter informativo e divulgativo no ámbito da animación sociocultural, cumprirán os seguintes requisitos:

1. Non pode ter a condición de boletín interno da asociación.
2. Deberán achegar xunto á solicitude un proxecto editorial no que se inclúa, entre outros datos:
 - Os responsables da redacción e da edición.
 - Índice.
 - Número de páxinas.
 - Número de exemplares.
 - Características (tamaño, cores, papel, etc).
 - Periodicidade da tirada.
 - Números xa publicados.
 - Sistema de distribución.
 - Plan de financiamento.
3. Deberán achegar documentación acreditativa sobre a disposición relativa ao depósito legal.
4. Indicarase na contraportada da publicación que está subvencionada pola Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.
5. Deberán depositar gratuitamente tres exemplares na Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais no prazo máximo dun mes dende a súa edición.
6. Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarse, xunto ao programa, un exemplar dela. En caso contrario, achegarase xunto á documentación xustificativa da subvención outorgada.

14.- No caso de que a actividade a subvencionar consista no desenvolvemento de **cursos de formación**, achegarase:

1. O currículo do profesorado.
2. Os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a.
3. As características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

A Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

Sétima.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

LIÑA SUBVENCIÓN 1

Tódalas entidades que cumpran os requisitos previstos nestas bases para esta Liña serán beneficiarias da asignación fixa correspondente.

LIÑA SUBVENCIÓN 2

Na valoración das actividades socioculturais incluídas na Liña de subvención 2 aplicaranse as seguintes puntuacións ata un **máximo de 100 puntos**:

7.1. Criterios de avaliación da entidade solicitante: ata 40 puntos.

7.1.1: Traxectoria e antigüidade da entidade solicitante: ata 10 puntos.

Puntuación valorada en base aos datos relativos a antigüidade sinalados pola entidade solicitante na súa declaración responsable (ANEXO I.2) e trasladados á táboa de puntuación.

Traxectoria e antigüidade da entidade solicitante					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Máis de 61 anos
0 ptos.	2 ptos.	4 ptos.	6 ptos.	8 ptos.	10 ptos.

7.1.2: Masa social e representatividade: ata 20 puntos

Enténdese como masa social, o número de habitantes do ámbito de influencia da entidade solicitante e como representatividade a porcentaxe resultante do número de socios entre a poboación ou masa social.

Puntuación valorada sobre a información achegada pola entidade solicitante sobre o número de socios e poboación no seu ámbito de influencia no ano 2024 recollida nos anexos I.2 ou sobre o plano facilitado polo departamento de estadística a petición da entidade solicitante, relativo á poboación que abarca o seu ámbito de influencia con relación ao número de socios e trasladada á táboa de puntuación.

Masa social e representatividade									
Menos do 6%	Do 6% ao 10%	Do 11% ao 15%	Do 16% ao 20%	Do 21% ao 25%	Do 26% ao 30%	Do 31% ao 35%	Do 36% ao 40%	Do 41% ao 50%	Mais do 50%
2 ptos.	4 ptos.	6 ptos.	8 ptos.	10 ptos.	12 ptos.	14 ptos.	16 ptos.	18 ptos.	20 ptos.

7.1.3: Ámbito xeográfico da poboación destinataria: ata 10 puntos

Puntuación valorada en base aos datos do alcance social sinalados pola entidade no ANEXO I.2 e trasladados a táboa de puntuación.

Ámbito xeográfico da entidade solicitante e poboación destinataria			
Barrio	Parroquia	Distrito	Municipal
4 ptos.	6 ptos.	8 ptos.	10 ptos.

7.2.- Criterios para avaliación de cada programa: ata 60 puntos

7.2.1. Interese e calidade do programa: Ata 50 puntos.

7.2.1.1.- Fundamentación das necesidades, razón, obxectivo e alcance do programa:

- Valórase ata **20 puntos** a aqueles programas de interese sociocultural cun contido que complementa ou supla a programación que sexa competencia do servizo de Festas Especiais.

7.2.1.2.- Innovación:

- Valórase ata **5 puntos** aquelas propostas innovadoras ou diferentes.

7.2.1.3.- Consolidación:

- Valórase ata **5 puntos** as propostas consolidadas no tempo e que levan realizándose dende hai anos.
- Outorgaráselle un punto por cada 5 anos de antigüidade ata un máximo de 5 puntos.

7.2.1.4.- Temporización:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

- Valóranse ata **10 puntos** aqueles programas que leven un calendario de preparación da actividade ou cuxo desenvolvemento sexa realizado ao longo de varias xornadas ou espazos de tempo diferente.

7.2.1.5.- Recursos humanos e materiais:

- Valorarase ata **10 puntos** aqueles programas que impliquen a participación dos recursos humanos e materiais propios da entidade solicitante.

7.2.2. Viabilidade técnico-económica e financeira do programa: ata 10 puntos.

7.2.2.1.- Viabilidade económica: Valorarase ata 10 puntos.

- O resultado da puntuación ven dado polo traslado á táboa de puntuación da porcentaxe económica que solicitan con respecto ao custe do programa, segundo consta no orzamento achegado no anexo III das bases.

Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto. Importe subvencionado								
Do 0% ao 10%	Do 11% ao 20%	Do 21% ao 30%	Do 31% ao 40%	Do 41% ao 50%	Do 51% ao 60%	Do 61% ao 70%	Do 71% ao 75%	Do 76% ou máis
10 ptos.	8 ptos.	6 ptos.	5 ptos.	4 ptos.	3 ptos.	2 ptos.	1 ptos.	0 ptos.

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos puntos 7.1.1., 7.1.2 e 7.1.3 son obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes ou obtidos de oficio polo servizo de Festas Especiais.

A non xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é unha causa de desestimación.

A Comisión de Avaliación encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade solicitante xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

Oitava.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

8.1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Festas Especiais que revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida.

8.2.- As liñas 1 e 2 poderán tramitarse de xeito individualizado unha vez recibidas o total das solicitudes, clasificadas e valoradas en cadansúa liña, e coñecido o importe a conceder na liña 1.

8.3.- Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común, se a documentación achegada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítiranse os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, previo informe do servizo.

8.4.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, que actuará como presidente, persoal técnico da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais que actuará como vogal e a administrativa do servizo de Festas que actuará como secretaria da Comisión, sen prexuízo dos suplentes que poderán ser nomeados por ausencia dos anteditos titulares.

En cumprimento do disposto no art. 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións, o órgano instrutor acreditará na proposta que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a información que obra no seu poder.

8.5.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes ás que se refire a base novena e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base sétima.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

8.6.- Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.hoxevigo.org).

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta da xefatura do responsable Festas Especiais.

A resolución notificarase electronicamente ás entidades solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica.

As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades solicitante ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común).
- O recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Así mesmo en calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desestimento que será aceptado de plano pola administración competente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s de conformidade cos artigos 84 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Novena.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES

9.1.- Unha vez presentadas, serán desestimadas as seguintes solicitudes:

1. Aquelas que, para a mesma finalidade, foran solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
2. Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
3. Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens, os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
4. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
5. Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
6. Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
7. Aquelas que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual para a Liña 2 de 30 puntos, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

9.2.- Tamén se desestimarán as solicitudes que:

1. Se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria.
2. Teñan pendentes xustificar en tempo e forma algunha das subvencións concedidas na convocatoria do ano 2024.
3. Non se presenten cun proxecto específico.
4. Se refiran a actividades non recollidas na base segunda.
5. Conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.
6. Foran presentadas por entidades que desenvolvan actividade empresarial ou teñan ánimo de lucro.
7. Foran presentadas por entidades que teñan previsto realizar as actividades obxecto de subvención fora do termo municipal de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

8. Non se presenten por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.
9. Contén algún Anexo ou documento sen sinatura electrónica.

Cando unha entidade solicitante, achegue máis dunha solicitude para o desenvolvemento dunha festa, programa ou actividade dentro dunha mesma liña de subvención das descritas na base segunda, sempre que exista limitación en dita liña, daráselle un trámite de audiencia de tres días para que escolla o proxecto para o que solicita a subvención e renuncie ao/s outro/s achegado/s. No caso de non facelo, desestimarase as súas solicitudes por non axustarse ás limitacións establecidas nestas bases.

Décima.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO

O presente procedemento rexerase por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as vixentes Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo primeira: CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

11.1. Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

11.1.1.- Festas de especial interese, patronais e/ou copatronais, da cidade que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **35.000 €**

11.1.2.- Festas tradicionais, patronais e copatronais, de barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **18.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
3. **Contará cunha asignación fixa de 4.000 €**

11.1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

11.1.4.- Festivais internacionais folclóricos que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

11.1.5.-Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional doutras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

11.2. Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

O importe que se distribuirá entre as solicitudes a esta liña será o resultado de restar ao crédito orzamentario da partida 3380.4890000 (370.000,00 €) a suma do importe concedido aos conceptos subvencionables da Liña 1.

Este importe dividirase entre o total de puntos obtidos por todos os programas admitidos coa fin de obter o valor por punto en euros. O importe que se asignará a cada entidade solicitante é o resultado do produto entre os valores por punto e os puntos obtidos en cada programa admitido.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada programa subvencionable terá como límite o 75% do presuposto do proxecto presentado (IVE incluído) e non excederá a cantidade de 3.000 €.

Décimo segunda.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencions e o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escritos.

O Servizo de Festas Especiais facilitará un modelo tipo para a colocación do logotipo de Concello no diferente material impreso (**ANEXO VI**).

f) As festas que opten a subvencións da liña 1 deberán incorporar o logotipo do Concello mediante banderolas ou lonas nas zonas escénicas, ou ambas, (escenarios, palcos, tarimas....) e accesos aos recintos ou espazo do elemento.

As festas que opten a subvencións da liña 2 deberán ter visible o logotipo do Concello de Vigo nos eventos que celebren.

Antes da celebración do eventos deberán consensuar a localización destes elementos co Servizo de Festas Especiais.

g) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, estudará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

h) En cumprimento coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisionas de festas, as festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as ou por comisionas de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.

Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable o a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.

i) Todas as festas tradicionais, patronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren deberase dar cumprimento á lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

k) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

Décimo terceira.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO UNHA VEZ REALIZADO O EVENTO

13.1. Prazo de xustificación.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) as entidades beneficiarias están obrigadas a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a emenda.

A beneficiaria, deberá xustificar, **UNHA VEZ REALIZADO O EVENTO E SEMPRE ANTES DO 15 DE NOVIEMBRE DE 2025 (último día, 14.11.2025)**, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, **poderá ser ampliado** se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

13.2. Forma de xustificación.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

1. CONTA XUSTIFICATIVA, que deberá conter:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

1.1 Solicitude de liquidación e **memoria das actividades** levadas a cabo para a execución de cada programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (**ANEXO IV**), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- O ámbito de execución e indicación do tempo no que leva executándose o evento/festa
- A coordinación do evento
- Os obxectivos
- As persoas destinatarias
- A metodoloxía
- A temporalización: calendario de preparación da actividade ou desenvolvemento en xornadas ou espazos de tempo.
- Os recursos humanos dispoñibles
- Os materiais e recursos económicos
- Os sistemas de seguimento e avaliación do evento
- Descrición da localización dos elementos institucionais (lonas, banderolas, pancartas....) co logo oficial do Concello de Vigo
- Canta información consideren oportuna
- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa
- Fotografías do recintos onde se amosen os elementos coa imaxe institucional (lonas, bandeirolas, pancartas....)

1.2 Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais (orçamento executado) e desviacións con relación ao orzamento inicial (**ANEXO V**).
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se

xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal. A beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel equivalentes ao **100% do orzamento executado** do proxecto presentado.

- De existiren, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- **Achegarán os xustificantes de transferencias ou ingresos realizados a través de entidades bancarias correspondentes que acrediten o pagamento de cada unha das facturas presentadas, non admitíndose a xustificación de pagos en efectivo que superen os límites establecidos na lexislación vixente.**

13.3.- Pagamento da subvención.

Efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da que é titular a entidade beneficiaria, declarada xunto a solicitude.

Os pagamentos das subvencións poderanse aprobar e realizar de xeito individualizado a cada unha das entidades solicitantes, unha vez comprobada e intervida a súa xustificación.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

13.3.1 Dereito a cobro parcial

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Décimo cuarta.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

A axeitada xustificación da subvención á realización da actividade subvencionada e ao cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo Servizo de Festas Especiais. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Décimo quinta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo de Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexta.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

16.1.- Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

16.2.- A beneficiaria poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

16.3.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións: Cando concorran causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

16.4.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

16.5.- En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE OUTORGAMENTO

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, previa solicitude da entidade beneficiaria, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Décimo oitava.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno (LT), a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.sede.vigo.org).

A tales efectos, as administracións outorgantes competentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da LT.

As beneficiarias deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigas de publicidade.

As beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

Décimo novena -SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Vixésima .- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeira.- DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

ANEXO I	
SOLICITUDE	
(É requisito imprescindible o cumprimento de todos os campos)	
SUBVENCIONS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONOMICAS, FESTIVAIS FOLCLORICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2024-2025.	

Nome da entidade solicitante:				
Enderezo:	Código postal:			
NIF ou CIF:	Número Rexistro municipal de Asociacións:			
Teléfonos (móbil de contacto e fixo da entidade solicitante):				
Correo electrónico:				
Número IBAN	Entidade	Sucursal	DC	Número de conta

Datos do representante legal (para persoas xurídicas)

Nome e apelidos:	
Enderezo	Código postal:
Teléfono contacto:	Correo electrónico:
Cargo que ocupa:	

Solicita subvención (máximo 2 programas por cada unha das liñas):

CONCEPTO SUBVENCIONABLE (liña 1) FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS,COPATRONAIS,	<i>1.1 Festas de especial interese e patronais ou copatronais da cidade</i>	MARCAR CON UNA X
	<i>1.2 Festas patronais e copatronais de barrios e parroquias</i>	
	<i>1.3 Festas gastronómicas de especial interese</i>	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

CONCEPTO SUBVENCIONABLE (liña 1)	<u>1.1 Festas de especial interese e patronais ou copatronais da cidade.</u>	
FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS E FESTIVAIS FOLCLÓRICOS.	<u>1.4 Festivais folclóricos internacionais.</u>	
	<u>1.5 Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.</u>	
		IMPORTE A SOLICITAR
CONCEPTO SUBVENCIONABLE (liña 2)	<u>2.1 Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.</u>	
ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS/ ARTES ESCÉNICAS.	<u>2.2 Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.</u>	

Documentación que se achega

- Copia do CIF/NIF da entidade solicitante e documento acreditativo da persoa que actúe en representación desta.
- Copia do NIF da persoa que representa á entidade solicitante.
- Declaración responsable relativa aos datos da entidade solicitante (ANEXO I.1 ou ANEXO I.2, segundo corresponda)
- Estatutos da entidade solicitante.
- Ficha resume do programa solicitado (ANEXO II)
- Presuposto do programa (ANEXO III)
- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria.
- Documento acreditativo de que a entidade solicitante é unha entidade sen ánimo de lucro.

Vigo, de 20__

Sinatura dixital do representante legal da entidade

AO EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

ANEXO I.1
DECLARACIÓN RESPONSABLE
Liña 1

SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2024-2025.

D/Dña con
NIF e **endereço**
en..... en calidade de
representante legal da entidade

DECLARA:

1.- Que na reunión do órgano de dirección da entidade solicitante, levada a cabo o día/...../....., adoptouse o acordo de solicitar subvención para os programas que se indican na solicitude.

2.- Que á entidade solicitante se lle concederon outras axudas: ☐ si ☐ non

3.-Que se solicitaron outras subvencións para a mesma finalidade: ☐ si ☐ non

Relación de axudas solicitadas para cada proxecto	Importe



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Relación de axudas aprobadas para cada proxecto	Importe

4.- Que a entidade solicitante non está incursoa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 10 apartados 2 e 3 da Lei 9/2002 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e que son certos os datos presentados.

5.- Que a entidade solicitante non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vigo no pasado exercicio económico.

6.- Que a entidade solicitante atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, coa Xunta de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e (marcar cun "X")_

- AUTORIZA ☐
- NON AUTORIZA ☐

á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo

7.- Que a entidade solicitante á que represento non ten actividade empresarial nin ánimo de lucro.

8. A tal efecto, achéganse os seguintes **datos xerais da entidade** solicitante co fin de que o Concello proceda á valoración da solicitude:

8.1.- Traxectoria e antigüidade da entidade:

Ano de constitución da entidade solicitante:					
Traxectoria e antigüidade da entidade solicitante					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Maís de 61 anos

Vigo, de de 20__

Sinatura dixital do representante legal da entidade



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

**ANEXO I.2
DECLARACIÓN RESPONSABLE
Liña 2**

**SUBVENCÍONS PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E
RELACIONADAS COAS ARTES ESCÉNICAS PERÍODO 2024-2025.**

D/Dna. con
NIF e enderezo
en en calidade de representante
legal da entidade

DECLARA

1.- Que na reunión do órgano de dirección da entidade solicitante, levada a cabo o día/...../....., adoptouse o acordo de solicitar subvención para os programas que se indican na solicitude.

2.- Que á entidade solicitante se lle concederon outras axudas: ☐ si ☐ non

3.- Que se solicitaron outras subvencións para a mesma finalidade: ☐ si ☐ non

Relación de axudas solicitadas para cada proxecto	Importe

Relación de axudas aprobadas para cada proxecto	Importe

4.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 10 apartados 2 e 3 da Lei 9/2002 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e que son certos os datos presentados.

5.- Que a entidade solicitante non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vigo no pasado exercicio económico.

6.- Que a entidade solicitante atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, coa Xunta de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e (marcar cun "X"):

- AUTORIZA ☐
- NON AUTORIZA ☐

á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo

7.- Que a entidade solicitante á que represento non ten actividade empresarial nin ánimo de lucro.

8.- A tal efecto, achéganse os seguintes **datos xerais da entidade** solicitante co fin de que o Concello proceda á valoración da solicitude:

8.1: Datos xerais

Año de constitución da entidade solicitante:					
Traxectoria e antigüedad da entidade					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Maís de 61 anos

8.2.- Masa social, representatividade e participación

Número de persoas asociadas	Año	Total
	0	
	0	

Data da última renovación da Xunta:/...../.....

Cargos renovados:

.....

.....

Indicar o número de persoas que abarca o ámbito territorial da entidade solicitante:

8.3.- Ámbito de intervención da entidade solicitante e alcance social:

Barrio	Parroquia	Distrito	Municipal



*Deberá xustificar a existencia dunha sede fora do termo municipal.

Sinatura dixital do representante legal da entidade

ANEXO II:
FICHA RESUMO DO PROGRAMA
(débesse achegar unha ficha por cada programa que se presente)

SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2024-2025.

N.I.F. da entidade

solicitante :

Concepto subvencionable:

Nome do programa:

Obxectivos do programa:.....

.....

Fundamentación (consideracións xerais de porque se vai facer este proxecto: motivacións da entidade organizadora, situación de partida, realidade que nos fai realizar o proxecto, situación que se trata de paliar ou resolver, etc.):

☐ proxecto de nova creación

☐ proxecto que xa existía

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Ámbito do programa:

☐ a propia asociación ☐ barrio

☐ parroquia

☐ distrito ☐ municipal

☐ comarcal ☐ provincial

☐ autonómico

☐ estatal ☐ internacional

Colectivo de idade ao que se dirixe o programa (marque unha única casíña principal):

☐ todas as idades

☐ infantil (ata 13 anos)

☐ adolescentes (de 14 a 17)

☐ novos (de 18 a 35)

☐ adultos

☐ maiores

Descrición das actividades e metodoloxía (actividades programadas ao longo do proxecto, como se van facer, técnica e instrumentos que van ser utilizados, organización do equipo, interno, localización, etc):

.....

.....



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

.....

.....

.....

.....

.....

Período do programa:

Data inicio...../...../.....

Data remate...../...../.....

Periodicidade:

actividades	Ano 2024		Ano 2025									
	Novembr o	decembro	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O

Vigo, de de 20__

Sinatura dixital do representante legal da entidade

Anexo III
ORZAMENTO DO PROGRAMA

(débesse achegar un orzamento por cada programa que se presente)

SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2024-2025.

NOME DO PROGRAMA:

GASTOS		INGRESOS	
Concepto	Importe	Concepto	Importe
Directos			
Indirectos (máximo 10%)		Outras achegas	
TOTAL GASTOS		TOTAL INGRESOS	

Vigo,

de

de 20__



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Sinatura dixital do representante legal da entidade

ANEXO IV: MEMORIA XUSTIFICATIVA (débase achegar unha memoria por cada programa subvencionado)
SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2024-2025.

D/Dña.....con
 NIFen representación da entidade
 solicitante

CERTIFICO

Que o(s) proxecto(s) subvencionados por acordo da Xunta de goberno local de data
 realizouse/realizáronse nas condicións previstas, o que se acredita coa presente memoria que se
 achega coa documentación complementaria.

		MARCAR CON UNA X
CONCEPTO SUBVENCIONABLE (liña 1) FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS E FESTIVAIS FOLCLÓRICOS.	<u>1.1 Festas de especial interese e patronais ou copatronais da cidade</u>	
	<u>1.2 Festas patronais e copatronais de barrios e parroquias</u>	
	<u>1.3 Festas gastronómicas de especial interese</u>	
	<u>1.4 Festivals folclóricos internacionais</u>	
	<u>1.5 Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.</u>	
		IMPORTE A SOLICITAR
CONCEPTO SUBVENCIONABLE (liña 2) ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS/ ARTES ESCÉNICAS.	<u>2.1 Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.</u>	
	<u>2.2 Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.</u>	

DECLARO

- Que todos os datos que contén a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares de dereito que incorporan.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para un mesmo programa ou actividade non superaron o custe total do programa ou actividade subvencionada.
- Que foi practicada a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos a retención, así como que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (no caso de empregar os ditos xustificantes).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

6. Que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo art. 31.7. da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso o Concello de Vigo, poderá solicitar estes datos de oficio.
7. Que as facturas presentadas para a xustificación da subvención son orixinais.
8. Que asume o IVE do importe das facturas presentadas: **SI** ___ **NON** ___

SOLICITO

Que sexa ingresado o importe subvencionado na seguinte conta bancaria:

Nome do titular da conta:

Nome da entidade bancaria:

Nº IBAN				Entidade				Sucursal				DC		Número de conta											

1.Fundamentación

Valoración dos datos xerais do programa e do proxecto, e se este respondeu ao que se pretendía.

.....
.....
.....
.....
.....

2. Obxectivos

Valoración do nivel de alcance dos obxectivos do proxecto, dos recursos adicados, custes, participación

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

3. Usuarios

Valoración dos usuarios (persoas ás que realmente alcanzou) do proxecto.

Nº Persoas:

Colectivo de idade ao que chegou o programa (marque unha única caixa de verificación principal)	Todas as idades	Infantil (< 13 anos)	Adolescentes (de 13 a 17)	Novos (de 18 a 35)	Adultos	Maiores

No caso de tratárense de colectivos específicos, indique as características que os identifican:

.....

.....

4. Descripción das actividades realizadas

Exposición breve, lóxica e descritiva que permita entender que actividades se levaron a cabo e como; así mesmo, as non realizadas, conforme ao contido do proxecto presentado.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

5. Recursos

Recursos humanos (persoas coas que se contou para o desenvolvemento do proxecto e a súa relación coa entidade solicitante)

Categoría/cualificación	Número	Dedicación de horas	Relación laboral (voluntarios, contratados, colaboradores, profesionais externos, etc.)	Tarefas/funcións

Lugar de realización (instalacións e equipamento utilizado e grao de adecuación á actividade):

.....

.....

.....

.....

.....

Recursos técnicos (asesoramento, formación, supervisión, información, etc)

.....

.....



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1918/1102

Recursos materiais (aquilo que foi preciso adquirir para o desenvolvemento do proxecto, sexan funxíbeis ou non)

.....
.....
.....
.....

Sistema de información, comunicación e publicidade

Folletos	Carteis	Inserción en prensa	Outros (indicar)
Nº	Nº		

Outras observacións sobre o proxecto

.....
.....
.....

6. Avaliación

Avaliación dos indicadores dos sistemas de seguimento e da execución final

.....
.....
.....

7. Orzamento xustificado

A xustificación económica da totalidade dos gastos e ingresos do proxecto con achega das facturas orixinais emitidas á nome da entidade solicitante xunto aos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento.

CUSTES DIRECTOS

Nº de orde	Nº factura	Data da factura	Provedor	CIF/NIF provedor	Concepto	Importe facturas	DATA PAGAMENTO	FORMA PAGAMENTO
Custos directos								

RESUMO TOTAL GASTOS

TOTAL GASTOS DIRECTOS	
TOTAL GASTOS INDIRECTOS	
TOTAL GASTOS	

8. Viabilidade futura do proxecto

Valoración final e posíbeis propostas de mellora do proxecto. No caso de tratarse dun proxecto con posibilidade de continuidade, indicar, no seu caso, as medidas correctoras e de mellora do mesmo.

.....

.....

.....

.....

.....

9. Suxestións

Suxestións ao Concello de Vigo en relación coa convocatoria

.....

.....

.....

.....

10. Anexo documental

Documentación anexa á memoria xerada pola actividade do proxecto

- | | |
|---|---|
| ☐ material de difusión, información e publicidade, carteis | ☐ programa de man |
| ☐ enquisa de auto avaliación dos participantes | ☐ documentación fotográfica, prensa. |
| ☐ Outros (indique)..... | ☐ memoria complementaria |

Vigo, de

de 20__

Sinatura dixital do representante legal da entidade



Concello de Vigo

ANEXO V
BALANCE ECONÓMICO FINAL DO PROGRAMA
(débase achegar un balance por cada programa que se presente)

SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2024-2025.

NOME DO PROGRAMA:

GASTOS		INGRESOS	
Concepto	Importe	Concepto	Importe
Directos		Directos	
Indirectos (máximo 10%)		Outras achegas	
TOTAL GASTOS		TOTAL INGRESOS	

Sinatura dixital do representante legal da entidade

ANEXO VI

MODELO TIPO PARA A COLOCACIÓN DO LOGOTIPO DE CONCELLO NO DIFERENTE MATERIAL IMPRESO

**CONCELLO
DE VIGO**



**Nome da festa ou
celebración**

**Programa da festa ou
celebración**

Outros patrocinadores



Concello de Vigo

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO PERÍODO 2024 - 2025

CONVOCATORIA

Primeira.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais durante o período 2024 - 2025 e que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 370.000€ con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Terceira.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrència competitiva.

A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados nas bases, coa excepción da liña 1, referente aos conceptos subvencionables 1.1), 1.2) , 1.3), 1.4) e 1.5) da convocatoria, que se lles aplicará unha cantidade fixa.

Cuarta.- Publicación, prazo e forma e forma de presentación de solicitudes

4.1.- Publicación

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO.

4.2.- Plazo

O prazo de presentación das solicitudes será o establecido na convocatoria anual nun período de 15 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.hoxevigo.org), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

4.3.- Forma de presentación

- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.
- As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web e asinadas electrónicamente polo representante da entidade solicitante:
<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=cas>
- Todas as **solicitudes** deberán achegarse antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.
- Todas as **subsanacións** realizadas deberán achegarse antes do remate do prazo outorgado no requirimento remitido a tal efecto, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

Quinta.- Solicitantes

Persoas xurídicas sen ánimo de lucro a todos os conceptos a subvencionar, segundo o indicado nas bases.

Sexta.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas Especiais dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e de acordo co previsto na **Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.**



Concello de Vigo

Sétima.- Ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar:

O ámbito temporal dos programas de actividades e gastos a subvencionar será dende o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro do presente ano 2025. As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2025 incorporaranse á convocatoria do vindeiro ano 2026.

Oitava- Liñas de subvencións. Conceptos a subvencionar.

Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

As entidades participantes tan só poderá optar a un máximo de DÚAS (2) subvencións dentro desta liña para festas diferentes.

1.1.- Festas de especial interese, patronais e/ou copatronais da cidade que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.1.1 Festas celebradas **no ámbito urbano** cunha antigüidade de máis de 75 anos e un presuposto superior a 60.000 € (IVE incluído).

1.2.-Festas tradicionais, patronais e copatronais de barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.2.1..... Festas cunha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto superior a 60.000 € (IVE incluído).

1.2.2 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.2.3 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

1.3.- Festas gastronómicas de especial interese que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.3.1 Festas gastronómicas que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos.

1.4.- Festivais folclóricos internacionais que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.4.1 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.4.2 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

1.5.-Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.5.1 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.5.2 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

Todas as entidades solicitantes deberán estar rexistradas no Concello de Vigo e as actividades realizaranse dentro do termo municipal. No caso de interrupción temporal, teranse en conta unicamente as condicións de antigüidade anteriores á interrupción.

Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

As entidades participantes poderán optar a un máximo de DÚAS (2) subvencións para festas diferentes dentro desta liña.

2.1.-Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.

2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

Todas as entidades solicitantes deberán estar rexistradas no Concello de Vigo e as actividades realizaranse dentro do termo municipal. No caso de interrupción temporal, teranse en conta unicamente as condicións de antigüidade anteriores á interrupción.

Novena: Contía individualizada das Subvencións

9.1. Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

9.1.1.- Festas de especial interese e patronais e/ou copatronais da cidade que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha **asignación fixa de 35.000 €**

9.1.2.-Festas tradicionais, patronais e copatronais de barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **18.000 €**

2. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**

3. **Contará cunha asignación fixa de 4.000 €**

9.1.3.- Festas gastronómicas de especial interese que se veñan desenvolvendo de forma continuada .

1. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**



Concello de Vigo

9.1.4.- Festivais folclóricos internacionais que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

9.1.5.- Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

9.2. Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

O importe que se distribuirá entre as solicitudes a esta liña será o resultado de restar ao crédito orzamentario da partida 3380.4890000 (370.000,00 €) a suma do importe concedido aos conceptos subvencionables da Liña 1.

Este importe dividirase entre o total de puntos obtidos por todos os programas admitidos coa fin de obter o valor por punto en euros. O importe que se asignará a cada entidade solicitante é o resultado do produto entre os valor por punto e os puntos obtidos en cada programa admitido.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada programa subvencionable terá como límite o 75% do presuposto do proxecto presentado (ive incluído) e non excederá a cantidade de 3.000 €.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2024-2025.

Proposta de Extracto do acordo de data _____ da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no período 2024 – 2025.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b). e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria cuxo texto completo podese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

Primeiro.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e desenvolvemento de actividades socioculturais durante o período 2024 – 2025 e que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 370.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Terceira.- Beneficiarios

Poderán solicitar subvención, as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria anual e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas dende o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025, ámbolos dous incluídos, na cidade de Vigo.

Cuarto.- Bases Reguladoras

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Estarán a disposición dos interesados no servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e servizo de Festas dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO).

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O Prazo de presentación das solicitudes será o establecido na convocatoria, nun período de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

Sexta.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas, dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei



Concello de Vigo

39/2015, e de acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

18(454).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVEO FACILITY MANAGEMENT S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EDIFICIO DA UNED, AUDITORIO MUNICIPAL (ESPACIOS COMÚNS) E APARCADOIRO. EXPTE. 22139/240.

Visto o informe xurídico do 14/05/2025 e o informe de fiscalización do 11/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/05/2025, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Primeiro.- En data 22.04.2025 formúlouse, por este Servizo de Patrimonio, proposta á Xunta de goberno local de *aboamento, mediante indemnización substitutiva, de 94.232,22 € a favor de Serveo Facility Management, S.A. pola prestación do servizo de mantemento integral do edificio da UNED, auditorio municipal (espacios comúns) e aparcadoiro no período 01.01.2025 ao 31.03.2025 con cargo á aplicación orzamentaria nº 93302279902 correspondente ás facturas referidas no antecedente octavo da presente.*

A Intervención Xeral emite informe a dita proposta, en data 8/05/2025, no que conclúe que procede aprobar unha indemnización polo importe sinalado a favor de dita entidade, mediante expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, para o que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente nos vixentes orzamentos municipais si ben, previamente, debería incorporarse ao expediente informe da Asesoría Xurídica Municipal.

Pola Asesoría Xurídica no seu informe do 14/05/2025 conclúe, coincidindo coa intervención xeral, na procedencia desta vía indemnizatoria de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración, sinalando non obstante que previamente a súa aprobación, completárase o informe proposta e documentación do expediente na acreditación das circunstancias que neste se expoñen.

Segundo.- Atendendo o requerido pola Asesoría Xurídica, procedeuse a incorporar ó expediente 22139.240 as facturas cuio aboamento e obxecto de tramitación, así como o informe de data 26/05/2025 da Adxunta a Dirección de Ingresos respecto ao cambio de denominación da mercantil VALORIZA FACILITIES SA a SACYR FACILITIES SA, con NIFA83709873, e na actualidade co nome SERVEO FACILITY MANAGEMENT SA.

No que atinxe as circunstancias dos feitos que deron lugar ao informe proposta de pagamento da indemnización substitutiva, sen prexuízo do que xa consta sinalado no informe proposta do 22 de abril do 2025 (ao que remítese co fin de evitar innecesarias repeticións), cumpre facer as seguintes consideracións ampliando a información e datos xa facilitados no mesmo.

I.- Como se reflexa nos antecedentes de dito informe proposta, a orixe da vinculación contractual coa mercantil atopámola en que o por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra de data 13 de novembro de 2017, dispúxose o cese total da actividade de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finalizó o 31 de marzo de 2018; data na que se produxo a recepción de dita obra pública polo Concello de Vigo.

Como consecuencia disto, a Xunta de Gobierno Local, en sesións de data 09.03.2018 e 27.03.2018 pronunciouse sobre os contratos vixentes que tiña concertado a anterior concesionaria, acordando ó efecto, entre outros, a continuación e non resolución, a partires do 31 de marzo de 2018, dos contratos de xestión integral do conxunto da obra pública Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias e da xestión integral do aparcadoiro sito na mesma, concertados por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. o 1 de xaneiro de 2015 con Valoriza Facilities, S.A.U., ata o 31 de decembro de 2018 e dispoñer así mesmo que polos servizos da Área de Patrimonio e, de se lo caso, polos servizos da Área de Seguridade e Mobilidade se proceda a iniciar expediente para a adxudicación en procedemento de pública concorrência da contratación das prestacións obxecto dos mesmos.

Estes contratos de xestión integral serían:

1.- Contrato de prestación de servizos, asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U., o 1 de xaneiro de 2015, para a xestión integral dos edificios do complexo Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias. A xestión integral comprende a supervisión, control e coordinación dos servizos, o mantemento das instalacións, a limpeza e a seguridade dos edificios.

O contrato prevé un prazo inicial dun ano que rematou o 31 de decembro de 2015 e prórrogas sucesivas tácitas anuais, nas que o prezo revisarase conforme ao IPC.

2.- Contrato de prestación de servizos asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U. o 1 de xaneiro de 2015, relativo á xestión integral do aparcadoiro público do Complexo do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo, xestión integral que comprende a supervisión, control e coordinación dos servizos, o mantemento das instalacións, a limpeza e a seguridade do aparcadoiro, e a atención e operación do centro de cobro e a xestión dos caixeiros automáticos.

O contrato prevé un prazo inicial dun ano que rematou o 31 de decembro de 2015 e prórrogas sucesivas tácitas anuais, nas que o prezo revisarase conforme ao IPC.

II.- A concellería de Patrimonio, con competencia na xestión do Auditorio, acometeu o longo destes anos numerosas actuacións para a xestión do complexo, referenciadas no anterior informe proposta, e contratacións, documentos e estudos xurídicos previos necesarios para tramitar o procedemento de contratación pedido pola Xunta de goberno local en sesión de marzo de 2018.

Neste senso, a xestión integral do complexo obrigou a realizar un análise previo da situación xenérica de subrogación, na que os dous contratos de mantemento e xestión que agora se están a tramitar, somentes representan unha parte da organización do servizo público cultural completo anteriormente concesionado.



Concello de Vigo

Así, procédese a abrir diferentes expedientes administrativos, o primeiro deles coa finalidade de depurar a situación física e xurídica do complexo, o terse detectado nun primer momento polos servizos técnicos municipais que a a construción do complexo se estendeu mais alo das parcelas orixinais obxecto da concesión administrativa, ocupando unha zona do aparcamento, parte do subsolo da rua Jacinto Benavente ou, por outra banda, non constar declarada a obra nova da construción de dito complexo.

Os edificios non existen na realidade xurídica, e non será posible definir as labouras de mantemento sen declarar a obra nova e no seu caso a división horizontal dos solidos que conforman o complexo, na que se definan os elementos, cargas, dereitos e servidumes deste, e que ten transcendencia sobre as operacións de xestión e mantemento dos elementos resultantes e xa que logo sobre o ámbito material do novo contrato en trámite. Neste senso a sentenza do TS de 23 de novembro de 2012, califica a depuración da situación dos inmobles coma unha manifestación do principio reitor da xestión patrimonial dos bens de calquera administración, consistentes na eficiencia económica na súa explotación e a mellor satisfacción do interese xeral.

Necesidades de conocimientos técnicos específicos e a falta de recursos personais obrigan a encargar os servizos técnicos da XMU sua colaboración para poder regularizar dita realidade física e xurídica do complexo, elaborando propostas técnicas e realizando o levantamento de planos das parcelas e dos edificios existentes que permitiron adoptar, posteriormente, os acordos municipais pola Xunta de goberno local en sesións do 31 de marzo e 22 de abril de 2021 de segregación da parte da rua Jacinto Benavente que resultou afectada pola construción do complexo e sua agrupación as parcelas orixinarias dos números 57 e 59 da Avda. de Beiramar sobre as que se levantou dito complexo. Para ultimar a creación xurídica do complexo, tras diversas xestións coa Autoridade portuaria en Vigo e Madrid en canto ao carácter e permanencia dunha cláusula resolutoria que afectará aos sucesivos acordos sobre a xestión dos edificios, primeiro en data 04.01.2022 e ante o silencio da administración portuaria, expediente 20641-240, reitérase a esta en data 23.02.2022, petición de informe aclaratorio do seu Consello de Administración no que se interprete o alcance da condición de reversión, inscrita como carga no Rexistro da propiedade núm. 5 de Vigo na finca 77882 da Avda. de Beiramar 57, ao Tomo 1487, Libro 1487, folio 80, no que se conclúa que a cesión gratuita acordada no contrato administrativo especial formalizado o 3 de xuño de 2005, é a porción indivisa dos terreos das parcelas 57 e 59 correspondente a auditorio e por prezo a porción indivisa das mesmas parcelas que corresponde aos usos comerciais, ocio e de hotel e demais lucrativos permitidos polo planeamento.

En data 18.03.2022 recíbese informe do secretario do Porto, no que manifesta a negativa a cancelar a anotación rexistral da citada cláusula. Esta circunstancia obriga a reelaborar os borradores e planos da escritura de declaración de obra nova e división horizontal, e á Xunta de goberno local, en outubro de 2022 a retroaer as operacións de agrupación parcelaria.

Finalmente, en data 29.11.2023, outórganse sendas escrituras para o edificio hotel e o edificio auditorio ante o notario Pablo Rueda Rodríguez-Vila, números 2.870 y 2.869 da súa relación protocolaria, e que obran no expediente de patrimonio desde Concello número 20641-240

Estes documentos son esenciais para poder tramitar o contrato de xestión e mantemento integral do complexo, hoxendía en marcha, habida conta que constitúen o documento público no que se describe en cada andar os accesos rodados e peonís, os núcleos de comunicación vertical, escaleiras e ascensores, os locais de uso común nos que se ubican as instalacións comúns para os diversos usos do complexo, as instalacións de eléctricas de auga fría, ramais con controladores internos de consumo dos diversos usos; instalacións de incendios, cos ramais de abas-

tecemento dos medios de protección instalados en todo o complexo (bocas de incendio, columna seca e rociadores), detectores; instalacións de gas e de ventilación e climatización. Esta descrición necesaria ten sido levada ao prego de prescricións técnicas do novo contrato en trámite, e forma parte do obxecto contractual.

III.- -Simultaneamente cos tramites realizados para depurar esa situación física e xurídica do complexo, e as demais actuacións na súa xestión, dende a area de Patrimonio acometeronse outros para a preparación do novo contrato de xestión integral do Complexo e xestión de cobros e pago do aparcadoiro, tendose acordado pola Concellería de patrimonio, ante a falta de persoal especializado, en data 14.01.2021 (expediente 21891.240), a contratación dos servizos de asesoramento para a redacción da documentación necesaria para a licitación do contrato de mantemento do edificio do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo, borrador de PPT para a súa consideración polos servizos municipais que ten resultado insuficiente dende o punto de vista das técnicas encargadas da súa revisión. Posteriormente en data 27.05.2024 amplíase este contrato e fórmulanse novos documentos de traballo pola consultora especializada.

Neste tempo a revisión do PPT sufriu diversos contratempos debido á larga ausencia da aparelladora municipal de Patrimonio pola súa baixa laboral non cuberta e, no último mes, a técnica substituta encargada de ultimalo ten causado baixa igualmente.

En data 22.03.2024, a 3ª Teniente de Alcalde e concelleira delegada da área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude acorda iniciar o expediente administrativo para a contratación dos servizos de mantemento integral do complexo Auditorio Pazo Congresos Mar de Vigo. En data 31.03.2025, elabórase a memoria económica do contrato, en base ao borrador remitido pola consultora, que se informa favorablemente polo Dirección orzamentaria o 1 de abril de 2025.

Finalmente, en data 27.05.2025 asinouse o prego de prescricións técnicas do contrato e nestas datas estase a redactar a memoria xustificativa do mesmo.

Paralelamente, unha vez que o Concello se ten subrogado no contrato de mantemento do aparcadoiro, procedeuse a contratar nestas datas un estudo económico sobre a rendabilidade da prestación do servizo público desta forma directa e no seu caso formas de prestación do servizo e actualización das tarifas.

Terceiro- As facturas presentadas pendentes de abonar polos servizos prestados pola contratista, e conformadas pola xefatura de area de xestión patrimonial e territorial, son as seguintes :

XANEIRO

	22095-240
N.º factura:	5613999316
Importe en euros:	2.422,08
Concepto:	Mantenimiento integral edificio de oficinas ENERO
Emisor:	Serveo Facility Management, S.A.

	22093-240
N.º factura:	5613999315



Concello de Vigo

Importe en euros:	22.587,35
Concepto:	Mantenimiento COMPLEJO AUDITORIO ENERO
Emisor:	Serveo Facility Management, S.A.

	22094-240
N.º factura:	5613999317
Importe en euros:	2.366,41
Concepto:	Mantenimiento aparcamento auditorio ENERO
Emisor:	Serveo Facility Management, S.A.

FEBREIRO

	22112-240
N.º factura:	5613999715.
Importe en euros:	2.422,08
Concepto:	Mantenimiento integral edificio de oficinas FEBRERO
Emisor:	Serveo Facility Management, S.A.

	22110-240
N.º factura:	5613999714
Importe en euros:	30.174,36
Concepto:	Mantenimiento COMPLEJO AUDITORIO FEBRERO
Emisor:	Serveo Facility Management, S.A.

	22109-240
N.º factura:	5613999716
Importe en euros:	5.933,04
Concepto:	Mantenimiento APARCAMIENTO FEBRERO
Emisor:	Serveo Facility Management, S.A.

MARZO

	DOC 250068501
N.º factura:	5614000896
Importe en euros:	22.587,35
Concepto:	Mantenimiento COMPLEJO AUDITORIO MARZO
Emisor:	

	DOC 250068502
N.º factura:	56140008974
Importe en euros:	3.317,47
Concepto:	Mantenimiento APARCAMIENTO MARZO
Emisor:	Serveo Facility Management, S.A.

	DOC 250068503
N.º factura:	5614000895
Importe en euros:	2.422,08
Concepto:	Mantenimiento integral edificio de oficinas MARZO
Emisor:	Serveo Facility Management, S.A.

TOTAL importe facturas: 94.232,22 €

Cuarto.- Estando en trámite o contrato de xestión integral do Complexo Mar de Vigo, calcúlase como tempo de tramitación do mesmo alomenos 6 meses, polo que a suposta falta de cobertura contractual de seguir prestándose o servizo acadaría ata novembro de 2025.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

- Código Civil
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Contrato de prestación de servizos, asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U., o 1 de xaneiro de 2015, para a xestión integral dos edificios do complexo Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias.
- Contrato de prestación de servizos asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U. o 1 de xaneiro de 2015, relativo á xestión integraldo aparcadoiro público do Complexo do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo



Concello de Vigo

- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Base 28 das de execución dos orzamentos 2025 do Concello de Vigo

II.- Procedemento e competencia

A indemnización substitutiva é unha ferramenta orzamentaria que opera como unha excepción ao principio de anualidade e que serve de instrumento para imputar ao presuposto obrigacións indebidamente adquiridas e que dan lugar a un suposto de nulidade de pleno dereito. Para imputar obrigacións a través do REC é necesaria a previa obtención do título xurídico que habilitará ou nacemento dá obrigación e permitirá a súa imputación ao orzamento.

De conformidade co previsto na base 28 das de execución dos orzamentos 2025, o REC opera sempre que esteamos ante unha obrigación derivada dun gasto indebidamente adquirido, e iso pode suceder igualmente no exercicio cerrado como no corrente. Estaríamos no suposto, segundo informe da Intervención, de gastos comprometidos sen a correspondente licitación dun contrato cando este fose preceptivo.

En canto ao procedemento do REC, esta proposta contén informe detallado das circunstancias do servizo prestado.

Como sinala o artigo 28.2 e do Real Decreto 424/2017, a Intervención valorará a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializárase acudindo á vía de indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obrigación ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesual, só sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións fose inferior ao que se propón. Neste senso, xa consta emitido informe pola intervención xeral en data 8.05.2025.

Nos orzamentos 2025 consignouse mediante a aplicación orzamentaria 933.02279902 “funcionamento do Pazo de Congresos Mar de Vigo”, crédito adecuado e dabondo para facer fronte ás obrigas derivadas dos contratos e, no presente caso, para o pago da indemnización substitutiva (Informe da Intervención Xeral do 8.05.2025).

En canto á competencia, existindo consignación orzamentaria, segundo Base 28 dos orzamentos corresponde á Xunta de goberno local. O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, determina que nos municipios de gran poboación corresponderá ao órgano titular do departamento ou da concellaría de área ao que pertenza o órgano responsable da tramitación do expediente, acordar, no seu caso, o sometemento do asunto á Xunta de Goberno Local para que adopte a resolución procedente.

En virtude do disposto no apartado segundo do artigo 6 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público

Local, polo que se deberán prestar a debida colaboración e apoio aos funcionarios encargados da realización do control, formúlase á Xunta de goberno local, unha vez emitidos os correspondentes informes xurídicos e de fiscalización, a seguinte

PROPOSTA

Aprobar o aboamento, mediante indemnización substitutiva, de 94.232,22 € a favor de Serveo Facility Management, S.A. pola prestación do servizo de mantemento integral do edificio da UNED, auditorio municipal (espacios comúns) e aparcadoiro no período 01.01.2025 ao 31.03.2025 con cargo á aplicación orzamentaria nº 93302279902 correspondente ás facturas referidas no antecedente terceiro da presente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(455).- INADMISIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN POR EXTEMPORÁNEO, PRESENTADO CONTRA AS BASES ESPECÍFICAS DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022 (2ª FASE). EXPTE. 44949/220. Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/06/2025, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 23/08/2024, aprobáronse a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (2ª fase) integrada polas prazas seguintes:

- sarxenta/o SPEIS
- cabo SPEIS
- administrativos de Administración Xeral
- auxiliares de Administración Xeral
- técnicos de Administración Xeral
- oficial coidador, mantemento, vixilancia e control vigozoo
- oficiais de oficios
- axudante de oficios
- diplomado/a traballo social
- técnico/a de xestión
- subalterno/a
- operario/a peón
- alguacil notificador/a"

Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) nº 179 de data 13/09/2024 e posteriormente no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 13/11/2024.



Concello de Vigo

II- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, acordou a resolución dos recursos presentados contra as bases específicas dos procesos selectivos das OEP 2020-2021-2022, da 2ª Fase.

O acordo foi publicado no BOPP nº 24 do 05/02/2025, no DOG nº 44 do 05/03/2025, e no Boletín Oficial do Estado (BOE) de 07/04/2025, que abriu o prazo para presentación das solicitudes do persoal interesado.

III.- En data 06/05/2025, D. N. Reinaldo López, presenta escrito solicitando que a modificación e revisión das bases específicas da categoría de Cabo do SPEIS, para equiparar os criterios de valoración aos establecidos para a categoría de Sarxento (documento 250105917).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Calificación e análise do escrito do interesado

O artigo 115.2. da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (lpacap) dispón que o erro ou ausencia de calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduxa o seu verdadeiro carácter.

No presente suposto, procede calificar o escrito presentado como recurso de reposición contra o acto de aprobación das bases específicas da 2ª Fase, da OEP 2020-2021-202, de data 23/08/2024, dado que tanto as solicitudes de revisión de actos administrativos (artigo 106 LPACAP) como os recursos extraordinarios de revisión (artigo 125 LPACAP), están suxeitos a supostos e causas taxadas na lei, co seu procedemento específico.

O recurso potestativo de reposición aparece regulado actualmente nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

O prazo para a súa interposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución recorrida é dun mes dende a súa notificación ou publicación, no caso de que o acto sexa expreso.

Conforme ao artigo 29 da LPACAP, os termos e prazos establecidos en esta ou outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos.

O artigo 30. 4 da mesma lei, dispón que se o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse a partir do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

Dase a circunstancia de que o mesmo interesado xa presentou recurso no seu día contra o acto de aprobación das bases da 2ª Fase, de 23/08/2024, e xa foi resolto por acto da Xunta de Goberno Local do 27/12/ 2024, ao que se fai referencia nos antecedentes da presente resolución.

Non consta que o interesado presentase recurso contencioso-administrativo termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Estamos, pois, ante un acto firme e consentido, no que xa decaeron os prazos de impugnación previstos na lei, non resultando procedente a súa modificación como garantía do principio de seguridade xurídica recollida no artigo 9.3 da CE.

En este senso, o Tribunal Constitucional na súa Sentenza Nº 90/2022, de 30 de xuño (ECLI:ES:TC:2022:90), estableceu, citando outras sentencias, que: *“Desde el punto de vista gramatical, el término ‘seguridad’ denota certeza, certidumbre, pero también confianza o previsibilidad. Si tales cualidades se proyectan sobre el ámbito de lo jurídico, podremos definir la seguridad jurídica como la certeza de la norma que hace previsibles los resultados de su aplicación. Sendos aspectos —certeza y previsibilidad— se encuentran íntimamente vinculados. Muestran las dos vertientes objetiva-subjetiva, definitorias de la seguridad jurídica, que aparecen reflejadas en la doctrina del Tribunal Constitucional, cuando afirma que la seguridad jurídica debe ser entendida desde un plano objetivo como la certeza sobre el ordenamiento jurídico aplicable y los intereses jurídicamente tutelados (STC 15/1986, de 31 de enero, FJ 1); pero además, desde una perspectiva subjetiva como la expectativa razonablemente fundada del ciudadano en cuál ha de ser la actuación del poder en la aplicación del Derecho (STC 36/1991, de 14 de febrero, FJ 5)”*.

No presente suposto hai que ter en conta ademais o momento procedimental onde nos atopábamnos dentro da 2ª fase da OEP-2020-2021-2022, cando foi presentado o escrito agora analizado, e que non foi outro que no instante en que finalizou o prazo de solicitudes para que as persoas candidatas poidesen anotarse para participar nos diferetes procesos que foron convocados logo da súa publicación no BOE.

É dicir, máis alá xa do interés público tutelado, no instante preciso en que se pretende a modificación das bases, xa hai dereitos de particulares afectados que confían na continuidade das relacións xurídicas xurdidas de actos firmes da administración que non foron impugnados en tempo e forma (STS 23 de outubro de 2000 e 29 de novembro de 2005).

Procede, pois, a inadmisión por extemporáneo do recurso presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/08/2024, modificado posteriormente por acordo do mesmo órgano de data 27/12/2024.

2 -COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e para a resolución dos recursos presentados contra o acto de aprobación, conforme ao artigo 123 da LPACAP.

Á vista do exposto, e coa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Inadmitir por extemporáneo o recurso de reposición presentado por D. N. Reinaldo López (documento 250105917), contra o acordo da Xunta de Goberno Local de



Concello de Vigo

data 23/08/2024, polo que se aprobou a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (2ª fase), modificado posteriormente por acordo do mesmo órgano de data 27/12/2024, conforme aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(456).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á “ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)” PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” 2025. EXPTE. 6089/330.

Visto o informe xurídico do 07/05/2025 e o informe de fiscalización do 12/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/04/2025, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 21 de abril do 2025, a "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI)" presenta escrito de solicitude de subvención para o programa "Vigo, un Mar de Corais" a realizar durante o exercicio 2025; por este motivo, por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 205.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A "ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e

xestación de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

PROGRAMA “Vigo, un mar de corais”

- As actuacións desenvolveranse en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- Na actualidade son 40 masas corais que desenvolven o seu programa en diferentes espazos da nosa cidade, segundo detalle da memoria que se achega, dende o día 22 de novembro do 2024 ata o 9 de novembro do 2025.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 205.000 € (cento noventa e cinco mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 205.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente



Concello de Vigo

- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de conformidade ao texto de convenio proposto polo CONCELLO, achegado á sede electrónica do Concello de Vigo o día 28 de abril do 2025 (doc. 250096680)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo", para o desenvolvemento do programa "Vigo, un Mar de Corais" a realizar durante o exercicio 2025, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle un importe de 195.000 €; Neste exercicio 2025 está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por

acordo plenario de 23 de decembro de 2024, BOPPO núm. 250 do 27 de decembro de 2024, na aplicación 3340.480.00.08, un importe, segundo a proposta, de 205.000 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *“Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.*

Dende esta xefatura acréditase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista para Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) para o programa Vigo un Mar de Corais 2025, pasando dos 195.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 205.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2025, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención. O programa subvencionado segue sendo o mesmo: o desenvolvemento do programa “Vigo, un mar de corais 2025”

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo" ACOPOVI deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa



Concello de Vigo

complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, Acopovi” ten como obxecto financiar a organización do programa “Vigo, un Mar de Corais” a realizar durante o exercicio 2025, figurando na aplicación **3340.480.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 205.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, Acopovi” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

f)

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 205.000 € (douscentos cinco mil euros) á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, ACOPOVI", CIF. G-36980928, para o financiamento do programa "Vigo, un mar de corais" , organizado por esta entidade no exercicio 2025; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 “CONVENIO CULTURAL ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, ACOPOVI" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "Vigo, un mar de corais" no exercicio 2025".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” DURANTE O EXERCICIO 2025

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF: G-36980928) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, con enderezo social na Estrada Souto, Valladares núm.52 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e acción e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación "**VIGO UN MAR DE CORAIS**" durante o exercicio 2025 como medio que é de promover e dinamizar a cultura musical da cidade e da comunidade autónoma galega.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo 2025 inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, a cantidade de 205.000 euros.



Concello de Vigo

IV.- *Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

De conformidade coas anteriores consideracións e dado o interese común das partes asinantes e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa "Vigo un Mar de Corais 2025", que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 205.000 € (douscentos cinco mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 205.000 €

TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA

PROGRAMA "Vigo, un mar de corais"

- As actuacións desenvolveranse en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- Na actualidade son 40 masas corais que desenvolven o seu programa en diferentes espazos da nosa cidade, segundo detalle da memoria que se achega, dende o día 22 de novembro do 2024 ata o 9 de novembro do 2025.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da Entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa. Neste sentido presentan póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento desta, que atenderá calquera accidente ou incidencia que se poida producirse en relación ao desenvolvemento do evento .

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- a) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención (205.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un



Concello de Vigo

balance que abranga a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Estipúlense tres pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento trala sinatura deste convenio e que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se realizasen ata esa data.
- b) Un segundo pagamento na primeira quincena de agosto que se tramitará previa solicitude, polo importe corresponde ás actuacións realizadas ata o día 2 de agosto do 2025.
- c) Un terceiro e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 11 de novembro do 2025.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- f) Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- g) Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

- h) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- g) Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- h) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- i) As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- j) Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- k) Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025 e que teñan como data límite dous meses dende cada unha das actividades subvencionadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de



Concello de Vigo

funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello

de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS



Concello de Vigo

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2025



Concello de Vigo

PROPOSTA ECONÓMICA

CONCEPTO	PRESUPUESTO
ACTUACIÓNS CORAIS	170.400,00 €
Publicidade, programas e agasallos	15.000,00 €
Produción dos concertos	19.600,00 €
TOTAL PROPOSTA	205.000,00 €

[
en representación da entidade
CIF, con domicilio social en
.....
de VIGO, teléfono/s de contacto.....
correo electrónico

EXPÓN:

1. Que a agrupación coral..... realizou o concerto programado pola Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día de do 2025, en.....

2. Que a agrupación coral presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de

OBSERVACIÓNS:.....

.....

VIGO, de do 2025

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

21(457).- ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE OBXECTOS RELACIONADOS CO MATRIMONIO ALLANSON-WHYTE. EXPTE. 7727/337.

Visto o informe xurídico do 12/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/06/2025, asinado polo director do Museo, e conformado polo xefe do servizo de Museos, o concelleiro-delegado de Cultura e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Conforme á Lei 7/21 de 17 de febreiro de museos e outros centros museísticos de Galicia, Título I, artigo 3. a., é función dos museos “**A adquisición**, conservación, documentación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións e dos seus fondos.”

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en virtude do decreto da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño do 2024 polo que se establece a estrutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027 e o decreto da alcaldía do 28 de xuño de 2024 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das Area de Goberno e concelleiros delegados, ten entre as súas competencias en materia de museos:

- “1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais (...)
- 2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión (...)
- 7.—Aprobación de programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos..), como acordos de préstamo temporal de elementos das mesmas.”

Con data 16.02.25 Catharine Dooley de nacionalidade británica número de pasaporte GBR ***5513** dirixe escrito ó Concelleiro delegado de Cultura manifestando o seu desexo de doar á cidade de Vigo os seguintes obxectos da súa colección:

- 1. Fotografía en branco e negro. Casamento de Mrs Whyte e Mr. Allanson
- 2. Debuxo a lápiz sobre papel, sen enmarcar. Retrato de Cecil Allanson
- 3. Fotografías en branco e negro (3). Cecil Allanson.

Acompaña o seu escrito de fotografías dos obxectos.

Expresa posteriormente o seu desexo de engadir á doazón:

- 4. Lámina moderna *Gurkhas at Sari Bair, Gallipoli*. 6th / 7th August 1915.



Concello de Vigo

I. Descrición dos obxectos ofertados en doazón

1. Casamento de Mrs Whyte e Mr. Allanson



Fotografía orixinal en branco e negro

Autor: Edwin Drury Stowe

Dimensións: 36,5 x 29 cm

Data: 26 de xaneiro de 1925

Representa o casamento de D^a Maryanne Whyte, viúva do Marqués de Mos e Valladares, co militar escocés Cecil Allanson. Tivo lugar o 25 de xaneiro de 1925, cunha cerimonia relixiosa na capela do Hotel Savoy no Strand de Londres un día despois. A fotografía recolle ese momento.

2. Retrato de Cecil Allanson



Debuxo a lápiz sobre papel, con paspartú, sen enmarcar

Autor: Sava

Dimensións: 33,5 x 28 cm

Data: Ca. 1925

Tratase dun retrato de perfil do militar Cecil Allanson, esposo de Maryanne Whyte desde 1925. Aparece asinado SAVA. Na traseira a inscrición “Colonel Allanson. Hotel du Palais”

Consideramos que o Hotel du Palais pode ser o célebre establecemento hoteleiro de Biarritz



Concello de Vigo

3. Conxunto de fotografías en branco e negro (3). Cecil Allanson

3.1. Retrato de grupo de Cecil Allanson



Fotografía orixinal en branco e negro

Autor: Edwin Drury Stowe

Dimensións: 10 x 6,2 cm.

Data: Ca. 1890

Representa a Cecil Allanson cos seus compañeiros John Hope á dereita e Harold Wake(?) á esquerda na escola de Bedford, UK

Coñecemos os nomes porque están escritos baixo da fotografía coa localidade *Bedford* e o fotógrafo *Drury Stowe* activo ata 1905.

Na traseira da fotografía está escrito a man *C(ecil) J(ohn) Allanson 1877-1943, At Bedford School*

3.2. Cecil Allanson con Sir Ian Hamilton en Montecarlo



Copia dunha fotografía orixinal en branco e negro

Autor: Descoñecido

Dimensións: 12,5 x 9,5 cm

Data da fotografía orixinal reproducida: 1939

Representa a Cecil Allanson, vestido de uniforme, con Sir Ian Hamilton (1853-1947) no porto de Montecarlo o 24 de marzo de 1939. Esta información vai manuscrita no reverso da fotografía.

Sir Ian Hamilton fora Comandante en Xefe da *Mediterranean Expeditionary Force*, exército protagonista da campaña de Gallipoli na que Allanson foi heroe de guerra.



Concello de Vigo

3.3. Retrato do Coronel Cecil Allanson



Fotografía

Autor: Descoñecido

Dimensións 14,5 x 11 cm.

Data do retrato orixinal reproducido: Ca. 1915

Fotografía dun retrato de Cecil Allanson pintado por Douglas Ryan, activo no século XX en Nova York. É autor das ilustracións do libro *Waul & Dyke, Inc*, de 1926; e traballou como ilustrador en *Everybody's Magazine* en 1928.

Na traseira da fotografía está escrito a man *Painted by Mrs. Douglas Ryan 444 East 82nd Street New York, New York 10028 USA. C(ecil) J(ohn) Allanson 1877-1943.*

Representa a Cecil Allanson como coronel probablemente na época da súa participación na campaña de Gallipoli (1915-16).

4. “Gurkhas en Sari Bair, Gallipoli. 6-7 de agosto 1915” (reproducción)

Autor do cadro reproducido: Terence Cuneo

Dimensións 80 x 60 cm.

Data do cadro reproducido: 1981



Representación moderna da batalla de Sari Bair na que participou como heroe Cecil Allanson. É póster-reprodución do cadro orixinal do pintor inglés Terence Cuneo realizado en 1981 e que actualmente conserva o The Gurkha Museum Trust (Winchester-UK). Precisa de intervención para aplanado do papel e eliminación de enrugas por levar enrolado moito tempo.

II. Cecil Allanson





Concello de Vigo

Cecil John Lyons Allanson naceu en Llanbelig, Carnarvon, Gales, Reino Unido en 1877. Su padre foi o avogado John Bath Allanson e a súa nai Constance Adela Hastings Lyons (1848-1932).

Cara 1890 debeu estar interno na reputada *Bedford School*, un dos colexios privados máis antigos e reputados de Inglaterra.

En 1915, durante a primeira guerra mundial, comandou o 6.º Rexemento 1º Batallón de Fusileiros Gurkha na campaña de Gallípoli. Pola súa acción na batalla de Sari Bair obtivo a *Distinguished Service Order* (DSO), sendo considerado actualmente heroe de guerra no Reino Unido.

O diario publicado de Cecil Allanson é un documento interesante sobre todo pola súa data de publicación, agosto de 1916. Trátase dunha recompilación dos diarios que o militar mantivo durante a campaña, detallando non só o sucedido, senón tamén as súas reflexións e observacións. Moitas destas observacións son moi críticas coa campaña de Gallipoli e son aínda máis importantes porque non foron produto dunha visión retrospectiva, como moitos relatos publicados trala guerra.

Xa retirado, con 49 anos casa con D^a Maryanne Whyte, viúva do Marqués de Mos e Valladares.

A voda tivo lugar o 25 de xaneiro de 1925, cunha cerimonia relixiosa na capela do Hotel Savoy no Strand de Londres un día despois.

Desde ese momento viviu no Pazo de Castrelos xunto á súa dona, ata a saída do matrimonio en 1934.

Morreu en plena segunda guerra mundial, o 21 de agosto de 1943, en Great Bromley, Essex, Inglaterra, Reino Unido, á idade de 66 anos.

III. Valoración histórica do conxunto ofertado

As investigacións promovidas nos últimos anos polo museo municipal proporcionaron unha ampla listaxe de contactos relacionados con D^a Maryanne Whyte, última residente do Pazo de Castrelos.

Entre eles atopase Catharine Dooley, filla de Harry Davies, sobriño e protexido de Cecil Allanson.

Cecil Allanson foi o terceiro marido da Sra. Whyte e como tal residiu no Pazo de Castrelos ata 1934.

A Sra. Dooley dirixiu escrito ó Concelleiro delegado de Cultura, manifestando ser a única e lexítima propietaria do conxunto de obxectos que aquí se referencian; así como o seu interese en doar estes obxectos á cidade de Vigo para a súa incorporación ao museo municipal.

O museo “Quiñones de León” non ten na actualidade ningún obxecto directamente relacionado co matrimonio Allanson-Wythe; de maneira que a aceptación desta doazón significaría incorporar á colección as primeiras pezas con eles relacionados coa posibilidade de integralos nunha futura exposición permanente da historia pacega; documentando estes personaxes e dando constancia do seu paso por Castrelos.

Queda así plenamente xustificado o interese público e a conveniencia de aceptar a doazón dos obxectos ofertados en beneficio do Concello de Vigo e con destino ao seu Museo Municipal “Quiñones de León.

III. Valoración económica do conxunto ofertado e outras consideracións

O valor económico do conxunto é de 800 euros.

Resultado da suma dos seus valores individuais:

1. Casamento de Mrs Whyte e Mr. Allanson. fotografía orixinal, 150 €
2. Retrato de Cecil Allanson. Debuxo orixinal, 300 €
- 3.1. Retrato de grupo de Cecil Allanson, fotografía orixinal, 150 €
- 3.2. Cecil Allanson con Sir Ian Hamilton en Montecarlo, 50 €
- 3.3. Retrato do Coronel Cecil Allanson, 50 €
4. Gurkhas en Sari Bair, Gallipoli. 6-7 de agosto 1915, (reprodución), 100 €

Os obxectos presentan no momento do presente informe aceptable estado de conservación, agás o número 4 que precisa de pequena intervención.

Visto todo o cal; co informe xurídico favorable; e coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos; Concelleiro Delegado de Cultura; Concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

"Aceptar a doazón dun conxunto de obxectos referidos ós últimos residentes do Pazo de Castrelos; matrimonio Allanson-Whyte, ofertados por Catharine Dooley de nacionalidade británica número de pasaporte GBR ***5513**; cuxa descrición obra no anexo; para o seu ingreso na colección de historia do Museo Municipal "Quiñones de León"; procedendo á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e á modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."



Concello de Vigo

ANEXO. Relación de obxectos ofertados en doazón.-

Título	Tipo	Data	Valor económico	Imaxe
Casamento de Mrs Whyte e Mr. Allanson	Fotografía orixinal	1925	150 €	
Retrato de Cecil Allanson	Debuxo orixinal	1925	300	
Retrato de grupo de Cecil Allanson	Fotografía orixinal	1890	150	
Cecil Allanson con Sir Ian Hamilton en Montecarlo	Copia de fotografía orixinal	Descoñecida, foto orixinal, 1939	50	
Retrato do Coronel Cecil Allanson	Copia de fotografía orixinal	Descoñecida, foto orixinal Ca. 1915	50	
Gurkhas en Sari Bair, Gallipoli. 6-7 de agosto 1915	Poster orixinal a partir dun óleo de Terence Cuneo	1981	100	

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(458).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA RÚA BRASIL. EXPTE. 2285/441.

Visto o informe xurídico do 02/06/2025 e o informe de fiscalización do 12/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/05/2025, asinado pola técnica de xestión de Servizos Xerais e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento o día 07.08.2024 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para a redacción da adecuación do proxecto de referencia a favor da mercantil GOC S.A.

2.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA RÚA BRASIL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Luis Fernando Trenado Botana.

3.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal asinado o día 22.01.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución do día 04.02.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 14.02.2025 aprobou o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA RÚA BRASIL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Luis Fernando Trenado Botana, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCO MIL SEISCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (105.669,60 €), asinado dixitalmente o día 21 de xaneiro de 2025. (Expte 6583-443).

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do día 14.02.2025, que se corresponde co expediente administrativo 6583-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Luis Fernando Trenado Botana.



Concello de Vigo

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe de da Área de Servizos Xerais, asinado o día 08.04.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 08.04.2025.
- D) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 14 e 15.04.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 21.04.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 25.04.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor asinada o día 25.04.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 12.05.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 12.05.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 22.01.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA RÚA BRASIL”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Luis Fernando Trenado Botana.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 12.05.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO CINCO MIL SEISCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (105.669,60 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532 210 00 00 (Conservación de viais e espazos), segundo a distribución de anualidades proposta.

2025	105.669,60 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(459).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL. EXPTE. 2246/441.

Visto o informe xurídico do 01/04/2025 e o informe de fiscalización do 07/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/03/2025, asinado pola técnica de xestión de Servizos Xerais e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto básico e de execución para a "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (130.765,44 €)

II.- O Xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo e o Xefe da Área de Servizos Xerais en

data 03.06.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, na mesma data resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- Previo informe da Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 05.06.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 12.11.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15.11.2024 aprobou o proxecto de "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (130.765,44 €) e de data da sinatura dixital 21 de maio de 2024. Expte. 6428-443.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 15.11.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6428-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, asinado dixitalmente en data 21.05.2024.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Deportes e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais, con data da sinatura 12.02.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 13.02.2025.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes con data da data última sinatura 14.02.2025.



Concello de Vigo

- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 14.02.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 28.02.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e conj data da última sinatura 28.02.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10.03.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10.03.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de

valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP.. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 05.06.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL"**, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10.03.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO TRINTA MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS** con

CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (130.765,44 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 22.694,83 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 3420.6320011 (Invest. Mellora inst. Deportivas) – proxecto de gasto 25342008, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	130.765,44 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(460).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE EN OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2223/441.

Visto o informe xurídico do 13/06/2025 e o informe de fiscalización do 16/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/05/2025, asinado pola técnica de xestión de Servizos Xerais e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- Dende a aprobación do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción, no seu artigo 3.2 especifícase a obriga de designar por parte do promotor un Coordinador de Seguridade e Saúde na execución de obras nos supostos nos que interveñan máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos. Dado que esta circunstancia ten carácter xeral nas obras contratadas pola Concellería de Fomento do Concello de Vigo, así como o especial seguimento que ditas funcións requiren, fan necesaria a contratación do servizo mencionado.

2.- O obxecto do presente expediente contempla a contratación por parte do Concello de Vigo da prestación do servizo de “Coordinación de seguridade e saúde” en aquelas obras promovidas polo Concello de Vigo, cun orzamento de execución material de ata TRES MILLÓNS DE EUROS (3.000.000,00 €).

3.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, o día 22.01.2025 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal os días 22 e 23.01.2025 o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes acordou o inicio do expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben a presente memoria, considérase axeitado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a súa definición:

4.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola técnica de xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais o día 22.01.2025, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 22 e 23.01.2025.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e polo xefe de Área de Servizos Xerais o día 25.03.2025.
- d) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento e Servizos do día 26.03.2025.
- e) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 31.03.2025.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada os días 28 e 29.04.2025.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 29.04.2025.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 22.05.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.



Concello de Vigo

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación das TAREFAS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE EN OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE VIGO, cun orzamento orzamento base de licitación ascende a un total de “TRESCIENTOS CINCO MIL CATROCIENTOS SETE EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS” (305.407,87 €), segundo a distribución de lotes proposta:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
Importe máximo sen IVE	210.336,00 €	42.067,20 €	252.403,20 €
IVE 21%	44.170,56 €	8.834,11 €	53.004,67 €
TOTAL	254.506,56 €	50.901,31 €	305.407,87 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e polo xefe de Área de Servizos Xerais o día 25.03.2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa do Servizo de Contratación do día 22.05.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 (ESTUDOS DE SEGURIDADE E SAÚDE) por importe de 50.901,31 € e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 crédito por importe de 152.703,94 € e 101.802,62 € respectivamente , coa seguinte distribución:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
2025	42.417,76 €	8.483,55 €	50.901,31 €
2026	127.253,28 €	25.450,66 €	152.703,94 €
2027	84.835,52 €	16.967,10 €	101.802,62 €
TOTAL	254.506,56 €	50.901,31 €	305.407,87 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(461).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIAS DE MOBILIDADE PARA O FINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO PARA O ANO 2025. EXPTE. 5088/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/06/2025, asinado pola xefa do servizo de Transportes, conformado polo concelleiro da área de Goberno, que di o seguinte:

PRIMEIRO.-A disposición adicional octoxésima cuarta da lei 31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogados para 2025) “Subvenciones a las entidades locales por servicios de transporte colectivo urbano interior” establece as bases reguladoras para que as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo especificado no seu apartado dous, “ En la distribución del crédito podrán participar los Ayuntamientos que dispongan de un servicio de trans-



Concello de Vigo

porte público colectivo urbano interior, cualquiera que sea la forma de gestión” podan solicitar e beneficiarse das axudas para o financiamento do servizo de transporte urbano interior que se preste no seu ámbito de competencia.

A disposición adicional establece unha dotación de 51.054.740 € a repartir entre todos beneficiarios, con cargo a aplicación orzamentaria 17.41.441M.464 establecendo no apartado dous os requisitos que é necesario cumprir, e no apartado sete a documentación que é necesario presentar.

A documentación que deben presentar as entidades locais interesadas e a que figura no apartado 7 da disposición adicional

O formato da documentación será o que determinen os órganos competentes do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e debe remitirse no prazo entre o 1 de xuño e 15 de xullo do ano en curso.

SEGUNDO.- A Resolución da Dirección General de Estratexias de Mobilidade da data 26 de maio de 2025 establece a forma de presentación da información requirida no apartado sete da disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogados para o 2025) en relación coa convocatoria de subvencións as entidades locais pola prestación de servizos de transporte colectivo urbano.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto no apartado nº 3 da Resolución da Dirección General de Estratexias de Mobilidade da data 26 de maio de 2025, cando a solicitude de subvención non a presente directamente o Alcalde será necesaria a presentación dun documento de representación e engade que admitirase como documento de representación o documento de habilitación de representación para presentar a solicitude firmado polo Alcalde e polo Secretario Municipal (apud acta)

CUARTO.-Considerando que de conformidade co disposto no nº 1 do decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 21 de xuño de 2023, Boe 123 de data 27 de xuño de 2023, lle corresponden a esta entre outras as seguintes atribucións:

“ A formulación de solicitudes de subvencións a outras administracións ou organismos público e aceptación da súa concesión “

A vista do exposto , e de conformidade co anterior, proponse a Xunta de Goberno Local , a adopción do seguinte :

ACORDO

PRIMEIRO.- SOLICITAR a Dirección Xeral de Estratexias de Mobilidade, a concesión da subvención prevista e regulada na disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogados para 2025) para o financiamento do servizo de transporte colecti-

vo urbano interior que se presta no ámbito da competencia do Concello de Vigo , de conformidade co disposto na citada disposición e na Resolución da Dirección Xeral de Estratexias de Mobilidade da data 26 de maio de 2025.

SEGUNDO.- DELEGAR no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Goberno de Fomento, Servizos de Deportes, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención regulada na disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogados para 2025) para o financiamento do servizo de transporte colectivo urbano interior que se presta no ámbito da competencia do Concello de Vigo, de conformidade co disposto na citada disposición e na Resolución da Dirección Xeral de Estratexias de Mobilidade da data 26 de maio de 2025.

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma mediante o formulario que para ese efecto se estableza na Sede Electrónica do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(462).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 17829/407.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/06/2025, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e o Xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas coercitivas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

Quedar informada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas:

01	Exp. 3181/435	***9331** ***4167**	1.000,00
02	Exp. 3181/435	***9331** ***4167**	4.000,00
03	Exp. 3181/435	***9331** ***4167**	6.000,00
04	Exp. 2515/435	***0279**	1.000,00
05	Exp. 3231/435	***7191**	1.000,00
06	Exp. 3231/435	***7191**	2.000,00
07	Exp. 3239/435	***8649**	1.000,00
08	Exp. 3239/435	***8649**	3.000,00
09	Exp. 2776/435	***8818**	1.000,00
10	Exp. 3694/435	***2225**	1.000,00
11	Exp. 3694/435	***2225**	2.000,00
12	Exp. 2812/435	***8615**	1.000,00
13	Exp. 3773/435	***9723**	1.000,00
14	Exp. 3387/435	***3357**	1.000,00
15	Exp. 3387/435	***5065** ***7623** ***0526** ***3586** ***2821** ***8108** ***6977** ***6977** ***0607** ***1417** ***1427** ***3575** ***8422** ***3163** ***9644** ***1374**	2.000,00
16	Exp. 3385/435	***5226** ***5692**	1.000,00

17	Exp. 2730/435	***7151**	1.000,00
18	Exp. 23620/423	***8756**	3.000,00
19	Exp. 23620/423	***8756**	6.000,00
20	Exp. 2425/435	***8243**	1.000,00
21	Exp. 2425/435	***8243**	2.000,00
22	Exp. 565/435	***62634* ***62633*	6.000,00
23	Exp. 3113/435	***9555**	1.000,00
24	Exp. 3113/435	***9555**	2.000,00
25	Exp. 3252/435	***9657** ***1014**	1.500,00
26	Exp. 4187/435	***8272**	3.000,00
27	Exp. 4187/435	***8272**	1.000,00
28	Exp. 4191/435	***8272**	1.000,00
29	Exp. 2317/426	***8505**	6.000,00
30	Exp. 2317/426	***8505**	2.000,00
31	Exp. 3009/426	***6575**	6.000,00
32	Exp. 4026/435	***2484**	1.000,00
33	Exp. 20438/423	***9278**	3.000,00
34	Exp. 47/435	***2772** ***7199** ***04463*	2.000,00
35	Exp. 861/435	***04461*	1.000,00
36	Exp. 20012/423	***8741** ***9003**	1.000,00
37	Exp. 3460/435	***4856**	1.000,00
38	Exp. 3460/435	***4856**	4.000,00
39	Exp. 3434/435	***6850** ***7367** ***7516**	1.000,00
40	Exp. 3434/435	***6850** ***7367** ***7516**	2.000,00
41	Exp. 4019/435	***4765**	1.000,00
42	Exp. 4019/435	***4765**	2.000,00



Concello de Vigo

43	Exp. 4169/435	***8988**	1.000,00
----	---------------	-----------	----------

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Proposta de aprobación dos informes aos recursos especiais presentados no expediente de contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”. Expte. 2212/441.
- Proposta de adxudicación do posto de xefatura de comercio. Expte. 45699/220.
- Adxudicación da contratación do artista "The Black Keys" dentro do programa de espectáculos de verán "Vigo en festas 2025". Expte. 10443/335.
- Declaración de deserto do expediente de contratación do artista “Coral Casablanca”, dentro dos espectáculos de verán “Vigo en festas 2025”. Expte. 10425/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

27(463).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS INFORMES AOS RECURSOS ESPECIAIS PRESENTADOS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO PAVIMENTO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 2212/441.

A) Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto por AGEINCO, Asociación clúster de empresas de ingeniería, consultoría y servicios tecnológicos de Galicia contra os pregos que rexen o procedemento.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/06/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, e conformFado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do concello de Vigo” (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de redacción dos proxectos de execución das

obras de “renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do concello de Vigo” (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 16 de maio de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do concello de Vigo”, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 20 de maio de 2025 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 16 de xuño as 23.59.

Terceiro.- En data 6 de xuño de 2025, D^a. MARTA I. GALLEG O RAMOS, en nome e representación de AGEINCO ASOCIACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE INGENIERÍA, CONSULTORÍA Y SERVICIOS TECNOLÓGICOS DE GALICIA(no sucesivo AGEINCO ou o recorrente) na súa condición de secretaria xeneral, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o Prego de cláusulas administrativas Particulares que rexe a presente licitación.

Cuarto.- Durante o prazo de presentación de ofertas presentaron proposición os seguintes licitadores:

1. AMBITEC INGENIERÍA Y CONSULTORÍA AMBIENTAL S.L
2. CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. - CYGSA
3. G.O.C., S.A.
4. GALAICONTROL, S.L.
5. INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

Quinto.- En data 18 de xuño de 2025, a área xestora do expediente, Servizos Xerais, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación os pregos que rexen a contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do concello de Vigo”.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.



Concello de Vigo

- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpe as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais.

Así, a Resolución 212/2024 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de 15 de febreiro de 2024 di que:

“En aplicación del artículo 48 de la LCSP ha de analizarse si la entidad recurrente ostenta legitimación activa para la interposición del recurso. Establece dicho precepto que “podrá interponer el correspondiente recurso



Concello de Vigo

especial en materia de contratación toda persona física o jurídica cuyos derechos e intereses legítimos, individuales o colectivos, se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta, por las decisiones objeto del recurso”

Reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo manifiesta que el interés legítimo abarca todo interés material o moral que pueda resultar beneficiado con la estimación de la pretensión ejercitada, siempre que no se reduzca a un simple interés por la pura legalidad, en cuanto presupone que la resolución a dictar puede repercutir, directa o indirectamente, de un modo efectivo y acreditado, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien recurre o litiga”

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na Resolución nº 36/2023, de 26 de xaneiro, analizando a legitimación dunha asociación empresarial para interpoñer o recurso especial en materia de contratación, conclúe no seu fundamento xurídico terceiro que: *“Es doctrina de este Tribunal contenida entre otras en sus Resoluciones 1522/2019, de 26 de diciembre, o 635/2020, de 21 de mayo, la de que sostiene que: «La peculiaridad en estos casos es que la actuación de la persona jurídica se hace en defensa de los intereses de sus asociados, de manera que deberá reconocérsele la existencia de interés legítimo siempre que una eventual estimación del recurso genere una ventaja para sus integrantes o la eliminación de un gravamen o situación de desventaja que les afectaba (cfr.: Sentencias del Tribunal Supremo, Sala III, de 11 de junio de 2013 Roj STS 3174/2013-, 26 de febrero de 2008 Roj STS 1052/2008 , 14 de septiembre de 2004 Roj STS 5670/2004 , 29 de enero de 2002 Roj STS 514/2002 , Roj STS 189/1967 , entre otras muchas). Resoluciones como la 1105/2015 de este Tribunal han admitido la legitimación de asociaciones en defensa de los intereses colectivos, al considerar que parece claro que la decisión acerca de si determinadas cláusulas de los pliegos son restrictivas de la concurrencia representa para una entidad que asume la defensa de los intereses colectivos del sector algo más que un interés por la mera legalidad de los actos administrativos ». Cabe añadir que este Tribunal ya ha reconocido, en anteriores ocasiones, a la concreta Asociación recurrente ASPEL legitimación para interponer recurso especial en materia de contratación contra los pliegos reguladores de contratos de servicios de limpieza. Así, por todas, la Resolución 549/2020, de 17 de abril, indicó que; «En el caso que ahora nos ocupa, la Recurrente tiene la consideración de asociación empresarial que aglutina posibles licitadores en el contrato que es objeto de licitación, y, por tanto, podría considerarse que no necesariamente puede ostentar un interés directo en la estimación o no de su recurso (su objeto es la defensa de los intereses de sus asociados). Sin embargo, este Tribunal, y en aras de realizar una interpretación garantista del concepto de legitimación, entiende que la citada patronal sí ostenta legitimación, ya que son sus propios asociados los que sí podrían obtener ventaja de verse admitida las pretensiones sostenidas por su asociación. Por lo tanto, entiende este Tribunal que sí que existe, efectivamente, un interés indirecto de la recurrente, lo que lleva a que este Tribunal le reconozca a la misma, y en este caso concreto, la posibilidad de interponer recurso especial en materia de contratación”.*

Á vista desta doutrina e das circunstancias concorrentes para a impugnación dos pregos procede propoñer ao Tribunal o recoñecemento da legitimación de AGEINCO por actuar na defensa dos dereitos dos seus asociados.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberánse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a

eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 6 de xuño de 2025. Dado que o anuncio publicouse no DOUE e no perfil de contratante o día 20 de maio de 2025, o recurso foi presentado no prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

A área xestora do expediente, a requirimento da área de Contratación, informa, en data 18 de xuño de 2025, o seguinte sobre os motivos de impugnación esgrimidos polo recorrente:

“O contrato de servizos de redacción de proxectos obxecto do recurso divídese en dous lotes:

Lote 1: “Redacción do proxecto de execución das obras de renovación do aglomerado en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”

Lote 2: “Redacción do proxecto de execución das obras de construción das beirarrúas en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”

Na documentación da licitación se inclúe unha relación do ámbito de actuación para cada un dos lotes, que está conformado por diversas rúas da cidade, previamente estudadas e validada a necesidade de actuación e o alcance da actuación pola Unidade de Mantemento de Vías Municipais da Concellería de Fomento, Servizos e Deportes.

O contrato presenta un orzamento base de licitación para a suma dos lotes de 337.800,54 euros.

Para mellor ordenación do presente informe se analiza as diversas cuestións indicadas no recurso de AGEINCO seguindo a ordenación de apartados do documento presentado pola citada Asociación:

1.- Respecto do fundamento PRIMERO. INDETERMINACIÓN DEL OBJETO DEL CONTRATO - VULNERACIÓN DEL ART. 99 LCSP

AGEINCO indica neste apartado diversas consideracións, das que se presentan a continuación extractos literais, a modo de resumo:

“El PPT define el objeto de forma genérica e ambigua (más de 280 calles para el lote 1, más de 70 calles para el lote 2) sin concretar el número exacto de proyectos, su extensión ni tipología.

La indeterminación del objeto contractual – en este caso, la falta de concreción en el número exacto de proyectos a redactar, la relación precisa de vías afectadas, y el alcance real de las actuaciones a realizar – incide de manera directa y sustancial en la proporcionalidad técnica y económica de las ofertas que los licitadores están llamados a presentar.

El pliego no permite identificar con claridad:

- cuántos proyectos se deben redactar*
- cual es el contenido técnico mínimo exigible para cada uno.*
- ni que cargas materiales (como ensayos geotécnicos, estudios topográficos o actuaciones por tipo de vía) debe asumir el adjudicatario.*

El Concello no fija un número vinculante de proyectos por lote, sino que reitera que será el contratista quien proponga la división(...)

No se delimita con certeza qué tipo de intervención será exigible calle por calle, ni se establece un criterio técnico objetivo para prever los trabajos complementarios que pueden surgir.

No se aporta concreción suficiente sobre la carga técnica esperada para cada actuación, ni delimita si los trabajos en cada calle son totales, parciales, o están condicionados a criterios adicionales.”

Ao respecto das diversas consideracións presentadas por AGEINCO dun modo desordenado neste fundamento primeiro, desagregase a resposta nos seguintes apartados:

1.1- O Obxecto do contrato está determinado:

O Obxecto se define no PPT en atención as necesidades e funcionalidades concretas que se pretenden satisfacer para cada un dos lotes.

Así, en canto ao lote 1 “Redacción do proxecto de execución das obras de renovación do aglomerado en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”, se recolle no apartado 2.4 do PPT o Programa de necesidades para a redacción do proxecto, onde se inclúe o alcance das actuacións proxectadas para cada rúa, resumindo:

Rehabilitación do firme de calzada, colocación de elementos de calmado de tráfico, pintado de sinalización horizontal, colocación de sinalización vertical e de barreiras de seguridade, así como a adopción de solucións noutros



Concello de Vigo

elementos das vías que se poidan ver afectados pola execución do pavimentado dos firmes.

O listado de rúas se recolle no anexo 1 do PPT cunha relación exhaustiva dos ámbitos de actuación da rehabilitación de firmes: 288 rúas, coa indicación da lonxitude (en metros) de cada vial, o ancho (en metros) a superficie (en m2) así como diferentes observacións específicas para cada vial, para maior aclaración da extensión de cada rúa. No apartado 2.5 do PPT se inclúe tamén estimación da valoración económica da obra, desagregada por lonxitude de actuación e por superficie de actuación.

En canto ao lote 2 “Redacción do proxecto de execución das obras de construción das beirarrúas en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”, se recolle no apartado 2.4 do PPT o Programa de necesidades para a redacción do proxecto, onde se inclúe o alcance das actuacións proxectadas para cada rúa, resumindo:

Execución de beirarrúas, execución de pasos de peóns, sinalización horizontal, sinalización vertical, colocación de mobiliario urbano, execución da preinstalación (obra civil) de servizos urbanos que se precisen no ámbito de actuación (baixo as beirarrúas ou pasos de peóns), así como a adopción de solucións noutros elementos das vías que se poidan ver afectados pola execución das beirarrúas.

O listado das rúas se recolle no anexo 2 cunha relación exhaustiva dos ámbitos de actuación de execución das 71 beirarrúas, con indicación do ámbito de desenrolo da nova beirarrúa a proxectar, indicando tanto a marxe da beirarrúa como a lonxitude. Tamén se inclúe no apartado 2.5 do PPT valoración económica desagregada por lonxitude de execución de beirarrúas.

Descríbese no apartado 2.1 do PPT o proceso de análise dos viais municipais previo a conformación do expediente. Este proceso conclúe coa proposta de ámbitos de actuación dos proxectos así como alcance das tarefas que se recolle na documentación da licitación. Polo que tanto os ámbitos propostos como o tipo de actuación están previamente revisados e validados polos técnicos municipais da Unidade de Mantemento de Viais e son actuacións estudadas e concretas, sen marxe de discrecionalidade.

Así as cousas, queda perfectamente especificado:

1) O obxecto do contrato definido en atención a unha necesidade concreta que se pretende satisfacer que é a redacción de proxectos de execución de obras.

2) O ámbito de actuación, é dicir o ámbito de cada un das rúas, tanto ubicación como superficies a rehabilitar o firme no lote 1, como marxe de desenrolo das beirarrúas proxectadas e lonxitude destas no lote 2.

3) A funcionalidade que se pretende satisfacer, tanto a rehabilitación de firmes no lote 1, como a execución de beirarrúas no lote 2,

4) O alcance das actuacións, recollido no apartado 2.4. do PPT, que se deben proxectar para cada rúa de cada un dos lotes.

Polo tanto o obxecto do contrato está determinado.

1.2.- O contido mínimo esixido está especificado

Cabe indicar que no apartado 3 do PPT se recolle o Alcance dos Traballos a desenvolver con indicación das fases para a execución do contrato:

- Fase 1: presentación do programa de execución dos traballos.
- Fase 2: Realización de estudos previos.
- Fase 3: Redacción dos proxectos de execución.
- Fase 4: Entrega definitiva.

Especificando no citado apartado o desglose da duración de cada fase, descrición de en que consiste, e documentación a presentar para cada unha de elas.

Asemade, para a documentación a presentar en cada unha das fases, se inclúe contido mínimo esixido, así:

- Fase 1: Se recolle no apartado 3.1.2. do PPT o contido do programa de execución dos traballos.
- Fase 2: Se recolle no apartado 3.2.2 do PPT, coa indicación específica de que deberá incluír como mínimo un estudio topográfico.
- Fase 3: No apartado 4 do PPT se recolle o contido dos proxectos de execución a redactar, desagregando para cada un dos documentos obrigatorios mínimos: memoria, planos Prego de Condicións e Orzamento, a documentación detallada que debe conformar cada un destes. Destacar que se inclúe na documentación relación de anexos da memoria a incluír (“sempre que sexan procedentes”) así como relación de planos mínimos a incluír.
- Fase 4: Entrega definitiva, se recolle no apartado 3.4.2. do PPT a documentación obrigatoria a presentar.

A vista do anterior se conclúe que o contido mínimo esixido está especificado.

1.3.- Sobre a falta de concreción no número exacto de proxectos.

Para cada un dos lotes, o contrato propón nos apartados 3.2.2 e 3.3.2 do PPT que se redactarán os proxectos de execución, de acordo coa segregación acordada, en base a proposta que realice o contratista. Esta proposta se enmarca temporalmente na fase de estudos previos.

Este marxe de análise, a concretar polo adxudicatario tralo Estudio Previo das actuacións, se entende dende dúas perspectivas que deben aunarse para mellor fin



Concello de Vigo

do contrato:

- 1) O criterio técnico do adxudicatario, que deberá ter en conta o estado dos viais, a súa situación e a magnitude de cada unha das actuacións e a proposta máis eficiente para a futura licitación, coas premisas de mellora da operativa de execución das obras, seguridade e redución de afeccións aos usuarios das vías.
- 2) O ámbito organizativo do adxudicatario, que deberá propor segundo o seu análise e o criterio organizativo que aporte a execución do contrato, o cal permita marxe para que se poidan incorporar innovacións que melloren a eficiencia e sostibilidade dos servizos que se contratan.

Asemade, cabe destacar que estas consideracións de actuación son valorados xa na propio proceso de licitación, así nos criterios avaliados mediante xuízo de valor o licitador debe presentar unha memoria técnica dos traballos a realizar (apartado 6.A do PCAP), na que debe analizar os condicionantes técnicos que se vinculen ao desenvolvemento do proxecto, a operativa e procedemento na conformación dos proxectos así como os procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e os medios necesarios. Deste modo, xa na fase de licitación do contrato (ademais de na de execución de este), se teñen en conta estas premisas que permitan a mellora da eficiencia e sostibilidade do contrato, desde un punto de criterios de calidade (e non so económicos) dos servizos que se contratan.

En resumo, se permite ao contratista a liberdade de propoñer o número de proxectos-lotes nos que dividir o contrato, segundo o resultado dos estudos previos que realice, segundo o alcance das actuacións, os ámbitos de actuación, etc con fin de darlle maior flexibilidade a hora de desenvolvemento o servizo, baixo o seu mellor criterio técnico e organizativo, non por un descoñecemento do obxecto do contrato como alega a recorrente, se non para obter un resultado óptimo, desde a conxugación das diferentes premisas a ter en conta: organizativas, técnicas, económicas e de xestión do presente contrato, así como execución das futuras licitacións da obras.

Esto permitirá a Administración alcanzar a mellor eficiencia e sostibilidade no desenvolvemento dos traballos, sen cerrar o obxecto do contrato a unha única solución, en cumprimento do previsto no artigo 99 da LCSP.

A máis afondamento, como resposta as aclaracións solicitadas durante o proceso de presentación de ofertas, coñecida pola Alegante antes da presentación do seu recurso, indicouse os criterios que se tiveron en conta para a segregación de proxectos de pasados contratos similares, así como o número de proxectos que foron redactados (6 de aglomerados e 6 de beirarrúas), resaltando que, en todo caso, deberá terse en conta a proposta do adxudicatario para cumprir as premisas indicadas nos pregos.

Por último, cabe resaltar que o importante da prestación do servizo é o desenrolo dos traballos para acadar o alcance solicitado das actuacións en cada unha das rúas,

non o número de proxectos nos que agrupe as actuacións resultantes.

As rúas que conforman o ámbito de actuación están concretadas, o alcance dos traballos a realizar para cada unha de estas está definido, así como a contido da documentación a presentar de cada rúa, soamente podería variar o “empaquetado” da documentación a presentar nas últimas fases de desenrolo do contrato.

Tendo en conta o anterior, o prezo do contrato se encontra perfectamente dimensionado na documentación da licitación, en base a formación, dedicación e experiencia do persoal que debe redactar a documentación para cada rúa. Cabe resaltar asemade que a documentación a entregar por parte do adxudicatario soamente se solicita en formato dixital (non encadernado en papel), polo que a diferencia da segregación tería un diferencial de escasa entidade no referente ao valor económico do contrato para o desenrolo da actuación.

Destacar que na fase de licitación se valora tanto a proposta organizativa e de procedemento para a realización dos traballos por parte do licitador (valorada no sobre B) como a oferta económica (valorada no sobre C), coa correspondente ponderación recollida no PCAP:

Un dos criterios de xuízo de valor consiste na presentación dunha memoria técnica dos traballos a realizar, que deberá desenvolver os seguintes apartados:

- a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes técnicos e de todo tipo que se vinculen ao desenvolvemento dos proxectos*
- b) Análise da operativa do servizo e dos procedementos a desenvolver na conformación dos proxectos.*
- c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato.*

Polo que a incidencia de calquera das propostas de procedementos ou segregacións en fase de licitación será puntuada desde ambos puntos de vista técnico e económico, coa ponderación proposta no PCAP. En consecuencia, as diferentes ofertas se valorarán cun criterio de proporcionalidade que permite a comparativa entre elas, non sendo certa a afirmación da recorrente que sinala que a indeterminación do número de proxectos é incompatible coa elaboración de ofertas proporcionais e comparables.

Así as cousas, cabe concluír que o importante da prestación do servizo é o desenvolvemento dos traballos para acadar o alcance solicitado das actuacións en cada unha das rúas, que está claramente determinado, non o número de proxectos nos que agrupe as actuacións resultantes.

As rúas que conforman o ámbito de actuación están concretadas, o alcance dos traballos a realizar para cada unha de estas está definido, así como a contido da documentación a presentar de cada rúa, soamente queda marxe de análise para o



Concello de Vigo

“empaquetado” da documentación a presentar nas últimas fases de desenvolvemento do contrato, co obxectivo de que se poidan incorporar innovacións que melloren a eficiencia e sostibilidade dos servizos que se contratan, en liña co indicado no apartado 99 da LCSP.

1.4.- Sobre a definición das cargas materiais, actuacións por tipo de vía e alcance real das actuacións.

No anexo 1 e 2 do PPT, se inclúe unha relación do ámbito de actuación para cada un dos lotes, que está conformado por diversas rúas da cidade. Para cada un dos lotes se propón un alcance determinado das actuacións que se recolle no apartado 2.4 do PPT, como xa quedou dito en parágrafos anteriores.

O procedemento para alcanzar a proposta de actuación técnica recollido no PPT para cada unha das rúas se especifica no apartado 2.1 deste. A Unidade de Mantemento de Viais Municipais da Concellería de Fomento, Servizos e Deportes ten monitorizado o estado dos viais municipais (conformado por máis de 1.000 km lineais) mediante métodos de auscultación e información en tempo real. Asemade se dispón da información de inspeccións físicas persoais preventivas e periódicas así como inspeccións puntuais en base a reclamacións dos usuarios das vías. Previa a conformación de calquera expediente de actuación sobre viais municipais, se recopila o estado das que presentan os parámetros máis desfavorables, e se agrupan segundo a tipoloxía de actuación necesaria, tendo en conta tamén a previsible evolución das patoloxías no tempo de tramitación dos expedientes. De este proceso previo, no caso que nos ocupa, se conclúe coa proposta de rúas a actuar (anexos 1 e 2 do PPT), así como o alcance de actuación en cada rúa (apartado 2.4 do PPT), que se agrupan en dous lotes, segundo a tipoloxía de actuación. Tal proceso de control, monitorización e análise previo dos viais municipais indica que o listado non é unha proposta aleatoria na que é descoñecido o tipo de actuación, se non que presenta un análise técnico rigoroso que aquilata e concreta o tipo de actuación necesario, sen marxe de discrecionalidade, salvo algunha eventualidade puntual que poida xurdir dende a firma do PPT.

Tendo en conta o grado de estudio previo, calquera cambio que poida modificar o alcance das actuacións nos ámbitos do contrato, que poida xurdir dende a firma do PPT serán provocados por circunstancias imprevistas ou non predecibles no momento de redacción do prego, xa que a previsión do deterioro co paso do tempo durante a estimación de licitación si que está recollido no dimensionamento proposto no contrato.

Máis alá do anterior, para esta tipoloxía de actuacións (rehabilitación de firmes e execución de beirarrúas) calquera incerteza é menor que para outras redaccións de proxectos de obra civil, xa que o alcance dos proxectos e a documentación mínima necesaria é claramente de menor entidade, como se pode comprobar en múltiples licitacións de plans de asfaltados de calquera administración nos últimos tempos ou

as propias do Concello de Vigo.

Tendo en conta o anterior, cabe resaltar que debido tanto a tipoloxía de actuación como o grado de análise previo das actuacións, estas posibles eventualidades terían unha escala menor, tanto en alcance como en dotación económica, polo que o alcance real das actuacións está tasado.

Destacar que tanto as cargas materiais para desenrolar o alcance dos traballos e o contido da documentación a presentar, así como o marxe das escasas eventualidades que poidan xurdir, están cubertas co dimensionamento da dedicación do persoal proposto no expediente, e cos custes materiais estimados na memoria económica do expediente.

Cabe concluír por tanto, con respecto ao fundamento primeiro da Alegación presentada por AGEINCO que non se presenta indefinición nin nos ámbitos de actuación, nin na tipoloxía de actuacións a proxectar: O obxecto é claro e está perfectamente delimitado no ámbito físico para cada rúa, así como no alcance das actuacións a proxectar e o contido da documentación a presentar.

Asemade existe un marco temporal preciso e un marco de dedicación definido para cada un dos técnicos propostos, deixando no ámbito organizativo do licitador, a proposta final de empaquetado da documentación, tendo en conta os criterios de eficiencia, sostenibilidade da execución do contrato (recollidos na licitación) e os propios medios do licitador para afrontar as premisas indicadas no contrato. Polo que con toda a documentación do PPT e do resto da documentación da licitación permite dimensionar os recursos técnicos persoais, equipos e tempo aos licitadores.

En definitiva, a escasa complexidade técnica das actuacións xa impide de por si obter unha ampla marxe de discrecionalidade ao contratista á hora de acordar a referida segregación, que se deixa en mans do contratista porque é quen na fase de estudos previos mellor pode definila, ou de forma máis coherente atendendo ás circunstancias que poidan xurdir desta fase de estudos previos, polo que non se pode afirmar que exista unha marxe excesiva de discrecionalidad nas cargas materiais como sinala a recorrente.

2.- Respecto do fundamento SEGUNDO- INSUFICIENTE DESAGREGACIÓN PRESUPUESTARIA - VULNERACIÓN DE LOS ARTS. 100 Y 102 LCSP .

AGEINCO indica neste apartado diversas consideracións, das que se presentan a continuación extractos literais, a modo de resumo:

*“La memoria económica no detalla el coste de personal por categoría profesional ni las dedicaciones horarias estimadas, lo que vulnera el artículo 100 de la LCSP:
“En el momento de elaborarlo, los órganos de contratación cuidarán de que el*



Concello de Vigo

presupuesto base de licitación sea adecuado a los precios del mercado. A tal efecto, el presupuesto base de licitación se desglosará indicando en el pliego de cláusulas administrativas particulares o documento regulador de la licitación los costes directos e indirectos y otros eventuales gastos calculados para su determinación. En los contratos en que el coste de los salarios de las personas empleadas para su ejecución formen parte del precio total del contrato, el presupuesto base de licitación indicará de forma desglosada y con desagregación de género y categoría profesional los costes salariales estimados a partir del convenio laboral de referencia”

A este respecto, indicar que o PPT reitor do contrato regula no seu apartado 6.5.2. o equipo de recursos humanos necesarios para a execución do contrato e para cada un dos lotes no que se divide o contrato, especificando tanto as categorías profesionais ou postos de traballo (director dos traballos, técnico proxectista, topógrafo e coordinador ou técnico de seguridade e saúde) como as titulacións esixidas para o seu desempeño, a experiencia mínima esixida e as dedicacións necesarias, expresadas en tanto por cento sobre a xornada laboral de cada posto que conforma o equipo de recursos humanos.

Este equipo de recursos humanos, configurado para cada un dos lotes, é o seguinte para cada lote:

Nº	Posto	Titulación	Dedicación	Experiencia mínima (anos)	Traballos similares
1	Director dos traballos	-. Enx. Camiños, canais e portos ou titulación equivalente á titulación anterior	50%	10	Experiencia profesional en materia de proxectos e obras de construción de obra civil.
2	Técnico/a proxectista	-. Enx. Camiños, canais e portos ou titulación anterior ou -. Enx. técnica Obras Públicas ou titulación equivalente á titulación anterior	100%	5	Experiencia profesional en traballos en materia de trazado de viario, infraestruturas de servizos urbanos e servizos afectados.
1	Topógrafo/a	-. Enxeñeiro Técnico en Topografía ou titulación equivalente á titulación anterior	20%	5	Experiencia profesional en traballos en redacción de traballos topográficos e cartográficos.



Concello de Vigo

1	Coordinador de seguridade e saúde	• -. Enx. Camiños, canais e portos ou titulación equivalente á titulación anterior ou • -. Enx. técnica Obras Públicas ou titulación equivalente á titulación anterior ou • -. Enx. Industrial ou titulación equivalente á titulación anterior ou • -. Enx. técnica Industrial ou titulación equivalente á titulación anterior ou • -. Arquitectura ou titulación equivalente á titulación anterior ou • -. Arquitectura técnica ou titulación equivalente á titulación anterior • con formación complementaria en prevención de riscos laborais (Curso de Coordinador de Seguridade e Saúde en obras de construción ou Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais - especialidade en Seguridade no Trabalho)	20%	5	Experiencia profesional en traballos en materia de servizos de redacción de estudos de seguridade e saúde segundo o previsto no RD 1627/1997 de disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde en obras de construción.
---	-----------------------------------	--	-----	---	--

Asemade, tanto no propio PPT como na memoria xustificativa, indicase a duración do contrato, que é de 6 meses.

Por outra banda, a memoria económica no seu apartado 2 - prezo do contrato e xustificación- indícase que "Tendo en conta os custos salariais e a estimación das

dedicacións necesarias para a execución correcta do contrato, xustifícase o importe do orzamento base de licitación” para cada un dos lotes:

CUSTES DE PERSOAL LOTE 1: “Redacción do proxecto de execución das obras de renovación do aglomerado en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”:		79.800,00 €
Director dos traballos	15.000,00 €	
Técnico proxectista (2)	54.000,00 €	
Topógrafo	5.400,00 €	
Técnico SS	5.400,00 €	
CUSTES MATERIAIS		37.500,00 €
CUSTES INDIRECTOS		22.287,00 €
IVE 21%		29.313,27 €
PREZO DO CONTRATO		168.900,27 €

CUSTES DE PERSOAL LOTE 2: “Redacción do proxecto de execución das obras de construción das beirarrúas en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”:		79.800,00 €
Director dos traballos	15.000,00 €	
Técnico proxectista (2)	54.000,00 €	
Topógrafo	5.400,00 €	
Técnico SS	5.400,00 €	
CUSTES MATERIAIS		37.500,00 €
CUSTES INDIRECTOS		22.287,00 €
IVE 21%		29.313,27 €
PREZO DO CONTRATO		168.900,27 €

Para cada unha das categorías profesionais que debe conformar o equipo de recursos humanos, detallase o custe do salario para a duración completa do contrato, polo que dividindo o custo salarial polo nº de meses que comprende a execución do contrato, que é de seis meses, e tendo en conta as dedicacións necesarias, expresadas en tanto por cento sobre a xornada laboral de cada posto que conforma o equipo de recursos humanos, reflectidas no apartado 6.2.2 do PPT, mediante un sinxelo cálculo, extraese os seguintes custos mensuais:

Núm .	POSTO DE TRABALLO	CUSTE TOTAL	MESES	SALARIO TOTAL MENSUAL CONSIDERANDO	DEDICACIÓN	CUSTE MENSUAL
1	Director dos traballos	15.000,00 €	6	5.000,00 €	50,00 %	2.500,00 €
2	Técnico proxectista	54.000,00 €	6	4.500,00 €	100,00 %	9.000,00 € ⁽¹⁾
1	Topógrafo	5.400,00 €	6	4.500,00 €	20,00 %	900,00 €
1	Coordinador ou Técnico SS	5.400,00 €	6	4.500,00 €	20,00 %	900,00 €

⁽¹⁾ Custe mensual por dous técnicos proxectistas.

Polo tanto non se pode deducir que se incumpra coa obriga de desagregación do orzamento esixida polo artigo 100.2 da LCSP, nin se está obstaculizando a elaboración de ofertas razoadas tal e como expón a recurrente.

Ditos custes salariais, desagregados por categoría profesional ou posto de traballo que conforma este equipo mínimo de recursos humanos, atópanse calculados á vista do convenio colectivo de aplicación, que neste caso é o “XX Convenio colectivo nacional de empresas de ingeniería, oficinas de estudos técnicos, inspección, supervisión y control técnico y de calidad” publicado no BOP núm. 73, do día 23 de marzo de 2024, de aplicación en todo o territorio nacional.

Como xa se sinalou na memoria económica, “non procede a desagregación dos custos salariais por xénero por mor da inexistencia de diferenzas no convenio de aplicación e a imposibilidade de coñecer o xénero do persoal que se adscribirá á execución do contrato”.

O citado convenio contempla o seguinte grupo profesional e niveis salariais, e as táboas salariais correspondentes para o ano 2024:

Grupo profesional	Nivel salarial	Personal Técnico	Personal Administrativo
		Puestos de trabajo (relación no exhaustiva)	Puestos de trabajo (relación no exhaustiva)
I	1	INGENIERO; ARQUITECTO; DOCTOR; LICENCIADO; TITULADO 2.º Y 3.º CICLO UNIVERSITARIO; GRADUADO UNIVERSITARIO CON MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL HABILITANTE O MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL (MIN. 60 ECTS), CUANDO APOORTE ESPECIALIZACIÓN Y COMPETENCIAS PROFESIONALES NECESARIAS PARA EL DESEMPEÑO DEL PUESTO DE TRABAJO. ANALISTA.	LICENCIADO; TITULADO 2.º Y 3.º CICLO UNIVERSITARIO; GRADUADO UNIVERSITARIO CON MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL HABILITANTE O MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL (MIN. 60 ECTS), CUANDO APOORTE ESPECIALIZACIÓN Y COMPETENCIAS PROFESIONALES NECESARIAS PARA EL DESEMPEÑO DEL PUESTO DE TRABAJO.
	2	GRADUADO UNIVERSITARIO; INGENIERO TÉCNICO; ARQUITECTO TÉCNICO; APAREJADOR; DIPLOMADO UNIVERSITARIO; TITULADO 1er. CICLO UNIVERSITARIO.	GRADUADO UNIVERSITARIO; DIPLOMADO UNIVERSITARIO; TITULADO 1er. CICLO UNIVERSITARIO

Año 2024

Nivel salarial	Tabla salarial art. 33		Plus convenio según art. 38 convenio – Euros	Total anual – Euros
	Mes × 14 – Euros	Anual – Euros		
1	1.869,33	26.170,62	2.493,50	28.664,12
2	1.409,34	19.730,76	2.493,50	22.224,26

A estes importes salariais, aplicouse o complemento de antigüidade regulado no artigo 28 do devandito convenio colectivo de aplicación, segundo a experiencia esixida en cada unha das categorías profesionais ou postos de traballos, e incrementouse coa porcentaxe correspondente en concepto de seguridade social a cargo da empresa (33%), resultando os seguintes importes:

		SALARIO BASE	ANTIGÜED AD (TRIENIOS 5% SALARIO BASE)	TOTAL	SEGURIDA D SOCIAL A CARGO DA EMPRESA	CUSTE TOTAL ANUAL CONSIDERA DO	CUSTE MENSUAL CONSIDERA DO
Nivel salarial 1	Técnico superior 10 años	28.664,12 €	2.866,41 €	31.530,53 €	10.405,08 €	41.935,61 €	3.494,63 €
Nivel salarial 2	Técnico 10 años	22.224,26 €	2.222,43 €	24.446,69 €	8.067,41 €	32.514,09 €	2.709,51 €
Nivel salarial 2	Técnico 5 años	22.225,26 €	1.111,26 €	23.336,52 €	7.701,05 €	31.037,58 €	2.586,46 €

Polo que á vista do exposto, os custes salariais estimados neste contrato para cada categoría profesional ou posto de traballo respecta, e mellora en todo caso, o previsto no convenio colectivo de aplicación, asegurando o cumprimento da normativa laboral vixente

Por outra banda, respecto da afirmación que fai a recorrente, indicando que “la información aportada no permite identificar con precisión el coste por hora, ni el número total de horas previstas, ni su imputación a tareas concretas” non é correcta, xa que tendo en costa o convenio colectivo de aplicación - XX Convenio colectivo nacional de empresas de ingeniería, oficinas de estudios técnicos, inspección, supervisión y control técnico y de calidad-, que establece unha xornada laboral de 1.792 horas no seu artigo 22, e tendo en conta novamente a duración do contrato, que é de seis meses, e as dedicacións necesarias establecida no PPT, extráese, cun



Concello de Vigo

simple e sinxelo cálculo, as horas previstas para cada unha das categorías profesionais ou postos de traballos:

XORNADA LABORAL ANUAL		1792	Horas
XORNADA MENSUAL		149	Horas
DEDICACIÓNS	50,00%	447	Horas
	100,00%	894	Horas
	20,00%	178,8	Horas

Do mesmo xeito, pódese extraer o custo por hora, para cada unha das categorías profesionais ou postos de traballos:

	<i>Custe total</i>	<i>Horas contrato</i>	<i>Prezo hora resultante</i>
<i>Director dos traballos</i>	15.000,00 €	447	33,56 €
<i>Técnico proxectista</i>	27.000,00 €	894	30,20 €
<i>Topógrafo</i>	5.400,00 €	178,8	30,20 €
<i>Coordinador ou Técnico SS</i>	5.400,00 €	178,8	30,20 €

De todos modos, compre resaltar que se trata dun contrato de servizos de resultado, e non dun contrato de servizos en función das necesidades ou por prezo unitario, polo que non é necesario xustificar un custe ou prezo unitario do servizo.

Respecto da afirmación que fai a recorrente, en relación a: “En las aclaraciones de fecha 5 de Junio de 2025 el Concello sostiene que al tratarse de un contrato de servicios, el precio del contrato se fija conforme al coste del personal previsto, su dedicación y duración del contrato, de conformidad con el artículo 309 LCSP, no siendo procedente aplicar porcentajes sobre el PEM. Sin embargo, el artículo 309 LCSP no excluye el uso de tarifas referenciadas al PEM, sino que establece opciones posibles para la fijación del precio, incluyendo la posibilidad de hacerlo por unidades de ejecución; por tiempo; a tanto alzado, o por aplicación de tarifas u honorarios.

La norma admite flexibilidad en la metodología, pero en ningún caso autoriza a fijar el precio de manera arbitraria o desproporcionada, ni exime de la obligación de justificación objetiva del presupuesto base de licitación conforme a los precios de mercado (art. 102 LCSP).”

Tal e como expón a propia recorrente, o artigo 309 sinala que o prezo do contrato poderá estar referido a compoñentes da prestación, unidades de execución ou unidades de tempo, ou fixarse nun tanto alzado cando non sexa posible ou

conveniente a súa descomposición, ou resultar da aplicación de honorarios por tarifas ou dunha combinación de varias destas modalidades.

Neste caso particular, tratándose dun contrato de prestación de servizos de carácter intelectual, no que os custes de persoal constitúen o custo principal do contrato (aprox. 68% do prezo do contrato), optouse por estimar o prezo do contrato en base a custos directos de persoal e outros custos materiais necesarios para a correcta execución do contrato (licencias software, dietas desprazamento, reprografía e 3D, estudos técnicos, seguros, etc.), e posteriormente, como custos indirectos, estimouse un porcentaxe de gastos xerais do 13% e un beneficio industrial do 6%, e aplicouse finalmente o IVE correspondente, resultando para cada lote, a seguinte desagregación en custes directos e indirectos que esixe o artigo 100.2 da LCSP:

CUSTES DIRECTOS		117.300,00 €
CUSTES DE PERSOAL	79.800,00 €	
CUSTES MATERIAIS	37.500,00 €	
CUSTES INDIRECTOS		
GASTOS XERAIS (13%)	15.249,00 €	
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	7.038,00 €	
IVE 21%		29.313,27 €
PREZO DO CONTRATO		168.900,27 €

Esta forma de calculo do prezo de contrato e desglose de custos directos de persoal e materias e custes indirectos foi empregado con éxito en anteriores licitacións de contratos de servizos de prestacións de carácter intelectual do Concello de Vigo (Contrato de servizos de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis , expte. 1641-441; Contrato de servizos de redacción de proxecto de “Rehabilitación e transformación da contorna urbana da Gran Vía entre Praza España e Praza América”, expte. 2080-441; Contrato de servizos de redacción dun proxecto de obra de rehabilitación da envolvente exterior do edificio consistorial do Concello de Vigo, expte. 2005-441; Contrato de servizos de redacción de proxecto de “Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura” expte. 1733-441; Contrato de servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de “Nova grada de Gol do estadio municipal de Balaídos”, expte.1992-441; Contrato de servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de “Remodelación da avenida de Madrid. a-55 pp.kk. 0+000 a 2+370. T.M. de Vigo. provincia de Pontevedra”, expte. 2039-441; etc...) e non supuxo obstáculo algún a elaboración de ofertas por partes dos licitadores, nin se formularon alegacións aos mesmo ni foron obxecto de recurso especial en materia de contratación na fase de licitación. Moitos deles xa foron executados e finalizados con éxito a data de hoxe, e outros aínda se atopan en fase de execución.



Concello de Vigo

Asemade, debe terse en conta o alcance e obxecto do contrato, que comprende a redacción de proxectos construtivos de obras de pequena envergadura consistentes, por unha banda, na restauración ou mellora superficial do pavimento existente, que non implica unha reconstrución completa da infraestrutura viaria nin grandes modificacións existentes, senón que se centra en recuperar as características técnicas e funcionais da vía, estendendo a súa vida útil e mellorando as condicións de seguridade viaria (Lote 1), e por outra banda, na execución de beirarrúas e ordenación de espazos para aparcadoiros e situación de colectores do lixo en determinados tramos de vías, co obxecto de mellorar a seguridade viaria (Lote 2)

E por iso polo que o servizo xestor, en base ao exposto, e na experiencia na tramitación, licitación e execución doutros contratos de similares características licitados nos últimos anos no Concello de Vigo, en base aos prezos de contratos adxudicados anteriormente, estimou o equipo mínimo necesario para a execución do contrato, as categorías profesionais ou postos de traballos necesarios, así como a dedicación necesaria para a correcta execución dos traballos obxecto do contrato, en relación á duración do contrato e a carga de traballo requirida.

Polo que non pode afirmarse, como sinala a recorrente, que o prezo do contrato fixérase de forma arbitraria o desproporcionada, senón que o prezo do contrato fixouse en base a estes custos directos de persoal e materiais e custos indirectos, sendo adecuado aos prezos de mercado, respectando o establecido no artigo 100.2 e 102.3 da LCSP.

3.- Respecto do fundamento TERCEIRO. INCERTIDUMBRE SOBRE LOS ESTUDIOS GEOTÉCNICOS - VULNERACIÓN DEL ART. 100.2 LCSP

AGEINCO indica neste apartado diversas consideracións, das que se presentan a continuación extractos literais, a modo de resumo:

“El PPT exige un Anexo de Geología y Geotecnia pero no aclara si los ensayos son a cuenta del contratista ni se cuantifica su coste. Esto afecta directamente a la planificación económica de las ofertas y constituye una omisión sustancial. No se indica si el licitador es el encargado de realizar los ensayos a su coste o si dicho coste lo sufraga el Ayuntamiento.”

A inclusión dunha análise de xeoloxía e xeotecnia no proxecto é obrigatoria e así ben recollido na lexislación vixente, se ben será o proxectista o que deberá xustificar a necesidade de inclusión ou non de: 1) un estudo de xeoloxía e xeotecnia presentado en anexo específico e 2) se ese estudo necesita a realización de ensaios xeolóxicos ou xeotécnicos.

Se estima no PPT, en base a ampla experiencia de redacción e execución de programas de asfaltados e execución de beirarrúas historicamente, que non é necesario a realización de ensaios dun modo obrigatorio nin específico.

Hai que ter en conta que as actuacións de rehabilitación de firme superficial e execución de beirarrúas en viais existentes non modifican as cargas sobre os viais

existentes, xa que actualmente son ámbitos de circulación de vehículos que trala execución das obras seguirán co mesmo uso rodado (incluso nalgúns casos do lote 2 diminúen as cargas xa que ámbitos actuais de circulación de vehículos poden pasar a ser beirarrúas despois das obras). É por isto que non se esixe na documentación do PPT a realización de ensaios xeolóxicos nin xeotécnicos (tampouco a eventual redacción de Anexo de Xeoloxía e Xeotecnia obrigaría a súa realización), Tendo en conta estas consideracións non se esixe nin se cita no apartado 3 do PPT (onde se desenrola o alcance detallado dos traballos) a realización de ensaios xeotécnicos especificamente. Si que se indica pola contra, a realización de estudio topográfico, o cal se valora na memoria económica especificamente.

Tales consideracións son as que se levan aplicando historicamente en proxectos desta tipoloxía tramitados no Concello de Vigo e noutras administracións, xa que tendo en conta que as obras se realizarán en zonas consolidadas, que non implican aparición de novas cargas sobre os ámbitos de traballo, se considera que non é necesario a realización de ensaios sobre o terreo para a redacción de proxectos o cal é o habitual nesta tipoloxía de actuacións.

Respecto á imputación dos gastos de ensaios, se os houbera, o apartado 6.2 do PPT de “Condicións xerais para o desenvolvemento do contrato” especifica no seu apartado 7 que se entenden incluídos no prezo do contrato os honorarios e gastos necesarios para a realización de estudos xeotécnicos, polo que si se indica claramente que o licitador sería o encargado da realización do citado estudio ao seu custe dentro do marco económico do contrato.

4.- Respecto do fundamento CUARTO. INEXISTENCIA DE MÉTRICA CLARA PARA EL ABONO POR ENTREGABLES - ARTS. 102 Y 198 LCSP

AGEINCO indica neste apartado diversas consideracións, das que se presentan a continuación extractos literais, a modo de resumo:

“Los pliegos no detallan los mecanismos de certificación o de abono por fase (programa de trabajos, estudios previos, proyecto básico y de ejecución). Esta omisión genera una inseguridad jurídica sustancial respecto al modo en que se retribuirá la prestación. Aunque en las aclaraciones se introduce un esquema de pagos, los hitos se vinculan a un número de calles o beirarrúas no predeterminado, que el contratista debe proponer. Por tanto, no existe una unidad objetiva de certificación que permita prever el flujo de caja del contrato. Nuevamente esto genera incertidumbre sobre la facturación y el equilibrio financiero de la prestación, en infracción del artículo 102 LCSP y de las exigencias de trazabilidad presupuestaria.”

Esta afirmación non é correcta. Tal e como xa se expuxo anteriormente nas aclaracións emitidas en data 5 de xuño de 2025, a petición da recorrente, a memoria recolle no seu apartado 5 o réxime de pagamento, en función da execución e posterior entrega dunha serie de traballos definidos no PPT.

O obxecto deste contrato consiste na redacción dos proxectos de execución das obras de “RENOVACIÓN DO PAVIMENTO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E



Concello de Vigo

DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”, o cal se divide en dous lotes diferenciados:

- Lote 1: “Redacción do proxecto de execución das obras de renovación do aglomerado en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”. A relación de vías que precisan da renovación do seu aglomerado atópase delimitada no Anexo 1 ao PPT, indicando a súa lonxitude, ancho, superficie, o orzamento de execución material estimado para a súa renovación, e as observacións relativas a posibles afeccións .*
- Lote 2: “Redacción do proxecto de execución das obras de construción das beirarrúas en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”. A relación de vías que precisan da execución de beirarrúas atópase delimitada no Anexo 2 ao PPT, indicando a súa lonxitude, o orzamento de execución material estimado para a súa execución, e as observacións relativas a posibles afeccións .*

En ambos casos, debido o número de viarios obxecto do contrato (288 no caso do Lote 1 e 71 no caso do Lote 2), o PPT no seu apartado 3.2 establece que cada un dos proxectos dividírase a súa vez en lotes. O número de lotes e a súa composición determinarase durante a redacción dos proxectos, a proposta do contratista, tendo en consideración o estado dos viais, a súa situación e a magnitude de cada unha das actuacións.

Por elo, decidiuse elaborar o seguinte réxime de pagos, en función do alcance dos traballos efectuados, polo que a facturación dos traballos realizarase da seguinte maneira:

- O 20% do prezo do contrato trala entrega e aceptación da documentación correspondente á segunda fase prevista na cláusula 3.2 do PPTP.*
- O 30% do prezo do contrato:*
 - Lote 1: trala entrega e aceptación dos proxectos definitivos de execución das obras -e a súa documentación correspondente recollida na cláusula 3.4.3 do PPTP- das primeiras 75 rúas (tendo en conta que no Anexo I se indican 288 vías, supón aprox. 26,04% do alcance do obxecto do lote 1 do contrato).*
 - Lote 2: trala entrega e aceptación dos proxectos definitivos de execución das obras -e a súa documentación correspondente recollida na cláusula 3.4.3 do PPTP- , das primeiras 15 beirarrúas (tendo en conta que no Anexo 2 se indican 71 vías, supón aprox. 21,13% do alcance do obxecto o lote 2 do contrato).*
- O 30% do prezo do contrato:*
 - Lote 1: trala entrega e aceptación dos proxectos definitivos de execución das obras -e a súa documentación correspondente recollida na cláusula 3.4.3 do PPTP- das seguintes 100 rúas. (tendo en conta que no Anexo I se*

indican 288 vías, supón aprox. 56,6% do alcance do obxecto do lote 1 do contrato).

- Lote 2: trala entrega e aceptación dos proxectos definitivos de execución das obras -e a súa documentación correspondente recollida na cláusula 3.4.3 do PPTP- , das seguintes 20 beirarrúas. (tendo en conta que no Anexo 2 se indican 71 vías, supón aprox. 60,76% do alcance do obxecto o lote 2 do contrato).
- O 20% do prezo do contrato trala entrega e aceptación dos restantes proxectos definitivos de execución das obras de cada lote e a súa documentación correspondente recollida na cláusula 3.4.3 do PPTP.

Esta forma de pago establecida na memoria económica e reflectida no PCAP reitor do contrato pretende acompañar o pagamento do prezo do contrato coa execución do obxecto do contrato, de maneira que no se prexudique os intereses económicos do contratista, polo que non se pode concluír que exista incerteza sobre o réxime de pago e facturación que alega a recorrente.

Por último, subliñar que o pasado día 16 de xuño de 2025 finalizou o prazo de presentación de ofertas ao procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”, obxecto do presente recurso, presentándose 5 ofertas ao dito procedemento, por encima da media das ofertas presentadas nos últimos procedementos de licitación do Concello de Vigo, cun obxecto e características similares:

CONTRATO TIPO	IMPORTE LICITACIÓN	FECHA ANUNCIO LICITACION	N.º LICITADOR ES PRESENTA DOS
<i>Contrato de servizos de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis , expte. 1641-441</i>	84.118,5 €	30-08-2023	2
<i>Contrato de servizos de redacción de proxecto de “Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura” expte. 1733-441</i>	288.591,96 €	11-12-2023	3
<i>Contrato de servizos de redacción de proxecto de “Rehabilitación e transformación da contorna urbana da Gran Vía entre Praza España e Praza América”, expte. 2080-441</i>	293.566,81 €	12-11-2024	4



Concello de Vigo

<i>Contrato de servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Nova grada de Gol do estadio municipal de Balaídos", expte.1992-441</i>	480.621,68 €	17-09-2024	3
<i>Contrato de servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Remodelación da avenida de Madrid. a-55 pp.kk. 0+000 a 2+370. T.M. de Vigo. provincia de Pontevedra", expte. 2039-441</i>	227.131,52 €	08-10-2024	3
<i>Contrato de servizos de redacción dun proxecto de obra de rehabilitación da envolvente exterior do edificio consistorial do Concello de Vigo, expte. 2005-441</i>	173.975,92 €	18-11-2024	3
Contrato de servizos de redacción dos proxecto de execución das obras de "renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo"	337.800,54 €	18-05-2025	5

En consecuencia, a afirmación que fai a recorrente de que existe unha indeterminación do obxecto do contrato, unha insuficiente desagregación orzamentaria, ou incerteza sobre os estudos xeotécnicos e ausencia de criterios claros de retribucións dos traballos, que impida a elaboración e presentación de ofertas ao devandito procedemento de contratación, non se corresponde coa realidade do procedemento de contratación obxecto deste recurso especial en materia de contratación, no que se recibiron máis propostas de licitadores que calqueira contrato de servizos similar licitado no Concello de Vigo nos últimos anos".

Podemos concluir, á vista do informe técnico da área xestora, que o obxecto do contrato non é indeterminado, senón pola contra, está perfectamente definido. Cabe recordar en este punto que o órgano de contratación goza de discrecionalidade á hora de fixar a maneira de cubrir a necesidade pública que se trata de satisfacer co contrato, e de definir o obxecto do contrato e as demais características do mesmo, así como os criterios de adxudicación do mesmo. Así o considera a doutrina tanto xurisprudencial como a derivada dos órganos consultivos e dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación. Citaremos por todas a resolución nº 322/2020 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de data 5 de marzo de 2020, que di no seu fundamento xurídico sétimo que:

"Este Tribunal en la Resolución 220/2017, de 24 de febrero, que con cita a la Resolución 250/2015, de 23 de marzo, y, la Resolución 756/2014, afirmaba:

“pues bien, debe tenerse presente (...) lo dispuesto en los artículos 86 y 117.2 del TRLCSP, con arreglo a los cuales el contrato debe ajustarse a los objetivos que la Administración contratante persigue para la consecución de sus fines, correspondiendo a ésta apreciar las necesidades a satisfacer con el contrato y siendo la determinación del objeto del contrato una facultad discrecional de la misma, sometida a la justificación de la necesidad de la contratación y a las limitaciones de los artículos 22 y 86 del TRLCSP. Por ello, como ha reconocido este Tribunal en las Resoluciones, 156/2013, de 18 de abril y 194/2013, de 23 de mayo, la pretensión de la recurrente no puede sustituir a la voluntad de la Administración en cuanto a la configuración del objeto del contrato y a la manera de alcanzar la satisfacción de los fines que la Administración pretende con él (Resolución 756/2014, de 15 de octubre).”

En este mismo sentido, hemos de citar la Resolución número 1509/2019, de 26 de diciembre, donde decíamos:

“De acuerdo con el texto del citado precepto, al órgano de contratación se le encomienda la facultad de decidir discrecionalmente sobre la forma de velar por los intereses públicos, y con ello de configurar libremente cuál va a ser el objeto del contrato a licitar y sus prestaciones. Es más, la discrecionalidad legal de la que goza el órgano de contratación, se extiende también a la facultad de definir y determinar los criterios técnicos a consignar en los pliegos. Citábamos en nuestras Resoluciones 609/2015, 688/2015, 699/2015 y 834/2015, la Resolución 548/2014, de 18 de julio, (fundamento octavo), donde decíamos a su vez “que debe partirse de la existencia de un amplio margen de discrecionalidad para el órgano de contratación a la hora de definir los requisitos técnicos que han de exigirse. Cabe citar en este sentido el informe de la Junta Consultiva de Navarra 2/2009:

“La determinación de los criterios técnicos en los pliegos, así como su aplicación concreta por la mesa de contratación, son libremente establecidos por las entidades adjudicadoras de contratos públicos, dentro de los límites de la ciencia y la técnica, por ser ellas las que mejor conocen las necesidades públicas que deben cubrir y los medios de los que disponen y que no son susceptibles de impugnación, salvo en los casos de error patente o irracionalidad””.

Corresponde, en definitiva, al órgano de contratación, definir el interés público a satisfacer con el contrato de suministros, fijar su objeto, así como los requisitos técnicos que han de exigirse para su correcta ejecución (Resolución 548/2015). La definición del objeto del contrato, decíamos en la Resolución 468/2018, de 11 de mayo, constituye una facultad discrecional, y por ello, se insiste, “la pretensión del recurrente no puede sustituir a la voluntad de la Administración en cuanto a la configuración del objeto del contrato y a la manera de alcanzar la satisfacción de los fines que la Administración pretende con él” (también, Resoluciones 156/2013, de 18 de abril, y 194/2013, de 23 de mayo)”.

Do citado informe técnico tamén se desprende que o desagregamento do prezo do contrato, en especial con respecto aos custes salariais, cumpre cos requisitos esixidos no artigo 100 da LCSP. A doutrina dos tribunais especiais aclara en que contratos se pode esixir o desagregamento e a forma de facelo. Así, a Resolución nº 633/2019, de 13 de xuño, do Tribunal Administrativo Central de Recursos



Concello de Vigo

Contractuales puntualiza no fundamento xurídico undécimo que *“dicha determinación legal no se aplica a los contratos de suministro ni a los de obras, y tampoco a todos los de servicios, sino solo a algunos de estos, que serán aquellos en que concurre el requisito especificativo de que los costes salariales de los trabajadores empleados en la ejecución formen parte del precio total del contrato”*, suposto este último do contrato que nos ocupa. O desagregamento dos custes salariais deberá realizarse tal e como determina a Resolución nº 360/2020, de 12 de marzo, do citado TACRC no fundamento xurídico sexto *“implica no solo que sea un coste, sino que sea precio, es decir, que forme parte del precio como un elemento de él, esto es, integre el precio porque éste se fije por unidades de trabajo y tiempo, tales como precio por trabajador/día o mes o años o por horas o por bolsas adicionales de horas, o por trabajos extraordinarios, o por días laborables o por días festivos”*. Como indica á área xestora, *“tendo en conta o convenio colectivo de aplicación - XX Convenio colectivo nacional de empresas de ingeniería, oficinas de estudios técnicos, inspección, supervisión y control técnico y de calidad-, que establece unha xornada laboral de 1.792 horas no seu artigo 22, e tendo en conta novamente a duración do contrato, que é de seis meses, e as dedicacións necesarias establecida no PPT, extráese, cun simple e sinxelo cálculo, as horas previstas para cada unha das categorías profesionais ou postos de traballos”*.

E finalizamos as conclusións afirmando que, tanto a necesidade de realizar ou non estudos xeotécnicos, e neste caso, de que consten en documento anexo, están perfectamente definidas no prego de prescricións técnicas, e a forma de pago no prego de cláusulas administrativas particulares, acompañada á realización das diferentes prestacións obxecto do contrato.

Á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación das alegacións do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ao longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión para o caso de que acorde admitir o recurso.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto polo ilustre Colegio oficial de ingenieros industriales de Galicia, contra os pregos que rexen o procedemento.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/06/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do concello de Vigo” (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do concello de Vigo” (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 16 de maio de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do concello de Vigo”, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 20 de maio de 2025 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 16 de xuño as 23.59.

Terceiro.- En data 9 de xuño de 2025, D. Julio García Cordonié, en nome e representación do ILUSTRE COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA (no sucesivo ICOIIG ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o Prego de cláusulas administrativas Particulares que rexe a presente licitación.

Cuarto.- Durante o prazo de presentación de ofertas presentaron proposición os seguintes licitadores:

1. AMBITEC INGENIERÍA Y CONSULTORÍA AMBIENTAL S.L
2. CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. - CYGSA
3. G.O.C., S.A.
4. GALAICONTROL, S.L.
5. INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

Quinto.- En data 18 de xuño de 2025, a área xestora do expediente, Servizos Xerais, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación os pregos que rexen a contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do concello de Vigo”.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición



Concello de Vigo

transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.



Concello de Vigo

- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais.

Así, a Resolución 212/2024 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de 15 de febreiro de 2024 di que:

“En aplicación del artículo 48 de la LCSP ha de analizarse si la entidad recurrente ostenta legitimación activa para la interposición del recurso. Establece dicho precepto que “podrá interponer el correspondiente recurso especial en materia de contratación toda persona física o jurídica cuyos derechos e intereses legítimos, individuales o colectivos, se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta, por las decisiones objeto del recurso”

Reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo manifiesta que el interés legítimo abarca todo interés material o moral que pueda resultar beneficiado con la estimación de la pretensión ejercitada, siempre que no se reduzca a un simple interés por la pura legalidad, en cuanto presupone que la resolución a dictar puede repercutir, directa o indirectamente, de un modo efectivo y acreditado, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien recurre o litiga”

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na Resolución 689/2023, de 30 de maio, analizando a lexitimación dun colexio profesional, no seu fundamento xurídico cuarto conclúe que: *“la jurisprudencia y también la doctrina de*

este Tribunal ha reconocido la legitimación de los Colegios Profesionales para impugnar aquellas disposiciones o actos de naturaleza contractual que pudieran afectar a sus intereses profesionales, si bien precisando que tan amplia legitimación no puede suponer en ningún caso el reconocimiento de una suerte de acción popular que habilite a las Corporaciones de Derecho Público para intervenir en cualquiera cuestiones sin más interés que el meramente abstracto de defensa de la legalidad supuestamente violada. Lo cual se ha traducido en la práctica en el reconocimiento de su legitimación activa para impugnar los Pliegos en defensa de los intereses profesionales de sus afiliados'. Pues bien, figurando entre los fines de estas Corporaciones la defensa de los intereses profesionales de sus miembros, ha de entenderse, conforme a la doctrina citada, que ostentan legitimación para recurrir unos pliegos que, por las razones que luego se expondrán, consideran restrictivos de la concurrencia y limitativos de la libertad de acceso a las licitaciones". Consideraciones que, a la vista de las circunstancias concurrentes, son plenamente aplicables al supuesto que se examina en los términos que exponemos a continuación. El artículo 48 de la LCSP configura con gran amplitud el concepto de legitimación para interponer el recurso especial en materia de contratación y habilita a los colegios profesionales para recurrir aquellos actos que pudieran afectar a sus intereses profesionales. Ahora bien, tal legitimación no puede ser tan ampliamente interpretada de suerte que puedan impugnar los actos y disposiciones generales dictados en el procedimiento de contratación denunciado infracciones de legalidad ordinaria sin conexión directa con un beneficio o perjuicio real y efectivo para los intereses que representan."

É dicir, os colexios profesionais deben probar un interese en sentido propio, específico e cualificado no acto impugnado, que se traduza nun beneficio ou prexuízo real e efectivo para os seus colexiados.

En opinión da informante, dos motivos alegados por ICOIIG procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.



Concello de Vigo

- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberánse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 9 de xuño de 2025. Dado que o anuncio publicouse no DOUE e no perfil de contratante o día 20 de maio de 2025, o recurso foi presentado no prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O ICOLIIG formula unha única alegación, solicita que o Tribunal anule a cláusula 6.5.2 do PPT que rexe este contrato, relativa ao equipo de Recursos Humanos. Está cláusula, tras establecer a obriga da empresa contratista de dispor dos medios humanos necesarios para levar a cabo os traballos obxecto do contrato, a

continuación enumera o persoal que comporará o equipo mínimo. O recorrente considera que *“no procede limitar a la titulación de “Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos o titulación equivalente” los puestos de “Director de los trabajos” y “Técnico proyectista” (alegación primeira). Fundamenta a impugnación, na alegación segunda, no rexeitamento ao principio de exclusividade e na prevalencia do principio de liberdade con idoneidade “Conforme reiterada jurisprudencia, “la posibilidad de que una actividad concreta pueda atribuirse, por su especificidad, a los profesionales directamente concernidos, debe ser valorada restrictivamente, toda vez que la regla general sigue siendo la de rechazo de esa exclusividad y que frente al principio de exclusividad debe prevalecer el de libertad con idoneidad (por todas, sentencia del TS de 22.04.09 -Aranz. 2982-), principio, este último, coherente con la jurisprudencia del TJUE sobre la libre concurrencia (SSTJUE de 20.09.88 y de 16.09.99)”*. Cita a continuación diversas sentencias así como resolucíons de tribunais especiais en materia de contratación que avalan a súa tese.

Remata o seu recurso relacionando na alegación terceira a competencia dos enxeñeiros industriais.

O certo é que, a xuízo da informante, o recorrente interpretou erroneamente a cláusula que impugna. Na mesma non se establecen uns medios persoais mínimos nin se configuran como requisito de solvencia. Pola contra, establecece a obriga do contratista de contar co persoal suficiente para desenvolver os traballos obxecto do contrato e se enumera un equipo mínimo. Para cada un dos membros deste equipo mínimo se establecen as titulacíons que tecnicamente parecen máis axeitadas para o desempeño destes cometidos, o que non obsta para que o contratista, se así o estima oportuno, designe a persoal que ostente outras diferentes por canto nos citados perfís se sinalan ademais da titulación que se require calquera outra equivalente:

Director dos traballos	- Enx. Camiños, canais e portos ou titulación equivalente á titulación anterior
Técnico/a proxectista	- Enx. Camiños, canais e portos ou titulación equivalente á titulación anterior ou - Enx. técnica Obras Públicas ou titulación equivalente á titulación anterior

O certo é que as enxeñerías relativas á obra civil e a industrial comparten competencias en materia de infraestruturas. Se ben no eido da renovación de pavimentos e de execución de beirarrúas, actuacións obxecto dos lotes deste contrato, que redundan nunha maior seguridade viaria, as competencias correspóndenlle especificamente aos enxeñeiros civís.

Esta Administración comparte a tese defendida polo recorrente da prevalencia do principio de liberdade con idoneidade consolidado na doutrina tanto xurisprudencial como consultiva ou derivada das resolucíons dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación. Citaremos por todas a resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales nº 517/2017, de 8 de xuño de 2017, que no seu fundamento de dereito sexto:



Concello de Vigo

“En efecto, si acudimos a la doctrina jurisprudencial dictada en esta materia, de su examen cabe destacar una idea fundamental: frente al principio de exclusividad y monopolio competencial ha de prevalecer el principio de “libertad con idoneidad” (por todas, STS de 21 de octubre de 1987 (RJ 1987,8685) , de 27 de mayo de 1998 (1998,4196), o de 20 de febrero de 2012 (JUR 2012, 81268) , principio este último coherente con la jurisprudencia del TJUE sobre la libre concurrencia (SSTJUE de 20 de septiembre de 1988 y de 16 de septiembre de 1999), debiendo dejarse abierta la entrada para el desarrollo de determinada actividad, como regla general, a todo título facultativo oficial que ampare un nivel de conocimientos técnicos que se correspondan con la clase y categoría de las actividades a desarrollar (STS de 10 de julio de 2007 (RJ 2007, 6693)). En este sentido, en la STS de 22 de abril de 2009 (RJ 2009, 2982) se afirma lo siguiente: “[...] Con carácter general la jurisprudencia de esta Sala viene manteniendo que no puede partirse del principio de una rigurosa exclusividad a propósito de la competencia de los profesionales técnicos, ni se pueden reservar por principio ámbitos excluyentes a una profesión, y aun cuando cabe la posibilidad de que una actividad concreta pueda atribuirse, por su especificidad, a los profesionales directamente concernidos, esta posibilidad debe ser valorada restrictivamente, toda vez que la regla general sigue siendo la de rechazo de esa exclusividad, pues [...] la jurisprudencia ha declarado con reiteración que frente al principio de exclusividad debe prevalecer el de libertad con idoneidad, ya que, al existir una base de enseñanzas comunes entre algunas ramas de enseñanzas técnicas, éstas dotan a sus titulados superiores de un fondo igual de conocimientos técnicos que, con independencia de las distintas especialidades, permiten el desempeño de puestos de trabajo en los que no sean necesarios unos determinados conocimientos sino una capacidad técnica común y genérica que no resulta de la titulación específica obtenida sino del conjunto de los estudios que se hubieran seguido”. Es importante destacar que no se trata del reconocimiento de un derecho a la igualdad de todos los profesionales, sino de aquéllos que tienen la “capacidad técnica real para el desempeño de las respectivas funciones”. En definitiva, la jurisprudencia rechaza el monopolio de competencias a favor de una profesión técnica determinada al mantener la necesidad de dejar abierta la entrada a todo título facultativo oficial que ampare un determinado nivel de conocimientos técnicos. Idéntico criterio ha sido mantenido por este Tribunal en Resoluciones 112/12, de 16 de mayo de 2012 y 310/2013, de 24 de julio de 2013, citadas todas ellas en la nº 595/2015. Debe tenerse en cuenta en la aplicación del principio de libertad con idoneidad que ha de regir la solvencia técnica de las licitaciones la formación académica exigida en cada titulación en relación con las características del objeto del contrato en cuestión”.

No entanto, non é menos certo que o órgano de contratación goza de liberdade para configurar o equipo mínimo para a realización dos traballos obxecto do contrato, sempre e cando respecte o principio de proporcionalidade e non se fixe un monopolio dunha determinada profesión en detrimento de outras, o que pode derivar nunha restrición da competencia limitando as empresas que poden concorrer á licitación en función dos técnicos que compoñen as súas plantillas. Argumento recollido na resolución citada, como veremos, que se refire a un suposto similar ao que nos ocupa. O recurso foi interposto polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, que reclamaba que nalgún dos medios persoais esixidos

requiríanse arquitectos ou enxeñeiros industriais, sendo así que os seus cometidos poderían ser desempeñados por enxeñeiros de camiños. O fundamento xurídico sétimo determina que:

“la cuestión que debe dilucidarse es si los pliegos que rigen la contratación vulneran el principio de discriminación en la contratación administrativa por no haber previsto en los pliegos que el equipo mínimo para realizar dos actividades específicas como son la redacción de los proyectos de actividad y la dirección parcial de las instalaciones (dos de las diez actividades previstas) pudiera estar formado exclusivamente no solo por los profesionales que menciona sino igualmente por un ingeniero de caminos, canales y puertos.

Sin poder sino afirmar que los ingenieros de caminos, canales y puertos pueden estar perfectamente capacitados para realizar estas dos actividades de las diez que constituyen el objeto del contrato y que definen los pliegos, no es menos cierto que el principio de proporcionalidad y su aplicación práctica requiere una ponderación de los intereses en juego: por una parte la libertad del órgano de contratación para designar como requisito de solvencia técnica el equipo mínimo necesario para la ejecución del contrato y por otra, evitar que una determinada profesión suponga en la práctica el ejercicio de un monopolio con la consecuente restricción a la competencia para aquellas empresas que no cuentan con titulados en la misma, pero sí con otros cuya competencia y capacidad sea igualmente admitida para la realización de actividades por nuestro ordenamiento jurídico.

Pues bien, dado lo limitado de las actividades que como objeto del contrato se circunscriben a unos profesionales y no a otros, la posibilidad de que el equipo mínimo de otras de estas actividades pueda estar formado por un ingeniero de caminos, canales y puertos al corresponder, según los pliegos, esta función a arquitecto técnico o titulación equivalente y al hecho de que nada impide a las empresas que para todas y cada una de las actividades objeto del contrato cuenten con un equipo mayor al mínimo exigido, integrado o no, por ingenieros de caminos, canales y puertos debe entenderse que el principio de proporcionalidad no se ha vulnerado en los pliegos analizados, al permitir que puedan concurrir a la licitación para la que rigen, empresas que cuenten con un equipo facultativo en el que se designe a un ingeniero de caminos, canales y puertos o a otro titulado (el específicamente determinado en los pliegos) como equipo único para algunas actividades, así como para el resto de actividades, formando parte de un equipo más amplio que lo que constituye propiamente el equipo mínimo previsto en los pliegos. De este modo, procede la desestimación del recurso”.

No caso que nos ocupa, tal e como manifesta o servizo xestor no seu informe, a elección de determinados profesionais para o equipo mínimo fixado no PPT obedece a razóns técnicas, se ben, no entanto se admite que sexan desempeñadas por profesionais con titulacións equivalentes.

Reprodúcese a continuación o informe da área xestora do expediente, de 18 de xuño de 2025, sobre os motivos de impugnación esgrimidos polo recorrente:

“O contrato de servizos de redacción de proxectos obxecto do recurso divídese en dous lotes:



Concello de Vigo

Lote 1: “Redacción do proxecto de execución das obras de renovación do aglomerado en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”

Lote 2: “Redacción do proxecto de execución das obras de construción das beirarrúas en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”

Os proxectos desenvolverán, no caso do lote 1, as actuacións necesarias para a rehabilitación do firme e no caso do lote 2, desenrolarán as actuacións necesarias dotar as vías de beirarrúas.

O Prego de Prescricións Técnicas (PPT) establece no seu apartado 2.4.1, para o lote 1, que o proxecto desenrolará as actuacións necesarias para a rehabilitación do firme co obxecto de conservar e mellorar as características funcionais, tanto en seguridade como en comodidade, para o uso do tráfico rodado da vía. Para o lote 2 no apartado 2.4.2 establece que o proxecto desenrolará as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria e a accesibilidade, dotando ás vías de beirarrúas.

Asemade o PPT establece no seu apartado 6.5 que o contratista disporá dos medios humanos necesarios para levar a cabo os traballos obxecto do contrato.

Asemade establece un equipo mínimo que deberá estar composto por:

- Un director dos traballos, coa titulación de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou enxeñeiro técnico de obras públicas ou titulacións equivalentes ás titulacións anteriores.*
- Dous técnicos proxectistas, coa titulación de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou enxeñeiro técnico de obras públicas ou titulacións equivalentes ás titulacións anteriores.*
- Un topógrafo, coa titulación de enxeñeiro técnico en topografía ou titulación equivalente á titulación anterior*
- Un coordinador de seguridade e saúde ou técnico en seguridade e saúde coa titulación de enxeñeiro de camiños, canais e portos, enxeñeiro técnico de obras públicas, enxeñeiro industrial, enxeñeiro técnico industrial, arquitecto, arquitecto técnico ou titulacións equivalentes ás titulacións anteriores; con formación complementaria en prevención de riscos laborais (Curso de Coordinador de Seguridade e Saúde en obras de construción ou Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais - especialidade en Seguridade no Traballo).*

As actuacións obxecto do contrato afectan directamente a elementos estruturais e funcionais da infraestrutura viaria, requirindo coñecementos específicos en materia de xeotecnia, materiais de pavimentación, rehabilitación de firmes, seguridade vial, drenaxe, trazado e normativa de

estradas, así como experiencia na planificación e deseño de obras públicas no ámbito da enxeñería civil. Ditas competencias están especificamente contempladas nos plans de estudo e atribucións profesionais dos enxeñeiros de camiños, canais e portos e dos enxeñeiros técnicos de obras públicas, conforme á lexislación vixente.

Esta limitación en relación ás titulacións do equipo mínimo requirido, non é arbitraria nin discriminatoria, senón que responde á natureza dos traballos a executar, que comprenden actuacións moi específicas de rehabilitación de firmes e execución de obra civil de beirarrúas, todas elas baseadas na mellora da seguridade viaria, como queda especificado no apartado 2.4 do PPT e no propio desenrolo do programa de necesidades para a redacción do proxecto do mesmo apartado do PPT, onde se inclúe o alcance das actuacións proxectadas para cada rúa, resumindo:

Lote 1: Rehabilitación do firme de calzada, colocación de elementos de calmado de tráfico, pintado de sinalización horizontal, colocación de sinalización vertical e de barreiras de seguridade, así como a adopción de solucións noutros elementos das vías que se poidan ver afectados pola execución.

Lote 2: Execución de beirarrúas, execución de pasos de peóns, sinalización horizontal, sinalización vertical, colocación de mobiliario urbano, execución da preinstalación (obra civil) de servizos urbanos que se precisen no ámbito de actuación (baixo as beirarrúas ou pasos de peóns), así como a adopción de solucións noutros elementos das vías que se poidan ver afectados pola execución das beirarrúas. do pavimentado dos firmes.

O ordenamento xurídico español, en consonancia co da Unión Europea, determinou que determinadas actividades ou conxunto de actividades profesionais requiren para o seu exercicio estar en posesión de específicas titulacións ou cualificacións profesionais. Trátase das profesións que viñeron a denominarse “profesións reguladas”.

A regulación española das profesións reguladas deriva da incorporación da Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, modificada pola Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, a cal tivo lugar polo Real Decreto 1837/2008, do 8 de novembro (vixente no seu Anexo VIII) e logo polo Real Decreto 581/2017, do 9 de xuño.

Tamén ten reflexo no Real Decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinos universitarios de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para



Concello de Vigo

a Educación Superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores.

A regulación concreta de cada profesión regulada atópase en diferentes ordes ministeriais, que no caso que nos ocupa son as seguintes:

– Orde CIN/309/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, que establece que os enxeñeiros de camiños, canais e portos teñen plena capacidade para planificar, deseñar e xestionar infraestruturas, así como o seu mantemento, conservación e explotación; capacidade para planificar, proxectar, inspeccionar e dirixir obras de infraestruturas de transportes terrestres (estradas, ferrocarrís, pontes, túneles) incluíndo vías urbanas; e capacidade para calquera proxectos de urbanización.

- Orde CIN/307/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, establece que os enxeñeiros técnicos de obras públicas teñen plena competencia para mantemento, conservación e explotación de infraestruturas e capacidade para a construción e conservación de estradas, así como para o dimensionamento, o proxecto e os elementos que compoñen as dotacións viarias básicas.

- Orde CIN/311/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro industrial, establece, entre outros, coñecementos sobre construción, infraestruturas e urbanismo, no ámbito da enxeñería industrial.

Así as cousas, queda claro que o ámbito do traballo deste contrato non é a enxeñería industrial senón a enxeñería civil, xa que a enxeñería industrial non inclúe de forma específica a redacción de proxectos de construción e rehabilitación de firmes e pavimentos viarios, competencia reservada á enxeñería civil, que engloba a profesión de enxeñeiro de camiños, canais e portos e a profesión de enxeñeiro técnico de obras públicas.

En vista do anterior, tanto os enxeñeiros de camiños, canais e portos como os enxeñeiros técnicos de obras públicas son os técnicos competentes en materia de rehabilitación de firmes de calzada e execución de beirarrúas, en materia da seguridade viaria e no ámbito da enxeñería civil, polo que a discrecionalidade técnica non é arbitrariedade senón expresión dunha decisión técnica xustificada en base ao obxecto deste contrato.

Para maior afondamento, as consideracións recollidas no escrito do recorrente e os exemplos indicados que se trasladan na alegación que teñen

competencias os enxeñeiros industriais, fan referencia a procesos relacionados con urbanismo ou redacción de proxectos de planeamento, que nada teñen que ver co que aquí se pretende contratar, que como xa quedou dito son actuacións de mellora da seguridade viaria de viais xa existentes, baseadas na rehabilitación de firmes, execución de beirarrúas, deseño da sinalización de regulación viaria e de barreiras de seguridade principalmente.

Por outra banda, cabe sinalar que a cláusula 6.5.2 do PPTP, establece que a empresa contratista disporá dos medios humanos necesarios para levar a cabo os traballos obxecto do contrato, dispoñendo que contara cun equipo mínimo composto por "Un director dos traballos, coa titulación de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou enxeñeiro técnico de obras públicas ou titulacións equivalentes ás titulacións anteriores; dous técnicos proxectistas, coa titulación de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou enxeñeiro técnico de obras públicas ou titulacións equivalentes ás titulacións anteriores, ...".

O certo é que se trata dunha prescrición técnica de recursos humanos de "mínimos", esixibles á adxudicataria do servizo, polo que non se estima que sendo unha norma de "mínimos", o anterior non impide que a empresa contratista poida incluír entre o persoal competente designado para a redacción dos proxectos de execución das obras de "Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo" ao colectivo dos Enxeñeiros Industriais, aínda que a titulación prevalente e necesaria para os postos de director dos traballos e técnico proxectista, como requisitos de mínimos, será a de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, tendo en conta para iso así mesmo, os criterios establecidos polo órgano de contratación acordes ao disposto na Orde CIN/309/2009 e na Orde CIN/307/2009, non resultando arbitraria a decisión de establecer tales mínimos.

É obrigado lembrar, como establece o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC) na súa Resolución nº 1221/2020, do 13 de novembro de 2020, que o órgano de contratación dispón de marxe para decidir cal é a titulación e esixencia idónea para os medios persoais que deben ser adscritos ao contrato. Neste caso, está xustificada, normativa e tecnicamente, a decisión de que sexan enxeñeiros de camiños, canais e portos e/ou enxeñeiros técnicos de obras públicas.

En definitiva, considerase que a cláusula discutida do PPTP non determina unha exclusión como licitador dos servizos de redacción dos proxectos de execución das obras de "Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo", aos Enxeñeiros Industriais, que poden concorrer á licitación do servizo en igualdade de condicións, cos recursos humanos de "mínimos" establecidos no PPTP, sen que se considere que a resolución recorrida incorra en falta de motivación nin determine discriminación respecto do colectivo de profesionais do colexio de Enxeñeiros



Concello de Vigo

Industriais, de conformidade co disposto no art. 126.1 da LCSP, nin determine tampouco vulneración do establecido na Lei 17/2009, de libre acceso ás actividades de servizos.

Polo tanto, a “non inclusión” dos Enxeñeiros Industriais responde a unha adecuación entre as competencias profesionais requiridas no ámbito da enxeñería civil, e as titulacións habilitantes para conformar o equipo mínimo, non supoñendo unha restrición inxustificada da competencia”.

Á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación das alegacións do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

-VI-

Conclusións

Á vista do exposto ao longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión para o caso de que acorde admitir o recurso.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(464).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO POSTO DE XEFATURA DE COMERCIO. EXPTE. 45699/220.

Visto o informe de fiscalización do 18/06/2025 sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/06/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Comercio, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 28, do martes 11 de febreiro do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 44, do mércores 5 de marzo do 2025.

No Boletín Oficial del Estado núm. 65, do lunes 17 de marzo do 2025, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 8 de abril do 2025 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal consta a presentación de varias persoas aspirantes, aprobándose por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de maio do 2025 a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso de provisión definitiva do posto de traballo, e convocándose á Comisión de Valoración á sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos, para o día 22 de maio de 2025 as 9:00 h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

Constan no expediente as actas da Comisión de Valoración, de datas de sinatura electrónica 23/05/2025 (trámite 117); 10/06/2025 (trámite 123) e 16/06/2025 (trámite 144) contendo ésta última acta a seguinte proposta:

"PRIMEIRO.- Propoñer a adxudicación o posto de traballo de xefa do Servizo Comercio a favor da seguinte aspirante:

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
M. MONROY CASTRO	***826***	25,76	7	32,76

SEGUNDO.- Publicar anuncio no taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello."

Conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria, unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

Consta certificación da exposición do anuncio de puntuación final e proposta de adxudicación do posto de traballo obxecto de convocatoria, publicado en data 17/06/2025, sen prazo algún de alegacións, incorporado como trámite 158 do expediente.

A vista da acta formulada pola Comisión de Valoración en sesión de data 16/06/2025, e visto o procedemento de provisión definitiva desenvolto consonte ás bases rectoras do mesmo, procede elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver conforme ás atribucións competenciais contidas no artigo 127.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita consonte ao establecido no art. 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"PRIMEIRO.- Adxudicar o posto de traballo de Xefe de Comercio do Concello de Vigo, descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, e consonte á proposta efectuada pola Comisión de Valoración contida en acta de data de sinatura electrónica 16/05/2025, a favor do seguinte aspirante:

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
M. MONROY CASTRO	***826***	25,76	7	32,76

SEGUNDO.- Dispoñer que a formalización da toma de posesión realizárase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da resolución da convocatoria publicárase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

CUARTO.- Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo competentes no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(465).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO ARTISTA "THE BLACK KEYS" DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN "VIGO EN FESTAS 2025". EXPTE. 10443/335.

Visto o informe de fiscalización do 18/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista "Black Keys" (10443-335) (PCAP)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “THE BLACK KEYS” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 27 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 29 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 479.765,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 396.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 6 de xuño de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL.

Terceiro.- O 11 de xuño de 2025, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL, presentou a súa oferta a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 12 de xuño de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL

Comprobada a documentación administrativa e sendo esta correcta, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

A continuación ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA” e revisada a proposición, compróbase que se axusta ás esixencias dos pregos.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma”.*

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”*

Cualificada a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP presentada polo licitador no sobre A compróbase que a documentación presentada para a acreditación da solvencia técnica e

profesional non acredita a mesma (que ascende a 335.835,50 €) xa que, presenta un certificado de boa execución por concertos realizados nos anos 2023 e 2024 no que a suma dos importes para o ano 2023 é de 279.389,00 € e, para o ano 2024, de 116.765,00 €. En vista do anterior, acordase outorgar un prazo de 3 días naturais, en base ao disposto na cláusula 17.3 do PCAP, a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL tendo en conta que a cláusula 9.1.4º dispón que se considerará acreditada a solvencia técnica “se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% orzamento base de licitación do contrato” e que os mesmos *“acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”*.

O 13 de xuño de 2025 ás 14:00 horas reúnense novamente a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos que constatan que a licitadora presenta a documentación requirida na mesma data e, comprobada que esta é correcta enténdese emendada a documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional.

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión ás actas do 12 e do 13 de xuño de 2025 de apertura dos sobres A e B e de emenda da documentación de adxudicación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Black Keys” (10443-335) por un prezo total de 479.765,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 83.265,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(466).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARTISTA “CORAL CASABLANCA” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10425/335.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/06/2025, asinado pola técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Coral Casablanca” (10425-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade do artista “Coral Casablanca” (10425-335).

Segundo.- En data 13 de xuño de 2025 procedeuse a realizar a invitación, por parte da Área de Contratación e Novos Proxectos, ao licitador ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Terceiro.- En data 16 de xuño de 2025 recibíuse a través da plataforma de Contratos do Sector Público a proposición presentada polo licitador invitado a esta licitación, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Cuarto.- O día 18 de xuño de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, para a apertura e cualificación da documentación presentada, de acordo co previsto na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

En primeiro lugar, ábrese o “SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL”, e cualificada a mesma e comprobando que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, acordouse admitir neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

A continuación abríuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA” e revisada a mesma, comprobouse que non se axusta ás esixencias dos pregos ao detectarse un erro na mesma xa que a oferta presentada corresponde ao procedemento 10428-335 (“Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Vanesa Martín”).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No procedemento que nos ocupa, procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Coral Casablanca” (10425-33), cursouse invitación a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

A licitadora presentou a súa oferta, en prazo, o 16 de xuño de 2025, tal e como figura no certificado do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, de data 11 de decembro de 2023, presentou, no devandito Rexistro, toda a documentación dos sobres A, B e C.

Tal e como se reflicte na acta de data 18 de xuño de 2025, reunidas a xefa do Servizo de Festas e a técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, proceden, en primeiro lugar, á apertura do sobre A (“Documentación persoal”) e trala súa cualificación proceden a admitir no procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL. A continuación proceden á apertura do sobre B (“Proposición económica”) e revisada a mesma, comprobase que non se axusta ás esixencias dos pregos ao detectarse un erro na mesma xa que a oferta presentada corresponde ao procedemento 10428-335 (“Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Vanesa Martín”). En consecuencia, ao ser o único licitador, compre declarar deserto este procedemento de licitación.

Segundo.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



Concello de Vigo

"1º.-Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista "Coral Casablanca" (10425-33) por existir erro non emendable na presentación da oferta do sobre B.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(467).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez